PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 82

Sesión plenaria
25 de setembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde (doc. núm. 29856, 10/PPL-00020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 295, do 24.04.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais (doc. núm. 30479, 10/PPL-000022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 302, do 09.05.2018

Punto 2. Comparecencia

33267 (10/CPP-000071)
Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar dos acordos acadados coas organizacións sindicais sobre a carreira profesional
Publicación da iniciativa, BOPG nº 335, do 11.07.2018

Punto 3. Mocións

3.1 36836 (10/MOC-000103)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 33303, publicada no BOPG nº 338, do 19.07.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

3.2 36844 (10/MOC-000104)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da CRTVG. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 31746, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

3.3 36854 (10/MOC-000105)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 29368, publicada no BOPG nº 296, do 25.04.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 9863 (10/PNP-000921)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis
Sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de Fomento, no marco do contrato adxudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta
Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

4.2 31236 (10/PNP-002322)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

4.3 33682 (10/PNP-002551)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para que durante a X lexislatura volva asumir integramente o custo dos desprazamentos programados (non urxentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade, garantindo a universalidade e gratuidade deste servizo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 344, do 01.08.2018

4.4 34520 (10/PNP-002593)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013
Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

4.5 35858 (10/PNP-002666)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.6 36056 (10/PNP-002675)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande
Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.7 36072 (10/PNP-002677)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga
Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.8 36148 (10/PNP-002690)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 34252 (10/INT-001140)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e dous deputados/as máis
Sobre as políticas do Goberno galego para afrontar a situación económica e social de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

5.2 34790 (10/INT-001167)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis
Sobre a redución da oferta educativa nos concellos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

5.3 36141 (10/INT-001207)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre a situación ambiental do río Umia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 36974 (10/POPX-000106)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dalgunha actuación para frear a escalada de prezos da electricidade e dos carburantes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

6.2 36975 (10/POPX-000107)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre o restablecemento da situación na CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

6.3 36976 (10/POPX-000108)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a forma da acción de goberno da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 36955 (10/PUP-000193)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis
Sobre a repercusión temporal que supón, no remate das actuacións anunciadas no barrio da Residencia, na cidade de Lugo, a decisión da Xunta de Galicia de deixar sen efecto os acordos referidos á retrocesión do pavillón xeral e do edificio da Escola.
Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.2 33580 (10/POP-003887)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis
Sobre o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais ciudades galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

7.3 35397 (10/POP-004157)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar as retencións que se veñen producindo na AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

7.4 35802 (10/POP-004224)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da fábrica de Sargadelos, en Cervo, así como o futuro da empresa
Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

7.5 36853 (10/PUP-000190)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e oito deputados/as máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia diante do anuncio de rescisión do contrato de subministración de enerxía eléctrica por parte de Naturgy á industria galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.6 36962 (10/PUP-000191)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación dos recursos necesarios ao IES de Brión e ao CEIP Padre Feijoo de Allariz
Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.7 36969 (10/PUP-000192)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luís e trece deputados/as máis
Sobre as actuacións previstas pola consellaría para cubrir as necesidades de persoal docente e de infraestruturas no curso escolar 2018-2019
Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.8 34222 (10/POP-004036)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis
Sobre a ampliación do servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

7.9 36127 (10/POP-004280)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as razóns do Goberno galego para anunciar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos despois da votación no seo da Unión Europea que negaba esa posibilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 17.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 19.) *e Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 22.)

Rolda de réplica: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 25.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 33.), *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 35.) *e Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 38.)

Rolda de réplica: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 41.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Socialista, de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías das prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar dos acordos acadados coas organizacións sindicais sobre a carreira profesional. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 45.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 49.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 52.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 55.) *e Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 58.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 61.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 64.) *Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 65.), *o señor Torrado Quintela (S)* (Páx. 66.), *a señora Solla Fernández (EM)* (Páx. 68.), *o señor Núñez Centeno (P)* (Páx. 70.) *e o señor conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 72.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 74.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén por unha cuestión de orde (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx.75 .)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 78.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 79.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 81.)

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 83.)

Suspéndese a sesión ás dúas e once minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto da tarde.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª María de los Ángeles Cuña Bóveda e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da CRTVG. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 84.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 85.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 88.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 90.) *e Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 92.)

A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 94.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 96.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 100.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 101.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 103.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 106.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da CRTVG: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de Fomento, no marco do contrato adxudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 108.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 113.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 115.) *e Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx.116.)

O señor Fernández Prado (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 118.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 120.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 121.) *e Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 124.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 126.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Balseiros Guinarte (P).* (Páx. 128.)

O Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 131.) *e o Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 132.) *interveñen para posicionarse respecto das emendas.*

Suspéndese a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a deputada dona María de la Concepción Burgo López.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Primeiro punto, textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e todas.

Traemos dende o Grupo Socialista novamente —como nos últimos tempos especialmente, aínda que sempre en termos xerais— unha preocupación sobre o sistema sanitario. A nosa proposta sobre a sanidade pública é contundente e clara. Polo tanto, cremos que é necesario afrontala dende todos os puntos de vista. E hoxe dende un punto de vista moi especificamente máis legal, para facer ou para propor algunha modificación que cremos que pode ser conveniente para o sistema.

Do que estamos a falar é do incumprimento sistemático que se traslada ou que se fai dun problema que ten que ver coas listas de espera, cos tempos de demora en atender as persoas que pasan polo sistema sanitario. Dende hai moito tempo —e máis recentemente canto máis nos achegamos nestes tempos moito máis— hai unha preocupación crecente sobre os problemas da eficacia do sistema. Non só aquí en Galicia, que a hai enormemente, porque é un sistema obviamente ineficaz pola xestión que se está a facer del, pero si en xeral, en termos doutras comunidades autónomas en España e tamén noutros países, hai problemas asociados á xestión do sistema porque ten algúns condicionantes dos que todos somos conscientes: o avellentamento da poboación, a mellora dos tratamentos que implican melloras tamén tecnolóxicas e tamén, polo tanto, o custo dese tratamento soe ser moito máis alto. Isto provoca que os sistemas están tendo problemas de recursos en canto a que non teñen suficiente capacidade ás veces para dotar de todos os recursos necesarios o sistema para poder dar unha asistencia sanitaria en condicións.

Así, hai comunidades autónomas que incrementan o gasto especialmente en termos de recursos, e especialmente en termos de recursos persoais. Así ocorre incluso noutros países, como recentemente o vimos no sistema francés, ou algunha reforma que están facendo os británicos, que é certo que nalgún outro sentido pero tamén preocupados por esta cuestión.

E mentres aquí en Galicia hai un problema gravísimo en termos de persoal, pero a maneira de afrontalo é esconderse. Porque temos un problema enorme neste sistema en Galicia en termos de persoal, temos un persoal precarizado. Un modelo basicamente explotador, ultraliberal dentro do sistema público, que é —digamos— como a volta de torca xa do sistema, que non é soamente apoiar os modelos ultraliberais no que corresponde ao mercado privado, senón trasladalos ao sistema público, e ser explotadores e tratar de que os profesionais dean moito máis do que ás veces son capaces.

Temos unha sorte no sistema sanitario: os nosos profesionais son fantásticos e están intentando soster, na medida do posible, o sistema, que semella que dende a dirección do Goberno da Xunta de Galicia se está atendendo bastante menos que os propios profesionais.

E temos algúns problemas asociados a iso que teñen que ver coa perda de calidade na atención, non no trato humano, non no trato persoal, porque así o podemos recoller con claridade a través de todas as enquisas e valoracións, e a través da conversa de calquera con algún paciente en Galicia, que os profesionais son fantásticos, senón a través daquelas medidas que teñen que ver coa xestión sanitaria.

¿A que nos referimos? A que hai algúns problemas que teñen que ver coa dotación de recursos e que teñen que ver basicamente coas prioridades políticas. Porque, ao final, todo son prioridades políticas: cando se fai política fiscal estamos facendo política, cando se decide sobre temas de persoal facemos política, cando se reducen servizos facemos política. A pesar de que logo, curiosamente, no eixo da política, que é o Parlamento, vénse aquí dicir: oia, vostede non faga política con iso. Pero deste debate xa o temos falado tantas veces que ás veces dá a sensación de falar con paredes.

A cuestión está en que en termos de persoal temos un déficit que iso lastra o sistema, porque trae acompañado varios outros problemas, principalmente un que ten que ver cos tempos de espera. Hai un problema grave nas listas de espera en Galicia, que ten dúas maneiras de representarse:

O primeiro, estamos incumprindo a lexislación da que este parlamento dotou Galicia en tempos de espera, estamos asumindo que os tempos de espera que tiveramos que ter non existen. Sen embargo, hai un goberno que o celebra, celebra constantemente os datos.

Hai un segundo problema: ninguén cre os datos que dá o Goberno. *(Murmurios.)* A verdade é que un só ten que estar na sala de espera dun hospital, nun centro de saúde, poder falar con calquera persoa que estea esperando, e cando a algunha persoa se lle pode explicar alí mesmo cales son os tempos de espera que o Goberno di ter, non hai ninguén que subscriba que iso pode ser certo. Debe ser que os tempos de espera para o Partido Popular son un pouco así como os do pleno ás veces, que hai que esperar sempre a que o Partido Popular estea. Pois

unha vez que estamos nesta dinámica os tempos de espera na sanidade teñen que ver con que o Partido Popular diga que son así, aínda que ninguén os comprobe.

E, sen embargo, temos unha lei que definiu esta situación, unha lei de 2013, que é a que nós propoñemos modificar. Unha modificación sinxela en termos cuantitativos, ata se o medimos en palabras, unha modificación sinxela no que corresponde ao texto, pero que modifica a posición en termos de política laboral, en termos de prioridade. A cuestión que propomos modificar ten que ver precisamente coas listas de espera, con tempos de espera sobre o sistema. E por facer unha explicación sinxela, aínda que seguramente todos vostedes coñecen o que propomos e os que van tratar este tema ademais coñéceno con bastante detalle, pero por intentar facer unha explicación sinxela:

A lei do 2013 define algo que chama «tempos máximos de espera». Como calquera pode entender, os tempos máximos de espera supón aquel número de días —está cuantificado en número de días— que debemos ter que esperar para tres medidas: primeira consulta, unha proba diagnóstica ou unha cirurxía: corenta e cinco, corenta e cinco e sesenta días. Normalmente hai máis preocupación, sobre todo na parte da intervención cirúrxica, e ten que ver coa preocupación natural das persoas, en que cando están próximas a que se lles poida resolver un problema ou unha intervención —que sempre ten algunha consecuencia maior en termos de inestabilidade ou de inquedanza— pois a necesidade de que se faga canto antes. E a propia lei recoñece isto.

Primeira cuestión que hai que sinalar: construíuse unha lei que definiu tempos máximos de espera que non se cumprían nunca, que non se cumpriron no momento da lei e que dende que se instaurou a lei nunca se cumpriron. Elaborar nunha lei os tempos máximos de espera do sistema que nunca se cumpriron. Isto demostra que ou ben quen elabora a lei non é moi coñecedor do sistema ou ben ten a vontade de que non se cumpra. ¿Por que vai ter un goberno a vontade de que non se cumpran os tempos de espera? Porque, cando os tempos de espera non se cumpren, a lei habilita derivar a concertos privados. *(Aplausos.)*

¿Que ocorre con esta situación? Calquera persoa que o puidera analizar —por suposto, non do Partido Popular— entendería que é unha lei construída para consolidar legalmente a posibilidade de derivar a concertos privados.

¿Que propomos? En primeiro lugar, asumir que se non se cumpren os tempos de espera da lei é que o sistema non está funcionando correctamente. Porque se os tempos máximos non se cumpren estamos superando os tempos máximos, e xa saben que se superan os tempos máximos estamos asumindo que non cumprimos correctamente. Vale, hai dúas posibles solucións:

Primeira, derivamos á sanidade privada. ¿Para que? Para que solvente o problema de que temos un extra de traballo que non somos capaces como sistema de asumir, e, polo tanto, alguén de fóra ten que asumilo.

Segunda proposta —que é a que nós facemos—: se hai servizos do sistema que están superando o número de días de tempo máximo de espera, quere dicir que non están dotados dos

recursos suficientes para traballar ben; polo tanto, dotémolos de máis recursos. ¿Incumpren todos os servizos? ¡Non!, pero algúns si sistematicamente. E, polo tanto, non quere dicir nin que sexa algo puntual, dun déficit puntual de traballadores, nin que exista un problema co servizo nunha época concreta. Hai un problema do servizo estrutural. Se sempre hai servizos que se pasan moito máis do debido dos tempos de espera, é que non teñen a capacidade de asumir todos os pacientes que o servizo ten que tratar. E este parece un razoamento, a verdade, incluso para os deputados que practicamos o «papanatismo político» —como se nos dixo aquí—, que ata nós somos capaces de entendelo: se se supera sistematicamente os tempos de espera, é que o sistema non está funcionando. E, polo tanto, podemos propor —e esta é a proposta que facemos— que naqueles servizos onde se supere de maneira sistemática os tempos de espera asumamos que hai un problema de persoal e contratemos máis. E este é o debate.

Nós propomos resolver o problema das demoras con máis persoal. E o Partido Popular ata o de agora propón resolver o problema das demoras con concertos privados. E este é un debate de prioridades; basicamente esta é a cuestión, esta é a dicotomía: ¿máis persoal ou sanidade privada? E este é o debate que temos aquí, e isto é o que plantexamos. É simple en termos lingüísticos e en termos literarios, en termos literais, incluso é simple en termos legais, pero é profundo en termos políticos, e ten que ver coas prioridades. E nós o que plantexamos é que se necesitamos asumir que o noso sistema ten que funcionar, este ten que ter máis recursos. Porque, se non, non pode funcionar na medida en que este parlamento e este goberno se dotou a si mesmo dun sistema de control, que son os tempos máximos. Polo tanto, estamos ante unha certa bifurcación: se temos un límite, cumprámolo, e se non o cumprimos, démonos os recursos para poder cumprilo.

A cuestión está en que a partir deste razoamento —é simple, pero os que facemos un circo da sanidade xa saben vostedes que somos moi simples, é moi simple—: se necesitamos máis persoal, contratémolo. ¿Estamos de acordo, si ou non? Esta é a pregunta que está detrás desta proposta de lei.

Hai outras posicións: se necesitamos máis persoal, paguémoslles aos da privada para que fagan ese traballo que nós non temos. E é unha posición lexítima. Non a compartimos os socialistas, pero é unha posición lexítima. O que ocorre é que neste país se teñen posicións e logo sóbese aquí dicir que se teñen outras, pero isto aquí en sanidade témolo bastante habitual. Tamén temos a política do «éche o que hai», que tamén é habitual na Consellería, como sabemos todos. Pero, en termos xerais, esta é a nosa proposta.

Hai algunha outra cuestión que ten que ver coa administración desta lei. Por exemplo, que se publicaran antes os tempos de espera cada tres meses e agora cada seis. Seguro que non ten que ver *la casualidad* —como di aquel— con que se teñan eliminado momentos de publicación dos tempos de espera cando normalmente se dan peores en momentos diferentes do ano, como todo o mundo sabe. Hai momentos peores do ano e hai momentos mellores. E só se publican alá cando se dan bos momentos do ano, e aínda así incumpren a lei. Pero só se publican nese momento. E a cuestión é: se é un sistema tan avanzado, que —como se dixo aquí algunha vez— unicamente con darlle a un botón se coñece, non creo que sexa ningún problema publicalos cada tres meses. Non creo que o Goberno este da «transparencia»

e da «información» —como escoitei o outro día dicir a un insigne membro do Goberno— teña algún problema en publicar as listas de espera cada tres meses, como xa se facía. E se non alguén poderá explicar por que facelo cada seis.

E hai algunha outra modificación tamén en certa maneira aparentemente menor, pero que non quero deixar pasar sen mencionar. A lei inclúe no seu artigo 26 unha cuestión revolucionaria —é algo bastante sorprendente nunha lei—, que é que se elabore un informe de cumprimento. ¡Tremendo! Ou sexa, é unha cousa moi difícil. Elaborar un informe de cumprimento dunha lei é moi complicado, ten a súa dificultade. Elaborar informes para que todo o mundo teña información é algo perigoso. ¡Non vaia ser que a oposición teña información tamén! E isto é moi duro.

Pero cando a lei di que hai que elaborar un informe, un pregúntase: ¿existirá? E ocorre que o noso grupo ten pedido ese informe. Xa sei que é moi sorprendente, pero ¿saben que remite a Consellería cando un lle pide os informes sobre tempos máximos de espera, cumprimento da lei e solucións e medidas que ten que tomar para resolvelo, que é o que di a lei? ¿Sabe cal é o informe que remite o Goberno? Manda un *link* para ver as listas de espera. Que nós agradecemos, ¡eh!, porque como somos «papanatas» non somos capaces de chegar ás listas de espera. *(Aplausos.)* Pero é que o informe di que hai que plantexar as medidas correctoras necesarias para solventar o problema. Claro, é moi perigoso poñer na lei que hai que facer un informe, e logo ser tan vago de non facelo, ou non querer facelo porque asumiría ter que tomar unhas decisións que non se quere, ou —o que é o mesmo— que o informe non ten por que existir porque a solución xa está tomada. Os nosos amigos coa sanidade privada van resolver o problema que dende a pública non facemos. *(Aplausos.)*

Polo tanto, non hai o informe que di a lei, hai tempos de espera incumpridos segundo di a lei e transformamos a lei para dar menos información. Pois o Partido Socialista propón tres cousas hiperrevolucionarias:

Primeiro, que os informes que di a lei que hai que facer se fagan. ¡Sorprendente isto! Son trotskista, absolutamente; é unha cuestión revolucionaria absoluta: que se fagan os informes que di a lei. Tremendo, ¡eh! Teñan coidado, tómeno con calma, vaian a modo, que é complicado facer os informes que di a lei que hai que facer.

Segunda cuestión, a información que se pode publicar nun clic —cito literalmente, vou citar, non poño entre comiñas que estou falando, pero vou citar, non vaia ser o demo—: hai que vir aquí dar ese informe ao Parlamento e ademais dicir cales son as listas de espera cada tres meses, non cada seis. Polo tanto, os informes e as listas de espera cada tres meses.

E terceiro, se alí onde os tempos máximos de espera se superan asumimos que temos un problema, agora optamos por unha solución que é a sanidade privada. Nós propomos que optemos por contratar máis persoal. E ese ao final é o debate. Porque a sanidade privada é unha ferramenta que se pode utilizar de maneira puntual instrumentalmente, pero non circunstancial.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor TORRADO QUINTELA: O circunstancial non é facelo de maneira habitual.

Xa saben aquilo de que o que dura é estrutura e o que non é conxuntura. A sanidade privada ten que ser conxuntural ao sistema, non estrutural. Polo tanto, nós o que propomos é: sexamos capaces de modificar a lei para que cada vez que detectemos que hai un erro —e temos na lei como detectalo— contratemos máis persoal.

O debate é ese: ¿queremos resolver o problema da sanidade e contratamos máis persoal ou derivando á sanidade privada? E esa é a pregunta que nós trasladamos hoxe a través desta modificación. E cremos que defender o persoal non é facer grandes alocucións, que normalmente ademais conteñen algunhas mentiras, senón darlle menos flores e un pouco máis de capítulo I, que ao final tamén é a maneira mellor de facelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

A posición do BNG respecto da Lei de garantías de prestacións sanitarias é ben coñecida desde o primeiro momento en que se presentou o anteproxecto de lei por parte do Partido Popular. Dixemos que non ía supoñer ningún avance na situación na que o Partido Popular tiña e ten a sanidade pública de Galiza, e aos feitos me remito. Presentaron e aprobaron unha lei cun obxectivo claro, que era darlle cobertura legal á derivación de doentes e de recursos públicos á sanidade privada; unha lei para aumentar aínda esa paulatina privatización da sanidade galega. E non se moveron desa posición inicial, e aí seguen.

O BNG foi perfectamente consciente desde o primeiro momento —e así o denunciamos— de que a Lei de garantías respondía a unha escolla ideolóxica de fomentar esa sanidade privada á custa da pública. Non é un problema de recursos, non é un problema de xestión, non é un problema que pase en todos os lados —evidentemente, os recursos son finitos—, é un problema de escolla ideolóxica. Ben é certo que hai que deteriorar a sanidade pública, hai que limitar os recursos para que pareza inevitable chegar á situación na que estamos.

E esta Lei de garantías de prestacións sanitarias é evidentemente unha lei que afonda nesa privatización, que ten como obxectivo que a sanidade privada deixe de ser complementaria da sanidade pública e poñela ao mesmo nivel; unha escolla ideolóxica pura e dura. Xa que os tempos de resposta que contempla esa lei non son a base de reforzar a sanidade pública con máis investimentos, con máis recursos, con máis persoal, fortalecendo coa inxección de recursos, senón que cando neses tempos que establece a lei se non se inxectan máis recursos, evidentemente, non é posible dar resposta na sanidade pública, e o que se fai é ampliar a autoestrada cara á sanidade privada.

Eu sei que cando suba aquí o deputado ou a deputada do Partido Popular na súa quenda vai vir con eses datos dicindo que eses tempos de garantía non derivaron cara á sanidade privada, senón que se fixeron na sanidade pública. ¿Por que? Porque está xogando coa trampa de que eses tempos soamente están garantidos para as patoloxías supergraves. O que están derivando son as outras. Están indo aos tempos de garantía simplemente para patoloxías supergraves. É que están xogando a enganar a poboación galega, señoras e señores do Partido Popular.

Cando o debate da lei, nas cuestións como a que hoxe plantexa aquí o Partido Socialista intentamos introducir eses mecanismos de garantía. O Partido Popular negouse en redondo. Negouse en redondo a introducir mecanismos, por exemplo, como que os responsables e directivos dos centros hospitalarios onde non se cumpriran os obxectivos tiveran, como mínimo, que dar contas do que era o que estaba pasando, por que non se cumprían eses obxectivos, para que se estableceran mecanismos correctores e houbera que dar contas. O Partido Popular negouse en redondo a que se establecera ningún mecanismo de control, negouse en redondo a que houbera que dar resposta a eses tempos na sanidade pública. Porque o obxectivo, evidentemente, non era dar resposta dentro da sanidade pública, porque o obxectivo desta Lei de garantías era esa autoestrada cara á sanidade privada. Igual que o obxectivo era que os procesos novos, os máis rendibles, os que posibilitan máis beneficios e esas estatísticas máis vistosas deriven cara á sanidade privada, e os máis custosos, os crónicos e os procesos longos se manteñan na sanidade pública. Ese é o obxectivo e menor nivel de confianza e seguridade. Non queda contemplado en ningún momento nin centros de referencia, nin poder derivar a calquera centro do país; non quedou establecida a conexión entre a atención primaria e hospitalaria; non quedou para nada garantido o traballo de coordinación entre os profesionais. Denunciamos nese momento que ía pasar cos hospitais comarcais, e aí temos xa a consecuencia.

A Lei de garantías de prestacións sanitarias, aprobada no 2013 en solitario polo Partido Popular, supuxo esa legalización da derivación de doentes e recursos á sanidade privada. A modificación da Lei de saúde do ano 2018, que aprobou tamén en solitario o Partido Popular, supuxo a consolidación desa folla de ruta, a continuación da folla de ruta do Partido Popular, nese desmantelamento da sanidade pública galega, desa concentración de recursos para facilitar ese negocio á empresa privada, á que xa lle ten entregado as partes máis suculentas da sanidade pública galega.

Teoricamente, a Lei de garantías reducía os tempos máximos garantidos; na práctica non é así nin moitísimo menos. Vostedes seguen agochando as listas de espera non estruturais, seguen tendo todo tipo de triquiñuelas para non facer públicas as listas, xogan a dar os datos dos casos máis graves, seguen a centrar os datos nos casos máis graves. E neste momento, despois de desenvolver o decreto, de poñer en marcha o decreto que desenvolve a lei con case catro anos de atraso e de entrar este en vigor o 10 de xaneiro deste ano 2018, teñen centrada a atención nese decreto, que —insisto— soamente desenvolveron para esas cento e pouco patoloxías moi graves.

¿Cal é a situación? Se comprobada a espera no centro hospitalario que lle corresponde ao doente supera o máximo garantido, ¿que fai o Sergas? Ofértalle a realización da prestación

noutro centro público; se non hai esa posibilidade ofértalle que poida ir a un concertado ou o que o doente poida ir a un centro privado. O que parece unha garantía para os doentes saben perfectamente que isto non así. O que fai continuamente o Sergas, o Partido Popular, é deixar que corra o tempo, o que fan é que deixe que corra o tempo e que pase o prazo establecido para ofertarlle a derivación a ese centro concertado, que non é máis que un centro privado, e engordar as arcas desa sanidade privada. Insisto en que están ultimamente xogando a garantir na sanidade esas patoloxías moi graves.

O BNG vai apoiar esta modificación da lei. Ben é certo que, se se acepta a súa tramitación, o BNG intentará incidir en aspectos de máis calado, na mesma dirección que o intentamos cando foi a tramitación da lei. Mais eu temo que ou moito me equivoco ou o Partido Popular seguirá mantendo tal cal ten esta Lei de garantías, porque o obxectivo, o que lle funcional é que sexa auténtica autoestrada de derivación de doentes e recursos cara á sanidade privada, que para iso foi aprobada e creada esta lei, única e exclusivamente para darlle un marco legal a esa derivación. Porque con menos recursos e con menos profesionais é imposible que os tempos de espera se garantan nunha sanidade pública afogada polos recortes do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós imos apoiar evidentemente tamén a toma en consideración desta proposición de lei. Non pode ser doutro xeito debido ao noso posicionamento político e tamén ao traballo que fixemos daquela, por aquel entón dende Alternativa Galega de Esquerda, e eu mesma estiven nesa ponencia. Imos votar a favor desta toma en consideración porque entendemos que é imprescindible modificar a situación actual do sistema de saúde e esas derivacións ás privadas, que, sen embargo, a Xunta de Galicia está a negar.

Nós afondariamos máis noutras cuestións. Por iso tamén a imos votar a favor, para que na posibilidade da ponencia poidamos trasladar outros aspectos. Realmente, é importante que se cumpra no relativo aos informes o texto da lei, pero hai que recordar aquí que desgraciadamente segue sen haber informes dos centros, memorias dos centros, porque dende hai anos non se publican memorias de xestión e memorias de traballo, e tampouco hai informes de fiscalización das contas, agás no caso da EOXI Pontevedra-O Salnés. É unha situación moi grave que xa temos denunciado. E, a verdade, dificilmente se vai trasladar un informe de aplicación da lei se non existen memorias nin sequera do traballo dos centros. Está ben, parécenos ben que se publiquen as listas de espera catro veces ao ano, pero isto xa é o que se facía antes. Nós queremos tamén que se aborde a publicación desas listas de espera non estruturais.

Somos coñecedoras de que o Real decreto 605/2013, polo que se establecen as medidas para o tratamento homoxéneo e a información sobre as listas de espera dentro do Sistema nacional de saúde, precisamente indica a obrigatoriedade de publicar as listas de espera ou de

agarda estruturais. Pero entendemos tamén que non existe ningunha prohibición para ampliar esa publicación, aínda que se adoptase, por exemplo, a decisión de que a peridiocidade fose diferente. É unha desgraza que a estas alturas non coñezamos as listas de agarda reais e que se nos minta dando datos de lista de agarda para probas, para intervencións e para consultas que son absolutamente falsos.

Entendemos ademais que hai que concretar como se publican as listas por probas diagnósticas. Actualmente non están indicadas por centro. Temos un problema enormísimo —e falabámolo o outro día— no caso de Ourense, con relación ás persoas con cancro, e tamén na Coruña, que non se están facendo as probas diagnósticas, os TAC en tempo e forma; persoas que están nunha situación complicada de saúde. E os datos que se ofrecen son autenticamente falsos. E temos un problema de transparencia na Consellería de Sanidade.

Nós somos tamén partidarios de eliminar o punto 4 do artigo 13 da lei actual, referido a que unha persoa poida acudir á sanidade privada e despois teñamos que aboarlle con cartos públicos esa asistencia. Iso abunda na inequidade do sistema e vai en contra da universalidade da sanidade pública.

Entendemos ademais que habería que abordar as derivacións. Non somos partidarios e partidarias das derivacións. Parécenos ben o plan que propón o Partido Socialista, é unha proposta que hai que ter en conta de como se condicionan esas derivacións ás melloras. Pero nós cremos que debería ser moito máis estrito o texto da lei para evitar esas derivacións. Temos plantas pechadas: na Coruña, no Abente y Lago e no Materno, temos a terceira planta do Salnés. Estamos continuamente falando das unidades que están pechadas e, sen embargo, non hai nada na lei que garanta ou que obrigue abrilas e dotalas de medios e de servizos.

Algo moi elemental: deberiamos estar abordando a necesidade de publicar outras listas de agarda relativas a outros profesionais. Vou poñer un exemplo: a lista de agarda de Psicoloxía non existe. E non existe porque a derivación non se pode facer directamente dende a primaria porque son outros profesionais —neste caso, Psiquiatría— os que derivan. E temos un problema: é imposible coñecer, iso téñennolo denunciado o Colexio de Psicólogos e Psicólogas, e en moitas ocasións non se sabe e tampouco hai posibilidade de acceso a ese servizo. Non temos publicado a lista de Fisioterapia. E temos un problema: non hai listas de agarda en atención primaria.

Estamos discutindo continuamente a agarda que hai en moitos dos nosos centros de atención primaria, debido, dende logo, á non-cobertura deses permisos, ás baixas de vacacións e ás ausencias estruturais. Consideramos que sería positivo debatelo e incluílo. Tamén seguramente poderiamos chegar a un acordo sobre con que periodicidade, pero polo menos un estudo, unha media, un informe, algo que se proporcione en relación con este aspecto.

E preguntámonos habitualmente que acontece coas listas de agarda de Povisa e doutras concertadas, porque se poden superar os tempos máximos de agarda establecidos pola propia lei e non pasa absolutamente nada. Non hai ningún informe que indique por que se permite a estas empresas superar os tempos, cando todos e todas sabemos que a sanidade pública as ten consideradas de maneira estrutural dentro do seu sistema. É dicir, hai persoas que o seu

centro de referencia é un centro privado mediante este concerto, e ademais neste caso un concerto singular. ¿Por que as listas de agarda nestes centros, e particular e fundamentalmente en Povisa, son moitísimo máis elevadas, e permíteselles, aínda así, que isto continúe sen ningún tipo de indicación de mellora, non se suspenden os acordos, non pasa absolutamente nada, non hai ningunha penalización neste sentido?

Tamén deberiamos abrir o debate sobre que servizos se suplen con peonadas, esas mal chamadas «autoconcertacións» dentro do sistema público, e por que iso debería incidir nese informe ou nese estudo que pide o Partido Socialista nesta proposta de mellora dos servizos públicos. Estamos falando fundamentalmente de traslados á privada, pero falamos tamén de autoconcertación de servizos que se poderían dotar de máis profesionais sanitarios.

En xeral, hai moitos puntos que abordar e, dende logo, hai un denominador común, que é o interese de privatizar paulatinamente a sanidade pública.

Hai outro aspecto que cremos que é imprescindible abordar e que consideramos ademais que debe eliminarse absolutamente da Lei de garantías de prestacións sanitarias, como propuxemos xa nas nosas emendas no ano 2013. É o que ten que ver co punto 2 do artigo 12 da propia lei, que vén reflectido tamén no decreto de desenvolvemento. Por certo, tardaron cinco anos en establecer o regulamento que modera, regula ou establece os termos nos que se aplica a Lei de garantías de prestacións sanitarias. ¡Cinco anos!, as vacacións da Consellería de Sanidade. O punto 2 dese artigo 12 é ao noso entender legalizar a privatización da sanidade cando se fai que os doentes ou que as persoas que son chamadas perdan o dereito á garantía da prestación —por certo, negado, pero vén literal e pódeno ler tanto no decreto como na propia lei— se se negan a acudir a unha clínica privada cando se lles ofrece. Iso, pola vía dos feitos, é unha extorsión, polo que as persoas practicamente non se poden negar se non queren tardar máis tempo do debido en ser atendidas. Porque, evidentemente, perder o dereito de garantía de prestación significa que para unha proba na que terían que chamarte nunha intervención nun mes podería pasar un ano, e xa non tes dereito a queixarte porque te negaches a acudir a esa privada.

Xa temos denunciado que a Xunta de Galicia, a través dos servizos de admisión das EOXI, está actuando ofrecendo intervencións directamente xa na privada e consultas na privada. E resulta un rubor —e teño que dicilo unha vez máis— escoitar comparecencias e declaracións como a do presidente da Xunta no pasado pleno, absolutamente vergonzantes nesta cámara, dicindo que non hai traslados á privada. E iso porque vostedes asumen que as concertadas son directamente sanidade pública. É unha auténtica vergoña. Díxose aquí que non había traslados, preguntámonos en que se van eses douscentos millóns de euros anuais que establecen os orzamentos sanitarios —díxose aquí e, dende logo, se non é así ou se foi unha equivocación, deberían rectificar—. Porque produce rubor escoitar nesta cámara unha serie de valoracións tal como esa, cando todo o mundo sabe, evidentemente, que se están dando traslados á privada. Só hai que ver nos servizos de admisión e as persoas que están chamando para irse intervir na privada.

Por certo, con calidade cuestionable nalgúns casos, ou en comparación coa sanidade pública diferente. Xa o trasladamos aquí como, por exemplo, en Pontevedra se daban intervencións

no caso das varices ou no caso doutras series de problemáticas de saúde con técnicas distintas. Eran máis de calidade na sanidade pública. ¿Quen controla isto?, ¿que inspección hai?, ¿que informes se poden axuntar á Lei de garantías de prestacións sanitarias para indicar que o servizo que se dá vai ser o mesmo? Non hai ningún tipo de control. Pero, claro, o artigo 12 da lei: non se pode negar un, porque, dende logo, perde o dereito de garantía de prestación en tempo e forma. Esa é a realidade, e vén no decreto tamén do 2018.

E vou rematar xa, porque non me queda tempo. E insisto en que nós imos votar a favor, porque queremos que se debata e queremos incluír a posibilidade falar de todas estas cousas nunha ponencia.

Un último aspecto que ten que ver coa saúde, que ten que ver con esta cámara: é tamén causante de rubor escoitar o presidente dicir que vai vir comparecer á comisión de investigación, cando aínda non se constituíu, cando non temos plan de traballo. E eu solicitaría tamén a ese señor que ostenta o poder do executivo que respectase esta cámara, o lexislativo, e o seu traballo. Isto non é a súa casa e que poidan facer o que lles dea absolutamente a gana. Terán que esperar a que sexamos nós quen pidamos as comparecencias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Dende logo, señora Solla, o da comparecencia do presidente é para nota. Négome nin sequera a comentalo.

Falando do señor Torrado, vostede, coma sempre nas súas intervencións, falou aquí dez minutos e non deu nin o primeiro dato; agora si, ración de demagoxia toda o que queira. Di, por exemplo, vostede que Galicia está peor que as demais comunidades autónomas, e parece que non leu o informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, o último en relación coas privatizacións. Fala vostede de persoal escravizado, explotado, ultraliberal... E fala de déficit de persoal, cando o conselleiro dixo neste hemiciclo que hai mil cincocentas persoas máis traballando para o sistema público. E fala de listas de espera e di que ninguén se cre eses tempos; será vostede o que non cre os tempos, os tempos están aí, e están calculados como o resto das comunidades.

E, de calquera maneira, tamén dixo a señora Prado que a lei simplemente se refería aos casos moi graves. Se se refire aos casos moi graves, ¿onde está a derivación da privada que ía provocar a lei? Eu creo que estamos bastante cheos de incongruencias.

Esta lei aprobouse no Parlamento sen o voto do Partido Socialista, sen o voto dos grupos de AGE e do BNG. E eu quería recordar aquí a textualidade do que se dixo nalgún momento:

A señora Prado, polo BNG, dicía: «Hoxe imos asistir aquí nesta cámara á aprobación por parte do Partido Popular da que quizais sexa unha das leis de maior transcendencia desta lexislatura, porque é unha lei que lle vai dar cobertura legal á privatización da sanidade neste país. O tremendo é que o fan» —referíase a rebaixar os tempos de espera— «non reforzando a sanidade pública senón apoiando, apostando e meténdolle recursos á sanidade privada. Iso é o tremendo da situación. Unha lei privatizadora que vai aumentar as desigualdades entre quen poida custearse unha intervención ou proba diagnóstica na sanidade privada e quen non, pois xa se terá que buscar a vida. Unha lei na que a sanidade privada deixe de ser complementaria e pase a ser considerada en igualdade de condicións que a pública. Esa é a auténtica realidade da lei, señora conselleira».

Inclusive a voceira nacional do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón, dicía no debate do estado de Autonomía do pasado ano que o decreto de tempos máximo que acaba de aprobar o Consello da Xunta ía derivar cen millóns de euros da sanidade pública á sanidade privada. Eu non os vin aínda.

A señora Solla, polo Grupo daquela de AGE, dicía: «Señorías, hoxe dáse un paso máis cara á privatización da nosa sanidade pública, porque hoxe vai ser aprobada nesta cámara esta nefasta lei e porque a partir de hoxe a sanidade privada vai poder competir coa pública, porque imos ter que dedicarlles ás empresas que especulan coa nosa saúde gran parte do noso orzamento sanitario. Unha clara manobra de márketing político para ocultar o importante desta lei, que é claramente a privatización paulatina da sanidade». Dicía que había unha «imposibilidade de cumprimento dos plans fixados nesta lei, como os tempos de atención máxima, que, aínda que agora mesmo xa non se cumpren, o Partido Popular introduce nesta lei sesenta días para cirurxías e corenta e cinco días para as consultas; algo claramente incumprible co panorama actual e no escenario de políticas neoliberais e de recortes sobre o noso sistema público de saúde».

Polo Grupo do Partido Socialista de Galicia —aquí non ten nada que ver o señor Torrado, a voceira era a señora Acuña— dicíase que «Está moi claro para nós de que estamos ante unha lei marca PP, privatizadora e perigosa para o sistema público. Privatizadora pois quere equiparar por lei a sanidade pública coa privada. Ademais, é perigosa, conselleira, porque xera diferenzas, diferenzas entre as persoas. E ademais as diferenzas máis crúas e máis clásicas poderán facer uso desas garantías, porque se poderán pagar os desprazamentos e ata adiantar os cartos para poder ir a unha clínica privada».

Acabo de reproducir literalmente o que se dixo neste hemiciclo no ano 2013. E parece claro que os voceiros dos grupos da oposición non terían moito futuro nin como adiviñadores nin como profetas.

E diante de todo isto, ¿cal é a realidade da aplicación da Lei de garantías de prestacións sanitarias? Pois a reflectida nos informes anuais que lle foron enviados ao señor Torrado nunha petición de documentación. Por exemplo, na do ano 2017, dicía —¡ah!, porque a lei ten máis que os tempos máximos de espera, ten algunha cousa máis—: «Sobre o dereito á libre elección de médico de familia, pediatra, profesional de enfermería así como de hospital atendéronse máis de sesenta e cinco mil peticións de médico de familia, sete mil setecentas de

Pediatría e máis de sesenta mil de enfermería, e de cincuenta solicitudes recibidas para cambiar de hospital foron atendidas trinta e dúas». No dereito a dispoñer dunha segunda opinión médica estimáronse cincocentas dezasete solicitudes durante ese ano. No dereito a manifestar as instrucións previas levábanse consignados sete mil douscentos corenta e un documentos de instrucións previas no sistema. Loxicamente, no informe do ano 2017 non poden aparecer as cifras de tempos máximos de espera que se contempla na lei, e non pode selo porque o decreto aprobouse en novembro de 2017 e publicouse en xaneiro de 2018. Ese decreto define o obxecto do mesmo, as persoas beneficiarias, o ámbito de aplicación, os procesos garantidos e excluídos e mais o sistema de garantía, cun anexo coa relación de diagnósticos garantidos para cirurxías programadas e non urxentes, primeiras consultas e probas diagnósticas. Como dicía, entrou en vigor en xaneiro deste mesmo ano.

Toda a información sobre o desenvolvemento do Decreto de tempos máximos foi proporcionada pola Consellería de Sanidade —deste ano, por suposto— en reiteradas ocasións, tanto en actos públicos como nesta mesma sede, onde o conselleiro e distintos altos cargos do Sergas puxeron en coñecemento da cidadanía os datos que se ían obtendo sobre o desenvolvemento do Decreto de tempos máximos segundo avanzaba o ano.

E esas cifras reflicten un importante número de persoas, de galegas e galegos, que xa se beneficiaron da citada garantía. Varios milleiros de persoas atendidas na súa totalidade no servizo público de saúde, a excepción dun caso dunha proba diagnóstica por un problema técnico. Repito: na súa totalidade eses milleiros de persoas foron atendidas no servizo público de saúde.

No Grupo Parlamentario Popular cremos, señorías, que esta realidade desbota as afirmacións feitas polos grupos da oposición tanto no debate da lei como en intervencións posteriores, desmontando as falacias que estamos acostumados a escoitar durante hai anos. Isto xa o ensinamos máis veces. *(O señor Núñez Centeno amósalle á Cámara un folleto vermello.)* Isto do ano 2012, onde o Partido Socialista nun panfleto electoral dicía que se ía cobrar a consultas a sesenta e sete euros, a hospitalización a cincocentos trece, as urxencias a douscentos seis ou as ambulancias a trescentos setenta e catro, e a ecografía a trescentos trinta e seis. *(O señor Núñez Centeno amósalle de novo á Cámara o mesmo folleto vermello.)* «Co teu voto podes evitalo», co teu voto podes evitalo.

E aquí o señor Torrado mestura a Lei de garantías, a modificación e a Lei de garantías coa publicación das listas de espera. E o conselleiro xa explicou que o Sergas garante os requisitos establecidos polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que establece as características e os contidos de información xeral sobre o tempo de agarda dos pacientes.

Os datos galegos, señorías, son absolutamente comparables con calquera comunidade autónoma do Estado español, con calquera. Fanse segundo o Decreto 605/2003, que recolle a obrigatoriedade de facer pública a información sobre a lista de espera estrutural por semestres. En Galicia faise pública con moito adianto con respecto a outras comunidades autónomas.

O señor Torrado ve fantasmas na lista de espera, ve movementos. Eu creo que está pensando no señor Tezanos e nas enquisas mensuais, as enquisas que se van facer con intención de

voto mensual que acaban de aparecer ou coñecerse recentemente. Por certo, señorías, se vostedes consultan a páxina do Servizo Andaluz de Saúde, única comunidade gobernada polo Partido Socialista dende sempre, esas listas figuran na data tamén do mes de xuño, pero do ano 2017, non do ano 2018. As listas galegas están actualizadas na páxina web en xuño de 2018. Dende logo, lecciónns do Goberno Socialista neste eido, señor Torrado, as xustas. E consideramos que a información facilitada pola consellería é a axeitada á lexislación vixente, que non tería ningún sentido facilitar datos puramente de xestión, que non aportarían nada ao debate político nesta cámara.

Con respecto á modificación do artigo 26, ese programa de actuacións para minorar as persoas usuarias desprazadas teoricamente do sistema público ao privado, non parece ter moito sentido en relación co desenvolvemento desta lei, cando todos coñecemos no día de hoxe que non hai derivacións ao sistema público en cumprimento da Lei de garantías, e non me cansarei de repetilo.

Recordar neste punto e fóra da aplicación da Lei de garantías que as cifras de investimento da Consellería de Sanidade en concertos son inferiores ás que se investían no ano 2008. Outra cousa que parece que non queremos recordar nunca.

Como lle dicía ao primeiro da intervención, o último informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública —nada sospeitosa de conivencia co Partido Popular— coloca Galiza nos portos intermedios, concretamente no oitavo, cun descenso constante nese ránking dende o ano 2014.

Señor Torrado, se o problema importante que merece unha proposición de lei é esta modificación menor da Lei de garantías de prestacións sanitarias, eu non lle vexo moito sentido á apertura dunha comisión de investigación. Pero, ben, vostedes verán, porque está claro que o que se quere é deostar a sanidade pública galega. Eu supoño que aquel tsunami que quixeron facer ver ás galegas e aos galegos, que ía producir a modificación da Lei de saúde de Galicia e que quedou nunha marexadiña ou nunha calma chicha, do mesmo xeito que pasou co Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, terá moito que ver coa presentación deste tipo de iniciativas.

Como lle dicía un coñecido presentador de televisión ao señor Zapatero: hai que seguir mantendo a tensión. Sigan, señorías, sigan a manter a tensión, que os galegos e as galegas son moito máis intelixentes do que vostedes pensan e non son tan fáciles de enganar como algún pretende. Está claro que non imos apoiar esta modificación da lei. *(Aplausos.)*

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Demagoxia —na RAE—: «*Falsas promesas que son populares* —é que ata a RAE os menciona a vostedes na definición de «demagoxia», ¡eh! — *pero difíciles de cumprir*». Hai unha lei que implantou unha lista de tempos máximos de espera que non se cumpre nunca. Demagoxia: *Y tú me lo preguntas / mientras clavas tu pupila en mi pupila azul. / Demagogia... eres tú. (Aplausos.)* Pero, ¡ata a RAE!, «Demagoxia»: *Falsas promesas que son populares*. A RAE ás veces fala con segundas, ¡eh! *Falsas promesas que son populares...*

Por certo, xa sei que vostedes consideran que esta modificación menor dunha lei é un problema, xa o sei. ¿Sabe que pasa con esta modificación «menor» da lei? Que é comparable a calquera proposta lexislativa que se fixo aquí neste parlamento por parte do Goberno dende xaneiro, e gaña a comparativa. Porque esta será unha modificación menor, ¿pero sabe cantas leis propuxo este goberno dende xaneiro? *Cero patatero*, que dicía aquel innombrable. Demagoxia, ¡espectacular! ¡Ás veces bótase tanto de menos a Labordeta!

En fin, quero agradecer o apoio de En Marea e do BNG, que manifestaron o apoio á súa toma en consideración *(Murmurios.)* Si, eu boto moitísimo de menos a Labordeta, *(Aplausos.)* moitísimo. Se me permiten continuar. Vostedes a min non me van botar de menos, pero polo menos teño que... Grazas polo apoio.

A verdade é que se me plantexa que non demos datos. Ben, cada vez que dou datos dinme que non saben de onde os saco, logo que non os dou, e logo cando os dou que encho as intervencións de datos. En fin, non hai nada como contentar o público, sempre está ben. Algúns, por dar algúns:

O CIS, todos os barómetros sanitarios vannos pondo cada vez peor, e os usuarios din que somos o terceiro peor sistema sanitario de España, os usuarios. Temos en eventualidade laboral catrocentos millóns de euros ao ano, en eventualidade.

Máis datos: se houbera mil quiñentos profesionais máis no sistema este ano, estaríanse incumprindo as taxas de reposición. Quen anuncia —aínda que o faga o presidente— que hai mil quiñentos profesionais máis no sistema sanitario agora que o ano pasado mente. Pode mentir por dúas cousas: ou por incompetencia ou por ignorancia. E a verdade é que teño que reflexionar moito para saber cal é peor, pero as dúas parécenme perigosas.

Máis datos: ¡home!, xa que imos a datos, é que se fixo aquí algunha mención a que se está cumprindo a lexislación vixente. Artigo 26 da lei: «A consellería competente en materia de sanidade elaborará un informe anual sobre a aplicación desta lei, que será presentado no Parlamento de Galicia no primeiro trimestre de cada ano natural». Estou encantadísimo de que me conten aquí cando se presentou no primeiro trimestre deste ano, cada ano natural, o informe do ano pasado, ¿cando? Non se presentou, ¿non? Pois aquí dio a lei. E logo dinnos que é que nós non cumprimos..., que é axeitado á lexislación vixente. Repito: «A consellería competente en materia de sanidade elaborará un informe anual sobre a aplicación da lei, que será presentado no Parlamento de Galicia no primeiro trimestre de cada ano natural». ¿Lembran vostedes a presentación dese informe neste parlamento este ano? Non. ¿E o ano pasado? Tampouco. ¿E o anterior? Tampouco. ¿E o anterior? Tampouco. ¿E o anterior? Tampouco. E non hai máis, porque a lei é do 2013, porque se non incumpririan máis.

Pero se vostedes mencionan que se van facer informes que non se fan. Se vostedes acusan de non ter datos, e nós cando os pedimos... Mire, sobre os datos de derivación, chegamos á burla de que cando preguntamos polos datos de derivación o señor director xeral de Asistencia Sanitaria veu á comisión e deu a porcentaxe. ¿Sabe que pasa coa porcentaxe? Que non deu o número total de pacientes. ¿Como imos sacar unha porcentaxe se non hai número total? Non, derívanse un xe por cento. Pero ¿por cento de canto? Do total de pacientes. ¿E cal é o total de pacientes? Ah, ben, iso non o sei. Isto está a nivel do máster de Casado *(Aplausos.)* Pero non se poden facer porcentaxes de títulos cando non hai volume total. Pero, claro, isto é estatística básica, ¡eh!, de primeiro de carreira.

Pero é que non hai datos, porque a Consellería ten, por certo, un problema grave, pero que non o dicimos nós, dio o Consello de Contas, que é unha consellería opaca e que non se pode avaliar a Consellería en materia de contas.

Pero é que hai máis. É que sobre este decreto din membros do Consello Consultivo —non quen lles fala — cousas moi simples: «Prodúcese unha grave vulneración do sistema establecido na Lei 12/2013 alterando o día inicial para o cómputo de prazos máximos de espera, de xeito que se amplían artificialmente os prazos establecidos na lei». «Grave vulneración do sistema establecido», Consello Consultivo. «Sistema opaco», Consello de Contas.

E non, claro que ninguén cre á Consellería. ¿Por que?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Porque non é posible, soamente hai que ir a un centro de saúde ou a un hospital comprobar se se cumpren ou non se cumpren os prazos.

Ao final, ¿que é o que ocorre? Temos unha lei que marca tempos máximos, supéranse e, polo tanto, hai un problema. Hai dúas maneiras de resolver: ou derivamos á privada —por certo, do que non se falou aquí, ¡eh!; nós propuxemos unha modificación e falouse de todo menos disto— ou contratamos máis persoal. Nós estamos no de máis persoal. E, ao final, o Partido Popular —coma sempre— está na outra cousa: no de derivar máis á privada. Pero chega aquí e fala doutras cousas, e cando non sabe como defender a cousa, porque eu creo que hai deputados e votantes do Partido Popular que se avergoñan da política do Goberno galego pero teñen que defendela, e chegan aquí e falan doutra cousa.

Imos saber entón se queremos máis persoal ou queremos máis sanidade privada, que ese é o debate. Pero non se avergoñen se defenden máis a sanidade privada, é lexítimo e non pasa nada. Pero nós defendemos máis persoal. Non digan o contrario. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Advirto que o indicador do tempo está sempre fixo, hai aí un problema que estamos tratando de solucionar, pero o monitor do tempo que teñen aquí para o control do tempo funciona, e aquí tamén. Así que nese sentido non lle fagan caso a ese.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Ben, pisar o acelerador foi o mandato das rúas o pasado 8 de marzo nunha folga histórica. E desde o BNG asumimos o noso compromiso, e por iso nestes seis meses que pasaron esta é a segunda proposición de lei feminista que presentamos, conscientes de que o noso deber non é só fiscalizar as carencias e os incumprimentos do Goberno, senón tamén poñer o foco en máis ámbitos de desigualdade que merecen o noso atendemento e abrir un debate.

Con ese espírito construtivo presentamos hoxe esta Proposición de lei galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais, confiando en que o voto favorable dos grupos permita mellorar un texto inicial que estamos convencidas de que podería situar Galicia na dianteira dos avances en materia lexislativa, mellorando así a vida de moitas persoas do noso país, maioritariamente mulleres.

Antes de máis, quixera agradecer o traballo de moitas persoas e moitos colectivos, que día a día loitan para que este tipo de fogares saian da invisibilidade e da desigualdade. E en particular saudar, que hoxe tamén nos acompaña, a Delegación Galega da Federación de Nais Solteiras por Elección. Grazas por ter paciencia e xenerosidade cada vez que este grupo vos demandou o voso tempo e consultamos convosco as nosas dúbidas.

Temos que ter presente que o patriarcado, como forma de organización política, económica e social que é, se reproduce na nosa sociedade de múltiples maneiras, e hai décadas xa que o feminismo avaliou que o persoal é político. É así porque esa dominación patriarcal esténdese a todos os ámbitos da nosa socialización. Nese sentido é recoñecido de forma ampla que a familia é unha das institucións que como modo de organización social contribúe a perpetuar o patriarcado, nomeadamente a imposición dun tipo de familia determinada, presentado como monolítico e case como o único posible, o hetereopatriarcal e canónico, que está formado con base nesa división sexual do traballo e que ten reforzado un liderado masculino en detrimento do feminino e situado ese modelo como único e privilexiado fronte aos diferentes inferiores.

Por suposto, a sociedade evolucionou, evolucionou moito, e iso tivo tamén o seu reflexo nos textos legais. Por poñer un exemplo, aínda que parece que sempre foi así, hai que recordar —e non debemos esquecer— que as familias encabezadas por persoas dun mesmo sexo non eran recoñecidas en pé de igualdade ata o 2005. ¡Hai só trece anos! E iso dános a dimensión de que imos avanzando, pero non debe facernos ver esa falsa ilusión de que o recoñecemento da heteroxeneidade de todos os tipos de familia é xa unha tarefa acabada, porque non é así.

Nós pensamos que para despatriarcalizar o noso marco legal, e tamén axudar a facelo na nosa sociedade, cómpre avanzar nunha visión moito máis ampla do que son as familias e

pasar a ese plural que realmente existe na sociedade. Que as institucións recoñezan e avancen nesa pluralidade é fundamental. E por iso hoxe propoñemos esta proposición para avanzar no apoio e no recoñecemento das familias monoparentais en toda a súa diversidade. ¿Por que? Porque son unha realidade cada vez maior, e aínda así permanece invisibilizada e discriminada.

Aquilo do que falamos non existe. Polo tanto, o certo é que no día de hoxe a definición de familia monoparental que atopamos no noso marco legal é moi pobre e deixa unha parte importantísima atrás. Está vinculada directa ou indirectamente a situacións onde hai unha causa sobrevida que orixina esa monoparentalidade. É dicir, un fogar biparental que por un suceso pasa a ser monoparental por algunha causa. Esa realidade existe. E é certo que temos que darlle atención e que temos que mellorar moitísimo o que se está facendo por esa realidade.

Pero tamén é certo que temos a responsabilidade de darlle oco a outra que está a ser ignorada: aquelas familias monoparentais que o son en orixe, por libre elección. E esta lei pretende encher ese baleiro, ese baleiro na caracterización da monoparentalidade, especialmente destas escollidas, que son unha opción máis, lexítima e en aumento. Pero aínda así debemos preguntarnos por que entón seguen invisibilizadas, por que non existen practicamente para a administración, por que non están normalizadas socialmente, como unha opción máis igual de responsable que calquera outra.

Baixo o noso punto de vista, isto é a consecuencia dunha discriminación histórica que ten dous factores fundamentais: primeiro, anos de preeminencia social e legal dun modelo tradicional de familia como único, en prexuízo dos diferentes; e en segundo lugar, pois tamén hai que dicilo, a discriminación que ten a muller na nosa sociedade. Hai que ter en conta que maioritariamente este tipo de fogares monoparentais están liderados por mulleres —no 2016 eran 7 de cada 10— e, polo tanto, operaron e operan no seu día a día moitos prexuízos patriarcais. E a isto hai que sumarlle que loxicamente todas esas mulleres sofren esa desigualdade económica e laboral que só fixo aumentar durante a crise e durante as políticas de recortes do Partido Popular.

Diante desta situación, os poderes públicos non poden permanecer alleos. Temos a responsabilidade de dar visibilidade a este colectivo e corrixir esta desigualdade. Ese é o obxectivo fundamental desta proposición de lei que presentamos hoxe, unha lei específica para elas e tamén para eles —que algún hai—. Por iso no primeiro título deste texto legal que hoxe presentamos propoñemos dar un paso que é imprescindible, que é dar rango de lei a unha definición máis completa. É unha necesidade de primeira orde, xa que a actual Lei 3/2011, de familia e convivencia, do noso país, contribúe de facto á súa ocultación. Hai que recordar que a Lei de familia galega non só naceu da falta de vontade, de consenso e diálogo dunha maioría absoluta do Partido Popular, senón que bebe directamente do contexto no que foi elaborada e aprobada, que era o mesmo contexto do espírito do intento de contrarreforma da Lei do aborto que quixo impoñer o Partido Popular no Estado, e que o feminismo gañou na rúa. Bebe dese contexto e, polo tanto, ten unha visión da monoparentalidade absolutamente conservadora e obsoleta. Ese marco é excluínte e, para iso, a mellor forma de que o corrixamos é crear unha lei específica propia que supere todas as normas anteriores, por parciais e insuficientes para abranguer esa diversidade.

Nesta liña —insisto— o noso primeiro título da nosa proposta está centrado en dar unha definición máis ampla. E incluímos esa realidade que ata agora estaba ignorada, esas familias monoparentais que o son de orixe por elección propia. Con esa etiqueta recoñecemos a todas esas familias formadas por unha persoa proxenitora e a súa descendencia desde o inicio desa relación familiar. Desta mesma forma, nesta mesma lei abranguemos esas dúas grandes realidades: a situación de monoparentalidade por causa sobrevida e esta monoparentalidade de orixe, por libre decisión.

Facémolo así dando, por primeira vez na historia galega, cabida a este tipo de familias, pero queremos ir moito máis alá da acreditación. Esta lei quere impulsar tamén a normalización da monoparentalidade, a superación dos prexuízos dun tipo de fogar que —insistimos— é tan lexítimo como calquera outro, e que está en aumento. Segundo os propios datos que nos dá o IGE para o ano 2007 —que é o primeiro no que atopamos datos desagregados dese tipo— había daquela no noso país 89.879 fogares deste tipo. O dato máis recente, do ano 2016, sitúa esa cifra xa superando os 110.000, ¡110.000! E ese aumento demóstranos que é preciso desenvolver unha política xeral de apoio moito máis ambiciosa e que contemple máis situacións co fin de estender o seu abano.

Tamén hai unha cuestión que é evidente: necesitamos coñecer máis, necesitamos saber máis, para saber cales son as necesidades deste colectivo. E, polo tanto, unha das cuestións que incluímos é unha elaboración dunha completa investigación bianual que recolla datos tanto cuantitativos como cualitativos; datos que permitan que progresivamente vaiamos facendo unha avaliación do impacto desta lei e das súas medidas, unha avaliación na que o Parlamento —esta Cámara— terá un papel significativo.

Incluímos tamén demandas colectivas e históricas destes colectivos, demandas como, por exemplo, a creación dun carné para familias monoparentais simplificado que corrixa as eivas e as carencias do actual certificado familiar. Tamén incorporamos unha promesa incumprida do Partido Popular a estes colectivos e que teñen na súa folla de demandas desde hai moitos anos, que é a creación dun rexistro único. Temos un importante historial de incumprimentos do Partido Popular. Ano tras ano e lexislatura tras lexislatura, continúan sen facer e desenvolver este rexistro único. Nese inconcluso Plan de política familiar tamén o incluían curiosamente, e casualmente —porque estou convencida de que isto era unha casualidade—. Despois de que este grupo parlamentario rexistrara esta proposición de lei veu pasearse a esta Cámara o conselleiro de Política Social a dicir que o ían facer. Diso pasaron varios meses e continuamos en pleno século XXI —pois debe ser unha tarefa imposible— sen crear un rexistro único de familias monoparentais. En fin, isto dá a idea da pouca vontade que tivo o Partido Popular con este colectivo nos últimos anos.

Ben, quero insistir nunha idea. É fundamental este recoñecemento, estas familias levan moitos anos pedindo deixar de ser invisibles, pero é fundamental tamén outra pata imprescindible e temos que ir máis alá en dous obxectivos claros: primeiro, en mellorar as medidas de apoio —insisto— para todas as familias monoparentais, e, segundo, en traballar por superar eses prexuízos e normalizar a súa realidade.

Nese sentido, fronte á óptica paternalista das leis conservadoras, nós propoñemos apoio. Fronte á óptica conservadora das políticas conservadoras que ofrecen caridade, esa óptica da caridade, ofrecemos acompañamento. E por iso a nosa proposta contempla un segundo título no que se inclúen propostas desde as políticas públicas para ser impulsadas baixo unha óptica de xustiza social e de empoderamento. Son medidas de apoio en diferentes ámbitos, e aquelas que sexan relacionadas con algún tipo de bonificación pois, por suposto, están sometidas ao criterio de renda.

Pero tamén nisto queremos facer unha reflexión. O criterio de renda ten que axudarnos a redistribuír a riqueza na sociedade e a igualala, non a atender só os casos máis extremos, que é o que nos ofrece maioritariamente a política fiscal por parte da Xunta de Galiza e a política de incentivos económicos, casos que teñen que estar na pobreza máis extrema para acollerse a algún tipo de bonificación. Iso de por si pois xa é pexorativo, porque xa se parte de que a situación destas familias ten que ser sempre extrema.

Eu quero recordar que si que é preocupante o informe do estado da pobreza en Galiza, feito público pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza. Sinala este colectivo as familias monoparentais como o máis feble, como o máis susceptible de padecer pobreza. De feito, indica que máis da metade —un 53 %— destes fogares están situados por debaixo do limiar da pobreza e da exclusión social —isto no 2016, pero é unha tendencia que aumenta—.

E, repito, hai máis da metade dos fogares monoparentais por debaixo do limiar da pobreza. Diante disto hai que actuar, e propoñemos medidas en varios ámbitos. No ensino, por exemplo, hai que comezar xa polas idades máis temperás, porque os primeiros anos son conciliación pero nós insistimos en que son tamén educación. E está moi ben que, como se fai actualmente, se dea prioridade a estas familias, pero é que para dar prioridade e que iso sexa efectivo ten que existir un sistema público de servizos. E iso a día de hoxe non existe. Por iso propoñemos ampliar a rede de escolas infantís e que a Xunta aumente, cando menos, en 8.000 as prazas públicas nos próximos tres anos. Este é un exemplo, ademais, de que apostando polas monoparentais ninguén vai perder. Toda a sociedade e todos os tipos de familias van gañar. Propoñemos cuestións concretas tamén na primaria e na secundaria, porque non se trata só da prioridade no acceso ao ensino, hai que ver mecanismos para que, nos madrugadores, comedores e demais, estas familias non estean prexudicadas. Tamén quero facer especial fincapé na etapa universitaria, é un gran reto por diante. Son precisas, por exemplo, bolsas específicas. Porque non podemos permitirnos que ningunha soa crianza dunha familia monoparental teña iso como un hándicap para chegar á universidade.

Outro ámbito que para nós é clave —e que incluímos— é o habitacional. A vivenda é un problema no noso país, pero todos os datos, como por exemplo o VI Informe de monoparentalidade e emprego, de Adecco, estiman que, se no Estado a metade das mulleres á fronte dunha familia monoparental están no desemprego, unha parte importante delas comparte vivenda porque non son quen de chegar á fin de mes nunha vivenda independente. Isto ten que ser atendido por Galiza. Hai outras comunidades que están tomando medidas para evitar o amoreamento deste tipo de familias porque xa é un problema social gravísimo, e temos que adiantarnos.

Complementariamente, tamén arbitramos medidas de prevención da vulnerabilidade nos servizos básicos de auga, luz e gas. E tamén solicitamos un maior esforzo na ampliación de dereitos no ámbito privado e no sector público autonómico. Pensen por un momento que unha traballadora do sector público pode, por exemplo, a día de hoxe, acumular os permisos por maternidade, acumular eses permisos por nacemento dun fillo ou filla. Pero alguén no sector privado non pode. Hai que negociar, a Xunta ten que ser interlocutora para ir por diante nestas políticas.

Tamén pensemos, no caso dunha crianza hospitalizada que sexa filla ou fillo dunha familia monoparental, por que vai ter menos días a súa figura titora de referencia que a dunha familia biparental. É absurdo.

Tamén medidas fiscais que non sexan discriminatorias para as familias monoparentais, algo, por certo, que o Partido Popular enuncia na súa Lei de familia pero que non cumpre. Non só non arbitrou nin un só desconto autonómico na declaración da renda nestes anos de aplicación senón que votou en contra neste mesmo Parlamento dunha proposición do Bloque Nacionalista Galego para que cumpriran a súa propia e insuficiente lei. Olvidaron as monoparentais. Moito predican e pouco actúan.

Por último, no tempo que me queda quero facer unha última consideración, e non por última menos importante. Hai algo que nós pensamos que é un valor engadido desta lei e que a diferencia doutros decretos e doutros proxectos que se teñen impulsado noutras comunidades autónomas. E é que non se centra só na acreditación e na definición de cales son estas familias e a que dereitos se poden acoller, senón que vai máis alá, tamén está a sensibilización e a superación de prexuízos. ¿Cantos comentarios inadecuados reciben os nenos e nenas destas familias? ¿Cantas veces estas mulleres —as mesmas que a partir dos 30 son cuestionadas se non teñen a maternidade programada— reciben eses comentarios de «¡como van poder soas!» e os de se non están tolas, etc.? Vivimos nunha sociedade que aínda arrastra moitos complexos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que fan que sexan cuestionadas.

Este non é o tipo de sociedade que queremos construír. E, para construír un tipo de sociedade diferente, insisto en que é fundamental avanzar nunha lei deste tipo, que terá carencias, que será insuficiente pero que, cando menos, podería ser un punto de partida para abrir unha ponencia, un diálogo con toda a sociedade, con todos os partidos políticos con representación na Cámara, que nos levara a un futuro diferente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Simplemente lles pido xenerosidade aos grupos políticos e que entre todos e todas pisemos o acelerador para non deixar atrás as familias monoparentais.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Hoxe quero comezar tamén saudando a delegación galega da Federación de Nais Solteiras por Elección, que hoxe nos acompaña e coas que o PSdG se ten reunido tamén en varias ocasións.

Para saber o compromiso deste Goberno coas mulleres non fai falta máis que ver a sentenza que acabamos de coñecer do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que di o que todos e todas xa sabiamos: que o Goberno galego intentou rebentar a folga feminista do 8M cuns servizos mínimos que acaban de ser anulados *(Aplausos.)*, e que toca unha parte da Administración tan fundamental e tan importante como é o propio departamento de Presidencia da Xunta de Galicia, onde se puxeron uns servizos mínimos abusivos.

Se nos preguntamos como é de fácil ter unha familia en Galicia hoxe en día, pois o certo é que o panorama é desolador. Éo por dúas causas: a primeira delas, porque as políticas en materia de familia que se veñen emprendendo nesta comunidade autónoma —hai que lembrar que o Partido Popular gobernou trinta dos corenta e un anos de democracia aquí en Galicia— non estiveron feitas e non se encamiñaron a protexer os dereitos e as liberdades de todas as persoas. Estiveron co foco posto nunha determinada ideoloxía encamiñada a un modelo de familia moi concreto: o modelo de familia da Conferencia Episcopal. Ese foi o modelo que nos intentaron inculcar a todas neste país, e todas as políticas foron encamiñadas nese senso.

Dende esa ideoloxía resultaba que non eramos verdadeiras mulleres se non tiñamos fillos ou fillas. Dende esa ideoloxía excluíron a reprodución asistida no ano 2013 para as mulleres solteiras e para as lesbianas, unha medida que acaba de reverter o Goberno de España en menos de cen días. Unha curiosa maneira, señorías, de defender a maternidade, de protexer a familia e de impulsar a natalidade, e máis nunha comunidade autónoma que ten un gravísimo problema demográfico.

A segunda causa, a causa principal desta situación, é que se puxo en marcha polos gobernos de dereitas unha agresiva política de recortes en todo aquilo que tivera algún tipo de vinculación coas mulleres e coa propia familia: en dependencia, para os maiores, para os mozos e mozas en idade de ter fillos e fillas ou para a infancia —que está completamente despro-

texida—. Pero, repito, de maneira especial para as mulleres, deixándonos completamente á intemperie. O exemplo máis evidente é esa política de escolas infantís que levamos nós denunciando dende hai moitos anos, que o que pretende é redirixir a sociedade das escolas infantís públicas aos centros privados.

Unha das principais damnificadas deste modelo ideolóxico implementado polo Partido Popular son as familias monomarentais, que son as máis vulnerables, as máis desprotexidas e tamén, en certo modo, as máis invisibles ás leis. Estas familias tiveron nestas últimas décadas un gran incremento. En primeiro lugar, porque agora a maternidade, ter fillos ou non, é máis unha decisión persoal que non un mandato divino para as mulleres, como viña acontecendo. E, en segundo lugar, polo incremento desas separacións, que tamén se incrementaron moito —de xeito forzoso polos casos de violencia machista e, por suposto, tamén polos falecementos do proxenitor—. E todo isto, cando estes fogares representan aproximadamente o 10 % —cun adulto ao cargo—, máis do 80 % das cabezas de familia, por así dicilo, son mulleres, que sofren unha tripla discriminación. E quero parar neste punto porque é importante.

No eido laboral, as mulleres sofren discriminación polo feito de ser mulleres, polo feito de ser nais e de estar soas. Mulleres en fogares nos que se duplica ese desemprego, a economía mergullada, o paro de longa duración. Moitas delas esgotaron as axudas, como xa se dixo aquí tamén, e cun índice, un risco de pobreza e de exclusión, que duplica o das familias biparentais. Ademais, se o comparamos coa situación en que se atopan as familias numerosas, pois hai unha clara discriminación, posto que non están equiparadas.

Hai unha diferenza, ademais, se se chega a esta situación de monomarentalidade por elección ou por causa sobrevida. E poño un exemplo concreto: unha muller viúva que ten dous fillos accede inmediatamente á categoría de familia numerosa, algo que non acontece con aquelas mulleres que teñen fillos ou fillas pola súa propia elección. Vólvese, unha vez máis, polo tanto, a penalizar un modelo de familia e a aquelas mulleres que non se ateñen —repito— a ese modelo da Conferencia Episcopal.

Houbo comunidades autónomas que deron pasos neste sentido. É certo que a Comunidade Valenciana no ano 2013, dirixida polo Partido Popular, fixo unha lei absolutamente de mínimos que foi completada polo actual goberno progresista desta comunidade autónoma. Tamén en Cataluña houbo unha lei que simplemente mencionaba —e isto quéroo resaltar— a situación de monomarentalidade. Pero fixeron un decreto no 2009, posteriormente, no que se recollía esa acreditación de familia monomarental e teñen unha axuda económica universal de 745 euros anuais para estas familias en concreto.

¿En Galicia? En Galicia o certo é que se contempla esta tipoloxía dentro da Lei 2/2011, de apoio á familia e á convivencia, unha lei que xa as miñas compañeiras daquela criticaron —xa se dixo aquí— pola falta absoluta de consenso, polo rodillo do Partido Popular; unha lei que non tiña medidas concretas e que sepultaba determinados modelos de familia diferentes a este modelo imposto. Co cal, en Galicia —como se ten feito en Cataluña e en Valencia, case en Madrid, se non fora porque a pinza do Partido Popular con Ciudadanos meteu unha emenda á totalidade que bloqueou un proxecto que era interesante, e en Aragón, que está

en marcha tamén— é necesario un desenvolvemento regulamentario que sexa moito máis inclusivo.

Téñense presentado tamén iniciativas nesta lexislatura. En concreto, o Partido Popular presentou unha a principios de 2017 —que se aprobou— na que pedía un programa específico de axudas para as familias monomarentais; unha iniciativa sen medidas concretas e ningún tipo de compromiso orzamentario, unha iniciativa como as que acostuma presentar o grupo que sustenta o Goberno, de titular social pero sen contido social. ¿Por que? Porque dous meses despois, cando o PSdeG trouxo unha iniciativa a esta Cámara na que reclamabamos cuestións concretas, como incrementar as deducións autonómicas no IRPF, desenvolver un programa de garantía de ingresos para estas familias específico ou axudas para o transporte, para a vivenda ou outras da Administración pública —de acceso a oposicións, por exemplo, ou mesmo as dirixidas ao Goberno de España—, o Partido Popular ¿que fixo? Pois votou en contra.

¿Que acontece nos concellos, porque nos concellos, nesa institución máis próxima á cidadanía, son moi importantes tamén as políticas sociais e as políticas para estas familias? Pois resulta que na única cidade onde goberna o Partido Popular das sete de Galicia, en Ourense, unha das primeiras cousas que fixo ao chegar ao goberno foi suprimir o programa para familias monomarentais; un programa posto en marcha polo anterior goberno socialista que permitía a esas familias ter un servizo dobre, por poñer un exemplo, de ludoteca cun amplo horario de atención e cun servizo a domicilio. Por certo, falando do servizo a domicilio, coñeciamos tamén onte, por parte da propia concesionaria, que o Concello de Ourense lle debe á empresa que se encarga deste servizo 1,8 millóns de euros. Dende logo, nada do que presumir tampouco neste concello. *(Aplausos.)*

Polo tanto, se as mulleres que encabezades familias monomarentais estades soas, non é porque non contedes con proxenitor ou con titor, que pode ser o resultado da vosa libre elección; senón porque, onde goberna a dereita, vos abandonaron á vosa sorte completamente.

A pesar, señora Presas, de que a esta proposición nós consideramos que lle falta concreción, pode ser tamén unha oportunidade para abrir este debate e para, entre todos os grupos políticos, concretar medidas específicas. Imos apoiar esta toma en consideración. Sempre defendemos que a diversidade e a igualdade de oportunidades teñen que ser o motor social neste país, incluído tamén o ámbito familiar. E a mellor forma de garantir estes dereitos é a través da regulación tamén dos diversos modelos familiares, que se garanta o seu recoñecemento xurídico —que, como diciamos, ata o de agora non está claro— e sobre todo ese réxime de axudas que tan necesario é para estas familias.

E máis nada e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Bo día.

Antes de comezar, quero recoñecer todo o esforzo de todos os colectivos de mulleres e, por suposto, tamén saudar as mulleres que nos acompañan hoxe dende a tribuna, da Asociación de Nais Solteiras por Elección, que fan un labor fundamental, en primeiro lugar, de visibilización desta realidade. É necesario este primeiro paso: visibilizar. Porque, a pesar do gran número de familias monoparentais que existen no noso país, que é unha realidade que vai en aumento, por desgraza, esta é unha cuestión que continúa a estar demasiado ausente de moitos debates políticos, demasiado ausente da lexislación actual.

En primeiro lugar, temos que dicir que imos votar a favor desta proposición de lei, deste trámite. Parécenos que é moi necesario lexislar sobre esta cuestión, e ademais parécenos que, ademais de necesario, é urxente, porque levamos demasiados anos de retraso neste tema e é necesario que lle deamos para adiante con celeridade.

Cremos que o recollido na actual lexislación, na Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, é totalmente insuficiente e non está servindo para respostar ás necesidades destas familias. É evidente que fai falta moito máis. Por iso nós cremos que é necesario desenrolar, pero tamén aumentar, a lexislación que existe sobre este tema.

Cremos que esta proposta abre unha oportunidade —como dicían tamén as outras voceiras— de debater polo miúdo. Pódese mellorar, pódense facer máis propostas, pero é moi importante que saia adiante para poder debater sobre este tema. Se realmente estamos preocupados pola situación das familias monoparentais, non entenderiamos en ningunha circunstancia que o Partido Popular rexeitara este debate.

E, cando falamos de familias, nós cremos que, a pesar de que a realidade mudou de maneira notoria nos últimos anos, por desgraza continúan a estar presentes moitos prexuízos que asimilan «familia» a un único modelo de familia, a un modelo tradicional composto por un home e unha muller —como tamén se comentou— asentado na profunda división sexual do traballo, e exclúense todas as demais realidades. E as causas para que isto ocorra son múltiples, pero a máis importante é —eu diría que unha das máis importantes— a ausencia deste tipo de familias na lexislación. Como digo, ese nomeamento case anecdótico na Lei de familia é totalmente insuficiente. E se non se nomea, se non se lexisla, pois non imos avanzar nestas cuestións.

Pero tamén é importante que teñamos en conta que as políticas públicas levadas adiante nos últimos anos tiñan unha carga profunda ideolóxica. Non ían destinadas a apoiar as familias, ían destinadas a apoiar un único modelo de familia, á reprodución deste modelo tradicional, obviando que, cando falamos de familias, temos que falar en plural. Non hai un único modelo de familia, as familias son moitas, son diversas e temos que atender a esta realidade para dar resposta a todas estas persoas, porque, se non, estaremos facendo políticas públicas inxustas que, a pesar de dicir que defenden a familia, non defenden a todas as persoas senón que unicamente defenden a quen axuda a perpetuar este esquema conservador.

E realmente deberiamos pararnos a pensar o preocupante que é que, ante unha realidade como esta das familias monoparentais, que é unha realidade que vai en aumento —só hai que botar unha ollada aos datos do IGE para darnos conta do que estamos falando—, aínda teñamos que estar debatendo para pór en marcha as medidas máis básicas, como o recoñecemento, o recoñecemento e —como dicían— tamén moitas outras políticas de apoio, pero nin sequera temos o recoñecemento. A pesar de moitas promesas incumpridas, a pesar de ter unha nota colgada na páxina web do Partido Popular, hoxe non temos ningún tipo de avance, por exemplo, no famoso rexistro de familias monoparentais. E nós cremos que non vale de nada que aquí se diga que se apoian as familias cando despois, á hora da verdade, non hai nin un só apoio público a políticas que realmente defendan a todas estas persoas.

Como en todos os debates, pero creo que hoxe especialmente, cando falamos de calquera cuestión o tema do xénero atravesa este tema de maneira fundamental, porque a maioría destas familias están formadas por mulleres e isto ten consecuencias moi concretas. Teñen máis dificultades porque as mulleres temos máis dificultades, o mercado laboral non é neutro, o xénero sabemos que non é igual para homes e mulleres, que ser muller vai da man de ter un salario menor, de ter máis precariedade, de ter maior inestabilidade. Por iso cando falamos destas familias é moi importante ter sempre presente estas cuestións.

E outro dos temas que continúa a estar demasiado pouco socializado, cando falamos de familias monoparentais, cando falamos desta realidade, é que hai moitas mulleres que deciden ser nais solteiras porque si, sen ningunha outra razón, porque queren, porque lles dá a gana. E tamén hai que preguntar en que mundo vivimos cando estas mulleres que deciden libremente ser nais solteiras teñen máis dificultades que outras persoas que acaban tendo un fogar monoparental por outras circunstancias. As únicas razóns para que se dean estas diferenzas son profundamente ideolóxicas e son, por suposto, profundamente inxustas.

E cando falamos de familias tamén é moi importante que falemos de conciliación. Porque, por desgraza, levamos demasiados anos perdendo dereitos en materia de conciliación. Temos que dicir que neste país non existe a conciliación real. Sobre todo non existe a conciliación para o que non ten recursos económicos, pero, en xeral, non existe a conciliación para ninguén. Faltan prazas en garderías públicas, faltan prazas en escolas infantís, faltan servizos de madrugadores, de comedores escolares, de apoio ás coidadoras... En realidade o que falta diriamos que é vontade real para entender o que significa conciliar e o que temos que facer para que unha vida vivible, con conciliación, poida ser levada adiante polas familias.

Como dicía, se conciliar é moitas veces imposible para familias que contan con dous proxenitores, podemos imaxinar a situación que atopan as persoas que teñen unha única persoa. Por iso é importante que, cando falemos de recursos e de apoios para estas familias, teñamos tamén presentes todos estes recursos para poder conciliar, como dicía, para poder vivir.

Pero é verdade que, a pesar de non ser a única medida, tamén se necesitan recursos económicos. Porque, como dicía, os datos tamén deixan situacións moi preocupantes. O 53 % destas familias están en risco de exclusión social, o que evidencia que temos un problema moi grave que non se está atendendo, que se está deixando totalmente á marxe e ao que é urxente pór medidas.

Como dicía, eu creo que hoxe podemos dar un primeiro paso para reverter esta situación, podemos abrir un debate real sobre qué facer. Cremos que non é tempo de máis promesas incumpridas, de alardes de todas esas promesas que levan moitos anos dicíndose que se van pór en marcha e que despois non se necesitan. E, sobre todo, necesitamos non iniciativas parciais concretas, necesitamos políticas que sexan ambiciosas, políticas integrais que abrangan todo o sistema e a vida destas persoas. Por iso eu creo que hai sumarse ao apoio e ao recoñecemento que xa fixeron outros territorios. Galiza tamén debe sumarse e tamén, como dicían, debemos ir máis alá.

E nós cremos que hoxe o Partido Popular ten unha boa data para demostrar se realmente apostan pola igualdade, se realmente defenden as familias, como din na maioría dos seus discursos, ou se de novo os feitos van ir por outro lado ben diferente que eses discursos.

Lamentablemente, como xa se comentou, onte púxose en evidencia a aposta real da Xunta de Galicia pola igualdade, e temos que sinalalo. É lamentable que a Xunta de Galicia incumprira o dereito á folga das traballadoras da Xunta, algo que debería avergonzalos, algo que debería ser lamentable. E, como mínimo, deberían pedir perdón. Agardemos que pidan perdón por esta decisión do Goberno galego. O 8 de marzo foi unha folga histórica a pesar de todas as trabas que o Goberno quixo pór neste proceso.

Pola nosa banda, poremos todos os nosos esforzos para que se conquiran avances reais nesta materia. E remato, de novo, agradecéndolles todo o esforzo, todo o avance, toda a visibilización que fan todas estas mulleres para conquerir unha sociedade máis igualitaria e máis feminista.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

Bo día tamén á Asociación de Nais Solteiras por Elección, que tamén estiveron no noso grupo parlamentario.

En primeiro lugar, gustaríame dicir que, afortunadamente, a sociedade galega vai por diante do que neste debate parlamentario se está a dicir. Afortunadamente, a sociedade galega é unha sociedade avanzada, e nós consideramos que o apoio ás familias monoparentais é un tema o suficientemente importante como para abordalo con seriedade. E para abordalo con seriedade nós estimamos que non sería necesario neste debate utilizar determinados mantras, como que o Partido Popular só apoia as familias da Conferencia Episcopal, como que o Partido Popular non abandeira a loita feminista e que esa é a bandeira dos grupos da oposición. Polo tanto, se realmente queren falar do apoio ás familias monoparentais, a min gustaríame pedir

que este debate se fixera e se abordara con seriedade. *(Aplausos.)* Porque o que acabamos de escoitar non ten que ver absolutamente nada co apoio ás familias monoparentais.

Tamén me gustaría recordar, porque parece ser que neste debate se esqueceu que Galicia conta dende o ano 2011 cunha lei de familia, unha lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Cítoo, cítoo porque parece ser que se esquece. Esta lei establece que a familia, en todas as súas manifestacións e formas de organización, debe ser obxecto de protección por parte dos poderes públicos. Este apoio debe responder á complexidade da nosa sociedade e dar solucións ás diferentes familias ou grupos estables de convivencia. Polo tanto, penso que, para partir dun debate de apoio ás familias monoparentais, hai que saber exactamente o que contempla a Lei galega de familia.

Porque, miren, nós sabemos que non todas as familias son iguais —sabémolo aquí e sábeo a sociedade galega— nin presentan as mesmas necesidades nin as mesmas características. Por iso, esta Lei galega de familia recoñece familias de especial consideración. E ¿cales son esas familias de especial consideración que recolle a lei galega? En primeiro lugar, as familias monoparentais, tanto as familias monoparentais en orixe, por decisión propia, como as familias monoparentais por causas sobrevidas, todas as familias monoparentais. Tamén recolle as familias numerosas, as familias acolledoras, as familias con persoas dependentes ao cargo, as familias con persoas con discapacidade ao cargo e as familias con persoas maiores ao cargo. E ademais de recoñecer estas familias como de especial consideración, esta lei o que fai é contemplar un trato preferente para todas estas familias. Por exemplo, a preferencia na adxudicación de prazas en escolas infantís —seguramente que a vostedes isto non lles parece caridade—. Na convocatoria de axudas do Bono Concilia e do Bono Coidado hai preferencia; preferencia no acceso ás casas-niño, na valoración da Risga, nos programas de fomento do emprego e inserción laboral, no Plan galego de vivenda ou na admisión do alumnado en centros educativos. Polo tanto, a min gustaríame recordar que hai medidas para as familias monoparentais que están incluídas na Lei de familia da Xunta de Galicia.

E gustaríame recordar tamén que hai medidas a nivel estatal, prestacións económicas por nacemento ou adopción, reducións no IRPF —de 2.150 euros na base impoñible xeral—, aboamento anticipado ou dedución fiscal por familia monoparental con máis dun fillo, protección por desemprego ou consideración como colectivo preferente en subsidio por desemprego.

A Xunta de Galicia, xunto coas entidades e asociacións, está a traballar na posta en marcha do Plan galego de política familiar. Estivo aquí o conselleiro informando sobre ese Plan galego de política familiar. Ese plan contempla, entre outras medidas, a creación dun rexistro de familias monoparentais —que é o que vostedes piden na súa proposta— e un sistema de beneficios específicos para estas familias, que tamén vostedes solicitan na súa iniciativa. Ademais, a Xunta está elaborando un programa de axudas para familias monoparentais, e para iso está en contacto coas asociacións, coas asociacións de nais solteiras por elección e coas asociacións de familias monoparentais de Galicia, para recoller as súas demandas.

A Rede Estatal de Entidades de Familias Monoparentais reclama algo fundamental, reclama unha lei específica para equipararse coas familias numerosas. Iso é o que reclama a Rede

Estatal de Entidades de Familias Monoparentais. Reclaman un cambio normativo para recoñecer como numerosas as familias monoparentais con máis dun fillo. En xaneiro do ano 2017 foi o Grupo Parlamentario Popular o que presentou unha iniciativa para demandar do Goberno de España modificar a lexislación relativa ás familias monoparentais con máis dun fillo, co fin de que sexan consideradas familias numerosas. Foi aprobada, pero non cos votos de todos os grupos parlamentarios desta Cámara, non con todos os votos dos grupos parlamentario desta Cámara.

Por outra banda, a rede o que quere é que se regule o concepto de familia monoparental, pero non só que se regule en Galicia, en Cataluña ou nas Illas Baleares. O que quere é que se regulen a nivel nacional, que é necesario que as familias monoparentais sexan recoñecidas en todo o territorio de xeito equivalente. Porque nós sabemos que foron moitas as comunidades autónomas que empezaron a regular, pero sabemos que en cada comunidade autónoma hai unha regulación diferente. Polo tanto, o que reclaman as familias monoparentais é que sexan recoñecidas en todo o territorio de xeito equivalente. Unha postura na que está de acordo a Rede Estatal de Entidades de Familias Monoparentais é solicitar da Administración estatal que lidere a coordinación coas comunidades autónomas co fin de acadar unha definición uniforme das familias monoparentais. Disto vostedes na súa iniciativa tampouco falan.

A Lei galega de apoio á familia non só recoñece as familias monoparentais e as regula, senón que as considera como familias de especial consideración. Nós estimamos que non é necesaria unha norma con rango de lei para regular unha materia que xa aparece definida nunha lei galega de familia. Nós consideramos que, en todo caso, o adecuado sería a elaboración e a aprobación dun regulamento que desenvolva o concepto, o rexistro e as medidas de apoio ás familias monoparentais. É o que nós estimamos oportuno.

Neste senso, a Consellería de Política Social o que prevé como primeira medida é o establecemento do rexistro de familias monoparentais e un programa de axudas específico para estas familias. Porque, miren, dicir neste momento que Galicia non conta con medidas de conciliación é mentir, ¡é mentir! O que non se pode é vir aquí a reclamar dende a oposición que se incrementen 3.000 prazas o número de prazas de escolas infantís cando poderían realmente poñer en marcha esas escolas infantís e o que fixeron foi dar voltas polos concellos. Porque en Galicia non atopamos máis prazas de escolas infantís que as que se puxeron en marcha polo Goberno do Partido Popular. *(Aplausos.)* É que é moi sinxelo reclamar prazas de escolas infantís e logo non recoñecer o que se está facendo, porque no curso 2018-2019 as familias galegas teñen á súa disposición 24.081 prazas de escolas infantís. En Galicia temos unha ratio do 41 %, oito puntos máis que a taxa recomendada pola Unión Europea. E, ademais, hai outras medidas de conciliación á parte da Rede galega de escolas infantís, que é moi importante. Está o Bono Concilia, están as casas-niño —porque considero que lles parecerán importantes os recursos de conciliación no rural, porque en Galicia hai moitos concellos no rural—. Ben, pois hai 46 equipamentos de casas-niño para a conciliación laboral no rural. E tamén hai axudas directas ás familias: a Tarxeta Benvida, esa tarxeta que non lles gustaba nada, chegou a máis de 30.000 nenos e nenas dende a súa posta en marcha, o 80 % dos nenos recén nacidos de Galicia. E ademais estendeuse ata os 3 anos. A Tarxeta Benvida elevouse aos 45.000 euros de renda anual máxima por unidade familiar, porque

moitas familias monoparentais non podían acceder a ela. E a Xunta corrixiu iso para que as familias monoparentais puidesen acceder á Tarxeta Benvida. E, ademais, está o incremento da dedución fiscal por nacemento ou adopción, a prestación por pago único e as bonificacións nas taxas en escolas infantís.

As familias monoparentais, señorías, teñen cada vez un maior peso na nosa sociedade. E nós sabémolo porque non vivimos aquí nestas paredes do Parlamento, vivimos coa sociedade. A sociedade sabe que neste momento as familias monoparentais cada vez teñen máis peso na nosa comunidade. E nós sabemos que a Xunta de Galicia ten que ter en conta as familias monoparentais cando pense poñer en marcha programas ou novas axudas, e así o está a facer.

Dende logo, nós o que consideramos oportuno é que hai que regular as familias monoparentais en Galicia, pero...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...non facer unha nova lei só falando dese tema. Nós consideramos que o adecuado sería un regulamento que o desenvolvera.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica do grupo autor da proposición de lei.

Señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Agradecemos tanto a En Marea como ao PSdeG o seu apoio nesta votación.

E vou facer varias consideracións sobre a intervención da voceira do Partido Popular, pese a que foi tremendamente contraditoria. Porque, por unha parte, non para de dicir que hai que regular, pero, por outra parte, que esta lei non; que todo o que fixeron eles xa chega e é suficiente pero, por outra parte, queda isto..., un *totum revolutum* no que a verdade é complicado ordenar as ideas para quen tanto presume de seriedade.

Vostede vén aquí a dicir que non é unha proposta seria porque non se fan medidas concretas. Veremos algunhas das cuestións concretas que vostedes, ademais, non están dispostos a facer. Vostede vén aquí xa dicindo, como punto de partida, que non falamos nada da Lei de familia galega, cando todas as voceiras fixemos mención á insuficiencia desa lei de familia. E eu expliquei con detalle por que non abonda ese concepto. Pero como vostedes crean esa realidade paralela, eu teño aquí o DOG —Lei de familia do 2011, artigo 13, concepto—. Inclúe ao final da definición de familia monoparental unha coma, que di: «...sempre que outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento». Non é tan difícil de entender que pode non haber outro ou outra proxenitora. Pode haber familias que,

por elección propia, dende o primeiro momento do inicio da relación familiar, teñan unha soa persoa proxenitora, sexa home ou sexa, como é maioritariamente, unha muller.

Esa realidade existe, esa realidade está ignorada, ignorada pola lexislación galega e ignorada pola lexislación estatal. É así. Hai intentos desde as comunidades autónomas. Hai cuestións interesantes como o decreto que onte entrou en vigor en Valencia, e como outras cuestións que se están a debater, que son interesantes e que completarían un pouco a categorización da familia monoparental. Pero atrévanse vostedes a que sexamos ambiciosos e ambiciosas desde o Parlamento galego e que, por primeira vez na historia do Parlamento galego pero tamén a nivel doutras comunidades e tamén a nivel estatal, pois teñamos unha lei que recoñeza o que pide este colectivo: que sexan visibles as familias monoparentais que o son de orixe por elección propia. Porque, se non as facemos visibles, van seguir operando prexuízos que efectivamente fan que a moitos niveis non sexan iguais.

E por suposto que a sociedade aí fóra é avanzada, e moitas veces moito máis avanzada do que van as leis, por suposto. E actúa de impulso. Iso é o que está acontecendo con esta cuestión, por iso vostedes están facendo que fan e vén aquí o conselleiro a meter no medio de cincuenta cousas as familias monoparentais, porque saben que hai unha sociedade fóra que está exixindo que deamos pasos. A cuestión é se vostedes queren que Galiza sexa vangarda, unha vez máis, en políticas feministas ou que volva quedar atrás, como están facendo cos seus nove anos de goberno.

Porque hoxe poderiamos aquí facer tamén un balance. Xusto hoxe, 25 de setembro, hai dous anos que todas e todos fomos escollidos. Para o BNG é un orgullo que esta sexa, ademais, despois dun 8 de marzo histórico, a segunda lei feminista que traemos a esta Cámara. Pero é que vostedes votaron en contra da anterior, votarán en contra desta, votaron en contra tamén doutra proposta que trouxo En Marea en materia de conciliación, votaron en contra dunha proposta feminista do colectivo trans. Entón, o seu balance son dous anos de lexislatura na que non presentaron unha soa lei ou proposición de modificación de lei que avance en materia de igualdade, e votaron en contra de todas as demais. Pois ¡carai co balance a prol do feminismo e co balance a prol da igualdade das familias monoparentais! Eu xa non vou nin facer mención á denuncia que saíu a favor da CIG o pasado venres, que denuncia o intento «malicioso» —é a palabra literal que aparece na sentenza— de impedir a consecución desa folga por parte das traballadoras do sector público autonómico. Pero poderiamos falar, por exemplo, de que este próximo luns volven saír á rúa traballadoras da Xunta de Galiza porque se lles impide conciliar, podemos falar de que seguen discriminando as traballadoras da Xunta de Galiza e un longo etcétera.

Pero eu si que quero deixar algunha proba máis da súa desidia, en concreto do que estamos a falar, que son as familias monoparentais. Eu insisto en que aquilo do que falamos non existe. Vostede fala moito dese plan familiar que leva en borrador cincuenta anos, e que xa había anos que incorporaba ese rexistro, que é unha demanda histórica do colectivo —tampouco é unha ocorrencia do BNG, pero non é unha ocorrencia vosa—. 2010: «*La Xunta creará un registro de familias monoparentales*». 2012 —borrador do Plan de política familiar—: «*La Xunta creará un registro de familias monoparentales*». 2018: o conselleiro, nesta Cámara —só despois de saber que ía haber unha lei específica a debate neste Parlamento—, volve co de

crear... Por certo, benvido, señor Rey Varela. É unha pena que non tivera tempo de vir ao debate, que seguro que recollería algunha achega interesante. Tamén é sintomático que a Xunta de Galiza nunca estea presente nestes debates. Eu creo que no século XXI tampouco custa tanto dar algún paso simbólico como crear ese rexistro, como facer un carné do século XXI e non unha folla de certificado familiar obsoleta.

Pero temos moitas máis mostras de desidia da Xunta de Galiza, outros plans de igualdade, por exemplo. Porque ninguén negará que este asunto é fundamental para a igualdade das mulleres na nosa sociedade. No Plan de corresponsabilidade familiar, que sacou a Xunta de Galiza despois de que o 8 de marzo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ....as galegas sairamos á rúa, nin unha soa proposta específica para as familias monoparentais. Logo veñen aquí falar o cincuenta por cento da súa intervención de conciliación, pero esquecérona nese plan.

Outro ámbito fundamental é o ensino. O actual Plan de igualdade no ensino non fai unha soa mención a este modelo familiar. ¿Imos educar os nosos nenos e nenas en igualdade sen ensinarlles que hai outros tipos de familia?

En fin, máis mostras de desidia, máis de tres plans da Xunta de Galiza que nin sequera contemplan isto.

Non sei canto tempo teño.

O señor PRESIDENTE: É que hoxe temos un problema con iso. Remate xa.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: É que eu teño para rato. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: É que xa vai en case seis minutos. Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, remato xa.

Poderiamos falar de moitas máis cuestións, de incumprimentos reiterados. Porque vostedes non teñen credibilidade, señora voceira do Partido Popular, cando veñen aquí a darnos unha retahíla de promesas incumpridas e cando nin sequera, dende 2011, arbitraron un só desconto autonómico na declaración da renda para este tipo de familias. E votaron en contra de facelo, votan en contra de cumprir a súa propia lei, o que dá idea do seu nivel de disparate.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Simplemente remato —de verdade, señor presidente— agradecendo aos colectivos que nos axudaron o seu apoio e comprometéndonos a que esta non vaia ser a última vez que este Parlamento sitúe as familias monoparentais, e de forma especial aquelas que o son por elección propia, no centro do debate. Noutros asuntos de-

mostrouse como a dereita sempre foi detrás do feminismo neste país, e volverán ceder nesta cuestión.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Desculpen, pero temos un problema cos sinais ópticos e acústicos, cos dous, porque non funciona tampouco o timbre de chamada, e por iso estivemos localizándoos para que voten. Intentaremos solucionalo pero son cousas da tecnoloxía. Podemos facer de todo, pero hai cousas que non somos capaces de arranxar.

Imos votar.

Por favor, pechen as portas.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando os textos lexislativos. En primeiro lugar, a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Socialista, de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías das prestacións sanitarias co obxecto de reforzar o sistema público de saúde.

Votamos.

(O sistema electrónico de votación non funciona.)

¿Non vai? Ben, votamos á man alzada.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Socialista, de modificación da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías das prestacións sanitarias, co obxecto de reforzar o Sistema público de saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de recoñecemento e apoio ás familias monoparentais.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo..

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Pasamos ao punto 3 da orde do día, que se corresponde co de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar dos acordos acadados coas organizacións sindicais sobre a carreira profesional

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, señor presidente, señores deputados.

Comparezo ante esta Cámara, para informar sobre o acordo acadado coas organizacións sindicais sobre a carreira profesional. Cumprimos así o noso compromiso do programa electoral do 2016 —falando de desenrolo profesional—, da Estratexia 2020 da Consellería —profesionais comprometidos e coidados pola organización—, e tamén da comparecencia de orzamentos de outubro do 2017.

Quixera empezar, en primeiro lugar, agradecéndolles aos profesionais, aos sindicatos asinantes, CESM, SATSE, UXT, CSIF e CIG —algúns dos cales están hoxe connosco escoitando esta comparecencia—, e ao equipo de recursos humanos da Consellería o esforzo realizado para chegar ata aquí.

Permítanme que dea comezo explicando en primeiro lugar en que consiste a carreira profesional. A carreira profesional constitúe o dereito dos profesionais a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto a coñecementos, formación, experiencia, investigación, docencia e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para a correspondente profesión, grupo ou categoría profesional. Os obxectivos dun sistema de carreira diríxense a recoñecer a achega dos profesionais á mellora da calidade dos servizos sanitarios públicos, a distinguilos outorgándolles un recoñecemento obxectivo da súa competencia profesional e individual, a xerar máis corresponsabilidade dos profesionais e a fomentar a cultura do compromiso co Sistema sanitario público, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación.

Sobre a oportunidade de establecer un réxime ordinario de carreira, a Administración sanitaria de Galicia constatou a necesidade de regular e implantar un modelo de carreira profesional para o persoal das institucións sanitarias públicas, en desenvolvemento do previsto nesta materia pola Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e da Lei 44/2003, de ordenación das profesións sanitarias.

As circunstancias económicas dos últimos anos, as medidas adoptadas no ámbito do emprego público e a normativa e dispoñibilidades orzamentarias imposibilitaron promover unha negociación con certas expectativas de consenso na mesa sectorial de negociación. A mellora desta situación económica e orzamentaria —que xa derivou na recuperación nos últimos anos de certos dereitos suspendidos— permitiu que o Servizo Galego de Saúde e as organizacións sindicais acordaran, no mes de outubro de 2017, iniciar a negociación das bases da carreira profesional, impulsala de modo prioritario na procura de finalizar a negociación e acadar un acordo no ano 2018.

Cumprindo o noso compromiso, na mesa sectorial do día 6 de xullo de 2018 a Consellería de Sanidade acada un acordo coa maioría das organizacións sindicais representadas na citada mesa, en concreto con CESM, SATSE, UXT, CSIF e CIG, e establécense as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e das entidades adscritas á Consellería de Sanidade, ao dito organismo. O dito acordo foi expresamente e formalmente aprobado polo Consello da Xunta na reunión con data de 19 de xullo de 2018, e publicado no DOG do 30 de xullo mediante orde do día 20 de xullo.

Este acordo implica a implantación por vez primeira na Comunidade de Galicia dun verdadeiro sistema ordinario de carreira, e para todos os colectivos profesionais sen distinción. Estas bases da carreira profesional permitirán recoñecer a achega dos profesionais das institucións sanitarias públicas ao longo da súa vida laboral e a mellora da calidade da prestación, impulsando e valorando o seu desenvolvemento nos aspectos relevantes para a correspondente profesión, grupo ou categoría profesional, así como para a súa participación nos obxectivos da organización.

O sistema de carreira profesional implantado presenta as seguintes características.

Por un lado, é voluntaria, corresponde ao persoal decidir se se incorpora ao sistema de carreira e o ritmo de progresión nos diferentes graos que a configuran, cumprindo os requisitos establecidos. De feito, a posibilidade de inscribirse na carreira profesional finaliza dentro de tres días, e aproveito para dicir, se aínda hai algún profesional que non establecese ou solicitase a incorporación, que pode facelo se así o considera.

Tamén é personalizada. O recoñecemento de grao ten carácter persoal e individual, e farase considerando os méritos presentados polo interesado.

É progresiva. O acceso aos diferentes graos recoñecidos na carreira farase sucesivamente ao longo da vida laboral, de forma que o acceso ao grao superior só será posible acreditando o recoñecemento de grao inmediatamente inferior e tras un período de permanencia no mesmo.

Tamén é avaliable. O sistema fundaméntase na avaliación, suxeita ao baremo dos méritos do interesado.

É transparente. Os elementos e criterios de avaliación serán públicos.

É actualizable por medio da revisión periódica dos elementos que se consideran na avaliación, de modo que respondan á realidade e ás necesidades cambiantes do servizo de saúde, dos seus profesionais e da contorna sanitaria e social.

Con carácter xeral é irreversible, salvo falta disciplinaria grave e moi grave. Pero incluso neste suposto é recuperable posteriormente.

É aberta. Non ten limitacións de acceso, sen cotas, sempre que se cumpran os requisitos básicos establecidos e os criterios definidos para obter cada grao.

É homologable en relación cos graos de carreira profesional acadados noutros servizos de saúde.

¿Cal é a estrutura da carreira ordinaria? A carreira ordinaria estrutúrase nun grao inicial e catro graos: o grao 1, o grao 2 —sénior—, o grado 3 —experto— e o grado 4 —referente—.

Ten dereito á carreira, e poderá polo tanto acceder ao grao que corresponda, o persoal que está a traballar nas xerencias do servizos galegos de saúde e nas entidades públicas adscritas —Fundación Pública 061, Ados, Acis, Ingo, Galaria— independentemente da súa condición de estatutario, funcionario ou laboral, e sempre que se atopen en activo, ou en situación administrativa con dereito a reserva de praza, acrediten o tempo de permanencia exixido e superen a correspondente avaliación.

No caso de médicos e demais licenciados sanitarios, o grao 4, referente, poderase acadar tras a avaliación favorable nun período de vinte e dous anos, o que sitúa a nosa comunidade na media do exixido no conxunto do Sistema nacional de saúde e por debaixo de servizos de saúde como Cataluña ou o País Vasco. Nas restantes categorías, para o referido grao, exíxense vinte e catro anos.

¿Cal é o procedemento? Pois o grao inicial poderase solicitar en calquera momento. Os procedementos para acceder aos graos 1 a 4 iniciaranse mediante convocatorias públicas unha vez ao ano no *Diario Oficial de Galicia*. Cada convocatoria determinará o prazo para presentar as solicitudes, que non poderá ser inferior a un mes.

A formalización das solicitudes de recoñecemento de grao será efectuada polas persoas interesadas a través do currículo do profesional habilitado no Fides, o Expediente-e, de xeito electrónico, non requirindo da súa presentación en papel.

¿Como é a avaliación para o recoñecemento de graos? A avaliación levarase a cabo por comités de avaliación específicos, creados en cada institución ou entidade. Poderán constituírse subcomités en atención a categorías que sexan obxecto de avaliación.

¿Cales son as funcións destes comités? En primeiro lugar, realizar a avaliación para o acceso aos graos de carreira profesional. En segundo lugar, solicitar os informes complementarios que estimen convenientes para realizar a avaliación. En terceiro lugar, emitir os informes que lles sexan solicitados acerca desta avaliación. E, en cuarto lugar, formular proposta ao

órgano con competencia en materia de recoñecemento de graos de carreira profesional, en relación co resultado da avaliación.

As persoas que desempeñen as vogalías serán nomeadas pola persoa titular da xerencia ou dirección, atendendo as categorías que sexan obxecto de avaliación. Na súa designación garantirase a presenza de cando menos un avaliador externo designado por sociedades científicas ou, no seu defecto, pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), un representante dos órganos de dirección, dous representantes dos órganos de representación do persoal e un representante do servizo, unidade ou área de traballo do persoal avaliado. A secretaría será exercida por un profesional da área de recursos humanos, con voz pero sen voto.

¿Cal é o baremo para a avaliación? Os baremos adaptaranse ás características de cada colectivo profesional, profesión ou categoría e estarán relacionados, segundo o caso, cos coñecementos, competencias, actividade asistencial ou desempeño do posto, formación, docencia, investigación, innovación e implicación e compromiso coa organización.

Os baremos de méritos e o proceso de avaliación poderán modularse en atención ás características asistenciais e/ou organizativas das diversas institucións, centros, servizos ou unidades.

A estrutura básica concrétase en catro grandes áreas. Unha área primeira, que é sobre actividade asistencial; unha segunda área, sobre competencia asistencial; unha área terceira, que engloba a formación, a docencia, a investigación e a innovación sanitaria; e unha cuarta área, que é a implicación e compromiso coa organización, que son actividades indicativas do compromiso do profesional coa organización e da súa participación na xestión interna do servizo ou unidade para a mellora da calidade.

Dispoñerá de efectivos para a prestación de servizos en centros de distintas localidades ou en centros que sexan de difícil cobertura asistencial —facendo aquí un punto importante para apoiar as coberturas a zonas máis rurais, a hospitais comarcais—, dedicación exclusiva no desempeño do posto do sector público, desempeño de postos de xefatura, coordinación, supervisión, dirección e responsabilidade, ou colaboración en proxectos corporativos de carácter social, sociosanitario ou de prevención de riscos laborais.

Participación tamén en grupos de traballo, comisións clínicas e comités constituídos formalmente; participación en tribunais ou órganos de selección, provisión e avaliación; participación nos protocolos deseñados pola organización para a acollida do persoal de nova incorporación; e outras actividades indicativas da implicación e compromiso coa organización que non sexan obxecto de valoración noutras áreas do baremo.

A promoción interna —tamén un punto importante—. As bases de carreira contemplan unha especial consideración da promoción interna. O persoal fixo dunha categoría que pase a prestar servizos noutra por promoción interna recibirá o mesmo tratamento que o persoal desta última categoría para os efectos de acceder á carreira profesional e progresar na mesma.

Manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos na categoría de orixe. No suposto de que se teña recoñecidos graos retribuídos de diversas categorías, graos 1 a 4, percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos. Cando o profesional teña recoñecidos máis de catro graos, percibirá o complemento de carreira correspondente aos catro graos de maior contía.

Señorías, o obxectivo da carreira profesional é recoñecer a achega dos profesionais á mellora da calidade dos servizos sanitarios, distinguir os profesionais outorgando o recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional individual e xerar máis corresponsabilidade e fomentar a cultura do compromiso co sistema sanitario público.

Temos un magnífico sistema sanitario público, do que forman parte excelentes profesionais aos que hoxe podemos recoñecerlles a carreira profesional.

Avanzamos dende que o pasado ano chegamos a un acordo na negociación cuns meses concretos para chegar a resultados, estamos cumprindo todos os prazos, pero, evidentemente, como aquí comentamos, queda aínda moito que traballar, no tema de baremos, todo o que é desenrolo e progresión.

Pero, a día de hoxe, a verdade é que a resposta que estamos tendo de todos os colectivos é moi importante e imos seguir traballando no desenrolo, porque ao final a carreira profesional ten que ser iso: un estímulo para todos os profesionais na mellora do servizo público sanitario.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

A verdade, señor Almuíña, é que eu lle agradezo que viñera aquí lernos o DOG. En tempos onde a sanidade pública de Galiza está nunha situación de auténtica emerxencia, nun momento onde despois de que o 4 de agosto se producira unha gravísima situación no PAC da Estrada, onde morreu unha persoa, onde vostede non deu ningunha explicación, onde vostede non veu aquí a este Parlamento dar explicacións, onde vostede non accedeu a vir comparecer despois de que llo pediramos os tres grupos da oposición, onde vostede tampouco veu por vontade propia, resulta que vén hoxe comparecer a vontade propia para falarnos da carreira profesional e vostede limítase a lernos o DOG. Ben, vostede é o conselleiro e vostede saberá o que fai, ¿non?

Diante da imposibilidade de evitar a constitución dunha comisión de investigación sobre o acontecido no PAC da Estrada, sobre cal é a situación da sanidade, resulta que o presidente da Xunta e o Partido Popular intentan cambiar o relato e intentan case convencernos de que

están encantados de que exista unha comisión de investigación, e fáltalles o tempo xa para vir comparecer; unha burla máis cara á sociedade, cara aos galegos e ás galegas e cara aos profesionais. Porque o señor Núñez Feixóo incluso se atreveu a burlarse dos profesionais, dicindo que ía comparecer para vir aquí defender os profesionais; unha auténtica burla despois de todo o que levan atacado os dereitos dos profesionais da sanidade do noso país.

Eu non sei se vostede está encantado de vir comparecer, nin sequera creo que se pronunciou ao respecto, nin sequera vai vir comparecer a esta comisión de investigación, nin sequera sei se o está desexando; supoño que non, porque nunca veu vostede aquí cando se lle pediu que viñera; sería a primeira vez.

O que si é certo é que a política sanitaria do Partido Popular a respecto dos profesionais da sanidade non pode ser máis lamentable. Eu teño dito xa en máis dunha ocasión que se teñen comportado como o peor dos empregadores.

E hoxe vénnos falar da carreira profesional como un gran logro. Eu teño que dicirlle que a carreira profesional é unha retribución complementaria, recollida no artigo 43 do Estatuto marco, ao igual que o complemento de destino ou o complemento específico, de aplicación polo tanto ao persoal, sen discriminación. E este acordo do que vostede vén aquí presumir lémbrolle que leva nove anos paralizado polo Partido Popular, porque estaba acordado, ao igual que outros moitos acordos paralizados polo Partido Popular cando volveu ao Goberno da Xunta, e que este acordo ao que se chegou tampouco foi gratuíto. Non é o acordo que pretendía asinar o Partido Popular e algúns outros, e vostede, conselleiro. Non. Chegouse a este acordo despois de oito meses de conflito, froito do traballo sindical, do esforzo de traballadores e traballadoras, de negociación na mesa sectorial, de mobilizacións e incluso de folga, non de todos, pero si dun esforzo dunha parte importante dos traballadores e traballadoras.

Porque non é o acordo ideal, faltan aspectos, pero intentarase que se cheguen a eles, pero inicialmente o que propoñían era insuficiente. Pretendían que só se limitara ao persoal fixo, e era moi limitado.

Evidentemente, a carreira profesional non é un mero recoñecemento económico. É un instrumento importante para promocionar o desenrolo profesional en termos de formación continua, de compromiso coa sanidade pública, de recoñecemento de esforzo profesional e persoal, para promocionar e fomentar as mellores prácticas profesionais e que redunden evidentemente en beneficio do doente, que ten que ser o obxectivo fundamental. E por iso, evidentemente, no BNG nos parabenizamos de que se chegara a este acordo, que insisto en que non é de máximos, mais é moito mellor que o que inicialmente se pretendía.

A situación laboral do persoal da sanidade pública en Galiza ten sido e é motivo de preocupación para o BNG. Temos presentado moitas iniciativas a respecto desta situación aquí neste Parlamento. Témonos mobilizado xunto cos traballadores e traballadoras na rúa, demandando un cambio de rumbo na política laboral da Xunta de Galicia, do Partido Popular, a respecto da redución de prazas, respecto das OPE —non satisfeitas—, respecto da precariedade laboral, da contratación por días e por horas.

Por certo, téñolle hoxe aquí, digo a título de exemplo, porque seguen vostedes practicando unha infame política laboral, que fai que moitos dos traballadores e traballadoras do sistema marchen fóra. Mire, por exemplo este verán, un exemplo simplemente, dun traballador: *(A señora Prado Cores mostra un documento.)* un mes, un contrato dun día, outro día, outro día; este é só dun mes dun traballador.

Pero non son contratos para substituír, son contratos de acumulación de tarefas. ¿Vostede sabe o que significa acumulación de tarefas, non? Non é que estean substituíndo unha persoa que falta un día, porque vostedes non substitúen. Esta é a súa política laboral. Ben, pois este é un exemplo que lle quería traer hoxe aquí. Quince contratos dunha persoa nun día, un exemplo. E non é un caso illado, é a tónica. Teño aquí tamén outro doutra persoa do sistema público e podiamos traer aquí outro. Esta é a súa política laboral.

Ao igual que lle teño hoxe aquí unha cuestión que comentar, porque seguen vostedes mentindo vilmente. Hoxe o deputado señor Núñez Centeno volveu dicir que hai máis traballadores no sistema, e insisten e persisten. Mire, eu tamén teño o Informe de fiscalización do Consello de Contas, onde, por exemplo, fan un exercicio de facer unha avaliación de traballadores no sistema sanitario a diario. Esta é a realidade, non é orzado, que logo vostedes non cumpren, non; os traballadores a diario que están no sistema. E ¿sabe que dá de resultado estes traballadores a diario no sistema sanitario público, entre 2009 e 2016?, porque o último informe é de 2016. Pois dá que o dato queda hoxe en mil quiñentos traballadores máis no sistema. Pois o dato é que en hospitalaria 631 profesionais menos a diario no sistema entre 2009 e 2016. Consello de Contas, ¡eh!

¿Que dato dá? Que en primaria, a diario, entre 2009 e 2016, 1.096 profesionais menos traballando a diario. Ese é o dato real. Iso que aquí se computan incluso os que están por horas, incluso os que están por horas ou días soltos. Se imos a persoal fixo, propietario, fixo, entón os datos son demoledores. Pero xa computando incluso substitutos, eventuais e demais, Consello de Contas: profesionais a diario traballando en primaria, 1.096 profesionais menos. A diferenza entre 2009 e 2016, mil e pico traballadores menos.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: Os datos, Consello de Contas, reais, non eses que poñen para que conten ben nos papeis diarios.

Esta é a política de persoal real: menos traballadores a diario, menos traballadores no sistema, porque esta é a realidade: menos profesionais traballando, por iso listas de espera, por iso non substitucións, por iso a xente sufrindo a diario as consecuencias da súa política sanitaria.

Por iso, señor conselleiro, no BNG parabenizámonos de que, froito do esforzo dos traballadores e traballadoras, dese esforzo negociador, desa loita na rúa, desa loita nos centros de traballo, se conseguira chegar á aprobación dun acordo de implementación dunha carreira profesional nove anos despois de que vostedes a suspenderan e nove anos despois de que a tiveran paralizada.

O Partido Popular, en política de persoal, ten pouco de que presumir, ten moitos deberes por facer, ten moito que facer para eliminar a precariedade, a temporalidade, para repoñer os efectivos eliminados en persoal na sanidade pública no noso país e ten moito que facer para atender as demandas máis que xustas do persoal, do persoal dos PAC, do persoal do 061, do persoal en xeral...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...da asistencia sanitaria do noso país.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día, señor conselleiro.

A verdade, aínda que foi dito, non podemos negar volver insistir na mesma cuestión. Co que ocorreu en todo este verán no sistema e coa atención sanitaria e cos problemas que houbo, era de esperar que vostede tivera non unha comparecencia sobre este asunto, que está ben e que é oportuno e sempre é positivo poder falar, senón que tivera tido algunha outra comparecencia anteriormente, polo menos que non vetara a súa presenza aquí. *(Aplausos.)* E a verdade é que eu sei que a vostede non lle gusta que llo recorden, pero a mellor maneira de que non llo recorden, que se negou a comparecer por situacións difíciles, era ter comparecido, señor conselleiro.

Faina hoxe sobre a carreira profesional para celebrar un acordo. Os acordos sempre están ben. Nós non estaremos nunca en contra de ningún acordo, especialmente se se chega cos traballadores ou coa maioría das centrais sindicais neste caso, coa representación da maioría dos traballadores; sempre está ben. Queremos apuntar algunhas cuestións sobre isto.

Cabe lembrar que o inicio deste acordo foi bastante forzado, notoriamente non por vontade propia da Consellería, notoriamente. Aínda así, é normal que a consellería dun goberno como este non teña vontade de ter un acordo cos traballadores, que sexa obrigada a facelo. Iso entra dentro do razoable. E hai que recordar tamén que vostedes presumen agora dun acordo que vostedes non respaldaron no seu momento.

Ou o que é o mesmo, por facer un pouco de historia: había un acordo co Goberno da Xunta en 2005 que comezou a desenvolverse, *llegó el comandante y mandó parar*, en 2010 parouse e agora reanúdase unha pequena parte dese acordo, cun traballo previo moi bo, que é precarizar e explotar todo o sistema, dinamitalo por completo en precariedade laboral, e, así,

agora queda fóra do acordo un terzo dos profesionais do sistema. Había un acordo para todos e agora hai un acordo para dous terzos do sistema, que nin sequera é completo. Tampouco hai tanto que celebrar, tampouco hai tanto que celebrar. Os acordos están ben, pero tampouco hai tanto que celebrar, porque é un pouco pirueta aquilo de presumir ter feito agora un avance que xa estaba feito pero que vostedes nos pararon, e é un pouco pirueta.

Eu entendo que, dentro da lexitimidade do debate político, un ten que presumir das cuestións en que avanza, pero nesta a verdade, señor conselleiro, é que tampouco avanzaron tanto. Estaba feito. De feito, moito mellor sería que colleran o avance daquel momento e así probablemente máis persoal se vira beneficiado e probablemente estariamos falando dun persoal mellor tratado do que o teñen, que a verdade non está de todo ben tratado, a pesar do innegable e magnífico esforzo que fan. E a verdade poderiamos telos tratado un pouco mellor historicamente, e, ademais, coas dificultades que constantemente teñen, sempre sería mellor.

Ten algunhas eivas. Un terzo dos profesionais queda fóra. Vostede sabe que algún sindicato ten alertado deste problema e, lexitimamente, tense quedado fóra do asinamento por isto, e non deixa de ser preocupante. Un terzo dos profesionais do sistema sanitario non se poden beneficiar deste acordo e, como diciamos, basicamente por unha cuestión de precariedade. Temos un dos sistemas máis precarios que coñecemos historicamente agora mesmo, e temos os profesionais na situación máis débil que coñecemos ou que se poida lembrar dentro do sistema. E isto non é bo. A falta de estabilidade provoca máis dificultades na asistencia, máis dificultades na planificación, máis custo; é máis ineficiente. E, por tanto, todos eses problemas do sistema tamén son achacables a que cando un celebra unha parte do acordo ten que ser consciente de que hai moita parte que non existe.

Toda esa precariedade, polo tanto, amosa un sistema aínda bastante feble en termos laborais, produto dunha consellería que, a verdade, por lembrar algún caso, cando os profesionais dos PAC se queren reunir coa consellería son botados, cando algún sindicato non está de acordo é menosprezado, cando se traen aquí a este Parlamento cuestións que melloran calidade dos profesionais vótase en contra. Digamos que hai unha tendencia natural a facelo.

E hai moitísimas cuestións en materia laboral, señor conselleiro, que aínda quedan por resolver e das que en realidade coñecemos ben pouco a opinión profunda e a longo prazo da Consellería, porque o única que sabemos é, como se declarou nalgunha entrevista, que «éche o que hai», que a verdade —digamos— non é unha profundidade de opinión tampouco tan longa e tan extensa; «éche o que hai» queda un pouco limitado así entre o trumpismo e o aznarismo, ¿non? E eu creo que este goberno debería dar un pouco máis ou ir a outros referentes.

Hai algunhas cuestións, por exemplo os catrocentos millóns de euros aproximadamente, trescentos noventa-catrocentos millóns de euros, que se utilizan para pagar eventualidades no sistema cada ano. Estamos pagando eventuais e cuestións puntuais ou aparentemente puntuais entre trescentos noventa e catrocentos millóns de euros ao ano no sistema. Moitos deles son profesionais que están de maneira permanente no sistema pero contratados de maneira eventual, o cal é unha fraude de lei. E non é que o digamos nós, é que a Unión Europea ten emitido sentenzas en contra do noso sistema en Galicia, que din que hai que contratar de maneira estrutural aquelas persoas que pasan notoriamente moito tempo

permanecendo no mesmo posto de traballo pero que son contratadas ás veces de luns a venres, son despedidas, o luns outra vez ata o venres, son despedidas, e ás veces de luns a venres e, se acaso o venres é festivo, de luns a xoves; e a fin de semana se cadra as mesmas persoas teñen que ir facer substitucións de horas ou dun día. E iso non é un sistema aceptable, porque non é eficiente. Indubidablemente todo o sistema ten que ter unha porcentaxe de persoal que ten que ser contratado de maneira eventual para cubrir as necesidades, os reforzos puntuais, pero non pode ser o hábito, e é o hábito neste sistema.

Temos 400 millóns de euros destinados a iso. ¿Por que? Pois, entre outras cousas, porque este goberno contrata de todos os profesionais que son titulados MIR, de todo o persoal que se forma e acaba titulado MIR, contrato de maneira estable, menos do 15 % cada ano. Ao outro, o 85 %, algúns repiten o MIR, incluso para seguir mantendo certa práctica, incluso porque non queren desvincularse do sistema; moitos van a outros lugares, algúns entran na sanidade privada e algúns, como non teñen máis percorrido, teñen que acabar facendo substitucións e están traballando dous ou tres meses ao ano en total.

E tampouco é que o digamos nós, dío o decano de Medicina que, vostede sabe que opinou claramente e dixo que o CHUS era un hospital mortecino —díxoo, que é un cualificativo duro— por culpa de que non se contrataban suficientes MIR; dío o Colexio de Médicos de Pontevedra; dío o Colexio de Médicos de Ourense, recentemente, coa súa nova dirección, que falaba da necesidade de estabilizar e de contratos que están sendo bastante precarios no sistema.

En realidade, hai un problema de estabilidade no sistema, e a carreira profesional, aminorada e só para dous terzos do sistema, porque vostedes a pararon en 2010 e dinamitaron polo medio toda a situación estable do persoal, non resolve practicamente ese problema, resolve algún pero non todo.

Hai unha dualidade laboral preocupante. Hai profesionais coa mesma formación, practicamente cos mesmos anos de experiencia, facendo o mesmo traballo, que teñen dúas condicións laborais distintas. E este é un problema no sistema. ¿Por que teñen dúas? Porque un é estatutario e o outro leva o mesmo tempo pero traballando con contratos de meses. E isto é inaceptable no sistema. Primeiro, por unha dignidade do traballador, e, segundo, porque o sistema non se pode permitir ter dous traballadores facendo o mesmo con salarios distintos. É un principio fundamental: mesmo traballo, mesmo salario; engadamos: mesmas condicións laborais. E isto non ocorre no sistema e é un problema: dous profesionais facendo o mesmo, coa mesma formación, cunha experiencia semellante que estean en situacións laborais distintas. Non é posible ou non debera ser posible, non é aceptable. Claro, ¿cal é a vantaxe? Que a un se lle pode explotar máis, *(Aplausos.)*, e iso non é digno, a un se lle pode explotar máis, e non é digno.

Hai un nivel de precariedade como non viamos nunca, e nós preguntámonos se esta comparecencia —ademais, como foi dito aquí, de para ler o DOG— non serviría para facer unha previsión a longo prazo ou a medio prazo do que se quere facer, de para onde temos que ir, de onde queremos crecer. Se cadra incluso a Consellería pode ter liñas estratéxicas que despois pode non conseguir, pero pode ter liñas estratéxicas. ¿Cales son? Agardo que non sexa o de «éche o que hai», porque, en realidade, agardamos que sexa algo máis.

Pero, claro, é que as liñas estratéxicas da Consellería certamente poden ser bastante erráticas. Non é por lembrar que a última, extraordinaria, veu aquí dúas veces ao Parlamento, rexeitada unha, aprobada noutro momento a mesma proposta, o cal demostra un criterio sólido sen dúbida, que se forzaron xubilacións nun momento nos 65, logo falouse dos 67, viñan cos 68, en realidade bailamos tanto coas xubilacións que nunca sabemos cal é a posición da Consellería. Se cadra era igual máis sinxelo e posible facer unha previsión de cando se van xubilar os profesionais e ter unha previsión a longo prazo, se é posible.

Incluso preguntamos aquí polas prazas da universidade e este goberno non tiña nin sequera unha previsión, ou —a realidade— non a quere contar nunca —nunca quere contar o que pensa—, de se tiñamos que ter as mesmas, menos ou máis prazas de medicina. Porque, en realidade, o Goberno —e esta é a conclusión que nós obtemos, lamentablemente— non ten vontade de resolver o problema. Este Parlamento para o único que lle serve ao Goberno é para caixa de resonancia propagandística —un labor político como outro calquera— e, sen ningunha dúbida, para escapulir.

Non é un mérito escapulir dos debates, señor conselleiro, non é un mérito ser capaz de non comparecer aquí para falar das cousas; nin sequera é un mérito enfadarse cando se lle pregunta a un por algún tema cando non gusta, que ás veces hai temas que non son de gusto para ninguén. Non é un mérito ser capaz de vir aquí non contestar as cousas e saír contento por ser capaz de evitar unha resposta. Non é un mérito non falar das cousas. E, por suposto, non é un mérito ocultar información. E, polo tanto, nós convidámolo a que está ben que celebremos un acordo, pero, xa que temos unha comparecencia, que souberamos algo máis da política laboral da Xunta de Galicia. Aínda que pode ser que a moitos non nos poida gustar e a moitos outros si, a realidade é que polo menos saber algo a oposición, porque, se non, a verdade é que esta comparecencia, que inicialmente tiña boa pinta, podiámola ter aforrado; con ler o acordo era suficiente. E a política é algo máis que xestionar papeliños dun lado para outro, terá que ver con liñas prioritarias e con posicións políticas de cara a onde se quere ir.

A verdade é que, en realidade, botamos de menos saber cara a onde vai a Consellería...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...ou ás veces incluso dá medo saber cara a onde vai. E ese é o noso problema. E agardamos que nos poida aclarar algunha cousa máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señor Almuíña.

Escasa e limitada comparecencia a súa, que, como xa se dixo aquí, se remitiu simplemente ao publicado no DOG. Tristes os momentos nos que as centrais sindicais teñen que negociar entre as migallas e a nada, señor Almuíña, e todo a pesar dese incremento ou dese crecemento do PIB que, efectivamente, remiten todos os organismos económicos e o propio Consello de Contas e incluso o Consello Económico e Social de Galicia, que indica o incremento da pobreza a pesar do crecemento da macroeconomía. E iso ten moito que ver coa ausencia de recuperación dos dereitos que foron roubados dende o inicio da crise capitalista, señor Almuíña.

Claro, vén vostede hoxe presentar aquí un acordo que, como xa se lle trasladou, deixa en interrogante ou deixa no tinteiro por que vostedes non respectan os profesionais de carácter eventual e por que no caso dos laborais e por que no caso dos interinos esta recuperación de dereitos é simplemente de carácter parcial, señor Almuíña, por que simplemente se atende unha porcentaxe dos profesionais.

E isto ten moito que ver co descenso de persoal, de profesionais de carácter fixo, con praza en propiedade. Díxoselle aquí, dixémosllo en moitas comparecencias. O Consello de Contas indica que os índices de temporalidade continúan a ser altos e se incrementan cada ano; no último exercicio analizado, un 37,6 % de temporalidade na especializada e un 26,3 % de temporalidade na primaria. O Consello de Contas alerta da diminución no último exercicio, só no último exercicio, de 689 efectivos medios de profesionais de persoal propietario e incremento da eventualidade.

Polo tanto, señor Almuíña, é moi doado aceptar ou aprobar ou ofrecer algo que xa tiñan que ter recoñecido hai nove anos cando realmente unha gran parte dos profesionais do sistema público non vai poder acceder a eses dereitos. Estaría ben que vostede lles trasladara a eses profesionais por que non se lles recoñece o seu traballo a pesar de que moitos deles levan moitos anos traballando no Sistema público de saúde.

Evidentemente, tamén ten moito que ver con esas taxas de reposición que durante moitos diminuíron os profesionais na sanidade pública, e aquí hai que facer un alto —e xa se dixo antes—. Eu quixera que vostede aproveitase a súa intervención para explicarnos de onde sae o seu cálculo de profesionais no Sistema público de saúde. Non sei se vostedes contan os contratos eventuais ou é que vostedes simplemente contan as incorporacións sen contar as xubilacións. Estaría ben que vostede explicase aquí de onde saen esas cifras, que non coinciden nin co Consello de Contas nin co Ministerio de Administracións Públicas, nin co INE, nin con ningún dato público que exista en relación cos profesionais dentro do Sistema público de saúde na nosa Comunidade Autónoma, ¡por favor!, porque nós consideramos que vostedes dan un dato que é autenticamente falso, e estase dando unha e outra vez; é a técnica de Goebbels, máis que coñecida neste Parlamento. Aproveite hoxe e explíquenos de onde sae esa información.

Falabámolo noutra comparecencia e nos anteriores plenos. Durante moitos anos vostedes invitaron, obrigaron a xubilarse forzosamente a moitos profesionais médicos. Agora botamos as mans á cabeza coa ausencia de profesionais, sobre todo en pediatría. Vostede podería aproveitar para falar hoxe diso. Pero, non obstante, remitiuse simplemente a lernos un DOG.

Estaría ben, señor Almuíña, que vostede falara de por que seguen permitindo o incumprimento da Lei 53/1984, que fai referencia ás incompatibilidades dos profesionais públicos no servizo das administracións públicas, señor Almuíña.

Chámanos a atención que vaian vostedes valorar de xeito positivo esa adicación exclusiva cando realmente é unha obriga. Non é nin que teñan que valoralo nin positiva nin negativamente, é que vostedes non deberían estar a permitir ese incumprimento da lei. Chama a atención que, ademais, o valoren máis nas xefaturas de servizo. Nós imos rexistrar agora unha iniciativa, como vostede xa sabe, e estaría ben que se pronunciase. O xerente do Servizo Galego de Saúde, o señor Campa, recoñeceu que tiñan expedientes abertos, a teor dos datos que temos, totalmente insuficientes. Vostedes voltan premialo aquí, como se non fora de obrigado cumprimento a lei. E a verdade é que chama bastante a atención.

Van premiar vostedes, segundo dixo e trasladou aquí, ou van valorar polo menos o traballo dentro das zonas rurais. Curioso premio de consolación despois de espoliar e de acabar con parte dos servizos sanitarios dentro do medio rural no noso país. Acabamos de denuncialo nas últimas semanas dende o noso grupo e é continua a perda de profesionais. As amortizacións afectaron a todo o Servizo Galego de Saúde, pero teñen un efecto demoledor cando estamos falando das zonas rurais e do acceso aos servizos sanitarios. Parece bastante paradoxal que vostede o premie aquí e, non obstante, non haxa ningún tipo de atención no que ten que ver coa planificación da saúde.

E parece curioso tamén que isto non se acompañe dunha memoria orzamentaria. A min gustaríame, señor Almuíña, que nos dixera cal é a partida que vai figurar no vindeiro orzamento, que entrará entendemos que nun prazo breve nesta Cámara, entre outras cousas, porque nin tan sequera devolveron vostedes as pagas extras que lles retiraron aos profesionais dende que vostedes entraron no Goberno; non están pagadas todas esas pagas extras.

Gustaríanos saber que partida orzamentaria hai adicada a poder sufragar esas melloras que veñen contidas neste decreto, nesta orde da carreira profesional, sobre todo cando vostedes continúan sen aboarlles aos profesionais dos puntos de atención continuada a nocturnidade e a festividade. Preguntámonos por que non se poden aboar eses elementos e por que vostede vén de presumir hoxe aquí de algo que non atinxe nin a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde e que descoñecemos se van ter algunha partida adicada a poder pagalo, señor Almuíña.

Tamén é bastante curioso que falen no decreto —a verdade é que si— de motivación dos profesionais. Nós defendemos aquí en moitas ocasións a necesidade de formación continua de calidade para evitar, evidentemente, que os profesionais se vaian, para actualizar os coñecementos das e dos profesionais, pero que esta Xunta de Galicia, que despreza autenticamente os profesionais, fale de motivación é cando menos paradoxal, señor Almuíña.

E podería vostede falar hoxe aquí desa sentenza da que se fan eco os medios de comunicación que condena a súa Consellería, que condena a vostede polo maltrato aos residentes na provincia de Ourense. Porque, claro, para algo vostedes suprimiron as áreas sanitarias. Agora a

xente ten que cobrar unha miseria para ir facer as gardas presenciais. É un varapalo máis que, desgraciadamente, imos pagar todas e todos nós. Porque con todas as sentenzas que vostedes perden dáse o paradoxo de que as temos que pagar todas e todos, porque a Consellería de Sanidade é un ente público e o Servizo Galego de Saúde un ente público, señor Almuíña.

Explíquenos —vostede vén presumir aquí hoxe da calidade do traballo das e dos profesionais — por que obrigaban a recorrer cen quilómetros aos profesionais en quince ou vinte minutos, algo que obviamente é totalmente imposible, señor Almuíña. ¿Onde está o respecto aos profesionais? ¿Onde está a calidade asistencial? ¿Onde están os dereitos laborais para os eventuais, para os residentes, para aquelas persoas que aínda non poden acceder a isto que hoxe nos presenta vostede aquí?

Eu creo que, simplemente, esta presentación, señor Almuíña, é un lavado de cara, intentar dar unha noticia positiva en medio do marasmo de noticias negativas das que vostedes —evidentemente, non só vostedes, afortunadamente— terán que dar contas nesa comisión de investigación. Hai moita dor nos recortes e nas privatizacións dos últimos nove anos, señor Almuíña, moita dor, porque significaron a perda de dereitos laborais, porque significaron a perda de dereitos no acceso á saúde, e dende logo hoxe debería vostede facer algo máis aquí, ao noso entender, por suposto, que ler a orde que está publicada no DOG.

Estaría ben que falara tamén desa oferta pública de emprego, da ausencia da convocatoria de prazas para moitas categorías e dende logo dese desprezo que vostedes fan aos e ás profesionais eventuais.

Polo tanto, quédanlle as preguntas sobre a mesa, señor Almuíña. Fálenos do orzamento, fálenos dos profesionais eventuais, fálenos de como se vai aplicar esa carreira profesional, fálenos desta sentenza, fálenos do que di o Consello de Contas e, por favor, ilústrenos coa súa intelixencia dándonos o cálculo de como calculan vostedes os profesionais que hai actualmente no Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a réplica o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

(Murmurios.)

¡Ah, perdón, perdón! Estaba marcado aquí.

É o turno do Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno. Moitas grazas.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día de novo, señoría.

Bo día, señor conselleiro.

E dende o grupo maioritario queremos agradecer a súa presenza, a súa comparecencia neste pleno, para explicar o proceso desenvolvido para a aprobación da carreira profesional, para todos os colectivos profesionais, para todos os colectivos profesionais do Servizo Galego de Saúde, que se acordou coas distintas organizacións sindicais. Gustaríanos felicitar dende esta tribuna tamén a todas as persoas da Consellería que traballaron para a consecución deste acordo e, por suposto, a todos os representantes dos distintos sindicatos, da CESM, como ben dixo vostede, de SATSE, de CSIF, de UXT e da CIG, que asinaron este acordo. *(Aplausos.)*

Dende logo foi un traballo duro pero que resolveu unha xusta reivindicación dos profesionais, dos traballadores e traballadoras do Sistema público de saúde de Galicia. Por iso sorprende moito o discurso que vimos de escoitar, señor conselleiro, dos voceiros dos grupos. O acordo foi tan amplo que ata o asinou a CIG, que non se distingue ultimamente por asinar excesivo número de acordos.

Aquí falouse de case todo menos da carreira profesional. E dicía, señora Prado, que se acadou un acordo non de máximos, pero mellor do que se pretendía. Eu creo que no dicionario da Real Academia Española, que citou antes o señor Torrado, iso chámase «negociación». Se iso non é unha negociación, que veña Deus e o vexa.

E falouse aquí da Comisión de investigación, con cousas moi curiosas. Un voceiro ou voceira da oposición, na intervención anterior no debate da lei, acusou o presidente ou criticou que o presidente Feijóo anunciara a súa comparecencia ou a súa solicitude de comparecer na Comisión e agora vostede pídenlle que o anuncie aquí no pleno; ben, estas cousas así estrañas que pasan aquí.

Efectivamente, o acordo estaba paralizado, estaba paralizado polas circunstancias económicas do ano 2008. Aquí falouse de informes do Consello de Contas e a min gustaríame que se revisaran os informe do Consello de Contas do ano 2008 de como estaba a situación da sanidade galega. Agora olvidámonos tamén daquela débeda que había por aqueles adiantos de liquidación do Estado, que aínda estamos a devolver agora. Creo que a situación non estaba para moitas festas.

E comezou vostede por definir a carreira profesional. Cremos que é importante esa definición. ¿Por que? Porque recoñece —e díxoo vostede— que é un dereito dos profesionais a progresar cun recoñecemento valorando a experiencia, pero non soamente a antigüidade, senón a experiencia, engadindo coñecementos, formación, investigación, docencia e outros aspectos relevantes para cada profesión ou categoría profesional.

Dende logo —e é a miña opinión dende sempre, dende hai moitos anos—, a carreira profesional non pode ser unha paga extraordinaria adicional, non pode ser unha paga extraordinaria adicional, unha paga extraordinaria por antigüidade; para iso están os trienios.

E esa carreira profesional ten unha serie de obxectivos, que tamén citou vostede, que é recoñecer a achega dos profesionais a mellorar a calidade do servizo —aquí estamos falando do cidadán—. E recoñecer tamén esa competencia profesional é distinguila, xerar corres-

ponsabilidade co sistema. Os traballadores do sistema temos que ser responsables tamén do que facemos e valorar o compromiso coa sanidade pública ou actualizar coñecementos e competencias, mellorando a cualificación de todas as persoas que traballamos na sanidade pública galega.

Ten que ser un recoñecemento da mellora da formación, da actualización e da humanización da asistencia sanitaria e ten que redundar en beneficio do verdadeiro centro do sistema sanitario. E o verdadeiro centro do sistema sanitario é o paciente. A carreira profesional ten que mellorar a atención ao paciente.

Por suposto que todos coñecemos, aínda que algúns se esquecen, os anos que vimos de pasar, e dá a sensación ás veces, escoitando, que o que pasou da crise, o que pasou do recorte nos ingresos públicos, dos cartos públicos, non existiu. Afortunadamente, co esforzo da cidadanía, superamos esa situación. Hai cento vinte días non superaramos esa situación, os indicadores económicos non valían, a situación laboral, a situación da diminución do paro non servía; agora parece que si, agora parece que xa o novo Goberno admite que a situación económica é mellor, e parece ser que a situación laboral tamén é mellor, a pesar de que as cifras do paro de agosto nos deberían de facer posiblemente reflexionar.

E, como vostede ben dixo, esa recuperación económica facilitou que se negociara esa recuperación dos dereitos das bases da carreira profesional; negociouse e chegouse a un acordo; parece que molesta nalgúns casos que se chegara a un acordo. E este acordo implica, por primeira vez, a implantación na Comunidade Autónoma dun verdadeiro sistema de carreira profesional, para todos os colectivos profesionais, e que deixa de ser, como dicía antes, un premio de antigüidade para converterse nun recoñecemento da excelencia e da mellora para mellorar a atención sanitaria, para mellorar a calidade da asistencia sanitaria que lle prestamos á xente, ás galegas e galegos.

E, por suposto —do que tamén falou—, hai que facer ver as características da implantación da carreira, que ten que ser voluntaria —non cabe dúbida—, ten que ser personalizada, ten que basearse nos méritos de cada un, non debe de ser xeral, ten que ser individualizada baseándose nos méritos de cada un.

Falamos tamén ou falou da composición dos comités de avaliación e das súas funcións. Hai un avaliador externo, que cremos que é unha garantía, designado por sociedades científicas preferentemente ou ben por representantes do persoal. Está contemplado no decreto, e iso pensamos desde o grupo maioritario que é bo, porque é unha garantía para que se fagan ben as cousas.

Tamén sobre o decreto vostede falou dos baremos, da actividade asistencial, da competencia asistencial, da formación, a docencia e a investigación. Para min é fundamental; é dicir, hai que valorar a formación, hai que valorar ese traballo dos titores nos centros hospitalarios e nos centros de atención primaria; iso debe valorarse e terse en conta na carreira profesional.

Tamén quero facer especial fincapé na implicación e no compromiso coa organización. Aquí agora protéstase porque se queira poñer en valor ou puntuar ou baremar desempe-

ñar postos de difícil cobertura. Eu creo que é unha situación que se está a facer en todas as comunidades autónomas, diante da escaseza de profesionais e da dificultade que ten hoxe mesmo cubrir os postos de determinados hospitais e de determinadas localidades, tanto en primaria como en hospitalaria. Valorar e puntuar esa dedicación pois pode ser un dos sistemas que axuden a solventar esta difícil situación. Houbo comunidades autónomas —e vostede sábeo— que ¿como solventaron o problema das vacacións do verán? Colocando médicos recén licenciados sen especialidade en atención primaria. Eu creo que iso, polo menos, é de dubidosa legalidade; non sei se se pode facer ou non, pero desde logo dúbidas hai.

Tamén me parece destacable o apoio ou a baremación que se fai da dedicación exclusiva. Eu desde logo son un absoluto partidario da liberdade. Creo que o médico ou calquera outro profesional sanitario debe de ter liberdade para exercer na pública e na privada, debe de ter esa liberdade, cumprindo sempre a lei. Non se pode utilizar a pública para beneficiarse da privada, pero si se pode exercer dentro desa mesma liberdade. E esa adicación exclusiva ten que ser e pode ser, e a nós desde o grupo parécenos perfecto que iso sexa un punto a baremar no desenvolvemento da carreira profesional.

Tamén nos parecen importante as consideracións que fixo vostede sobre a promoción interna. A promoción interna ten que estar valorada, e esas diferenzas que pode haber segundo a categoría profesional que se desempeñe nun momento ou outro teñen que estar tamén incluídas nesta baremación da carreira profesional.

Eu vou rematar agradecendo novamente a súa comparecencia e agradecendo novamente todo ese traballo do persoal da Consellería, de recursos humanos e dos traballadores da Consellería, e todo ese traballo das distintas organizacións sindicais, que penso que neste caso acadaron e asinaron un avance importantísimo e un avance reclamado polos profesionais do Sistema galego de saúde, que é a posta en marcha ou a volta a recuperar os dereitos da carreira profesional no sistema sanitario.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Agora si. Para réplica ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Está claro que non lle gusta á oposición a carreira profesional, non lle gusta, pero non sacan —digamos— ningún argumentario, simplemente empezan a falar de calquera tema que lles veña á cabeza. Nós, non obstante, si vimos aquí comparecer e falar de algo transcendental, que é a carreira profesional, algo que desde logo é importante na mellora do futuro da nosa sanidade pública.

O recoñecemento de graos da carreira profesional outorgará aos profesionais os seguintes dereitos: a súa constancia, para os efectos de currículo, a facer constar publicamente o grao de desenvolvemento que teñen acadado, a acceder ao grao superior sempre que se acrediten os demais requisitos exixidos e á percepción do complemento de carreira.

Os graos 1 a 4 recoñecidos ao persoal estatutario fixo retribuiranse mediante o complemento de carreira establecido como retribución complementaria de carácter fixo para o correspondente grao ou categoría.

As contías anuais que se perciban deste complemento devengaranse en doce mensualidades. Este complemento percibirase en todo caso na situación de servizo activo na correspondente categoría e durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración sanitaria.

A contía do complemento de carreira sitúa a Comunidade Autónoma de Galicia por encima da media da remuneración deste concepto no Sistema nacional de saúde. É a primeira vez que hai unha carreira ordinaria, e desde logo imos por diante de moitos servizos de saúde.

Así mesmo, desde a Consellería de Sanidade promoveremos unha modificación do apartado 3 do artigo 118 da Lei 8/2008, modificada pola Lei 1/2018, de saúde de Galicia, para habilitar que o persoal interino en praza vacante poida ser remunerado co complemento de carreira, igualando plenamente deste xeito o persoal fixo e interino do noso cadro de persoal. Algunhas comunidades autónomas tamén o teñen en conta, pero todas son tras sentenzas xudiciais, non por unha negociación cos colectivos e coa representación sindical. Polo tanto, os interinos teñen a posibilidade de recoñecemento dos anos traballados. Deste xeito, máis de tres mil interinos poderán cobrar carreira profesional, sendo Galicia unha das primeiras comunidades autónomas en facer este recoñecemento nunhas bases de carreira ordinaria.

As bases da carreira contemplan un réxime excepcional e transitorio de acceso a un grao máis aos profesionais que durante estes últimos anos non puideron progresar na carreira profesional, por mor da crise económica e das limitacións dos gastos de persoal imposta pola lexislación orzamentaria.

Este sistema excepcional de encadramento habilítase para acceder ou progresar na carreira de categoría ou especialidade na que o profesional estea en situación de activo ou con reserva de praza a 1 de xullo de 2018.

O recoñecemento está sometido a variación a través dos comités que para tales efectos se constitúan nas xerencias ou entidades adscritas. A convocatoria deste procedemento xa é unha realidade, téndose publicado no DOG do 6 de agosto de 2018. Os profesionais teñen ata o día 28 de setembro para presentar as súas solicitudes; quedan tres días, e é importante que a porcentaxe que aínda queda por solicitala pois poida facelo.

Sempre as solicitudes se formalizarán a través do currículo profesional habilitado electronicamente, o Fides, Expediente-e, por certo, un dos logros conseguidos tamén desde a Consellería de Sanidade para ter todo o que son os expedientes de todos os nosos traballadores

de forma directa a nivel de informática, tratando de eliminar xa o papel, e que nos procesos de concursos públicos, ou neste caso de carreira profesional, de forma rápida e efectiva poidan ser avaliados os profesionais, e que está sendo desde logo seguido por outras comunidades autónomas para incorporalo —o Fides, o Expediente-e—.

Por outra parte, na Consellería de Sanidade estamos xa a traballar para no ano 2018, antes de que acabe este ano, facer novas ofertas de integración no réxime estatutario dirixidas ao persoal funcionario laboral fixo incluído no ámbito da aplicación dos decretos 447, de 1996, e 91/2007, do 26 de abril, que fan referencia fundamentalmente a funcionarios e laborais transferidos de deputacións e outros organismos.

O pago de complemento de carreira recoñecido e derivado deste réxime transitorio excepcional de encadramento producirase en dúas anualidades, distribuídas nunha porcentaxe do 60 % no ano 2019 e do 40 % no ano 2020, polo que o profesional cobrará xa o 100 % da contía a partir de 2020. Recordar que noutras comunidades autónomas que chegaron a acordo levaron o período a tres ou catro anos para cobrar o 100 %.

Este primeiro encadramento permitirá que máis de vinte e dous mil profesionais teñan un grao de carreira máis, implicando un incremento retributivo medio do 6 %.

Esta medida suporá un custo de arredor de corenta millóns de euros. Creo que nos pedía a oposición datos económicos; van os datos económicos.

Ata o momento, a día de hoxe, solicitáronse 20.600 recoñecementos de grao no encadramento, o que supón a día de hoxe xa un 96 % de posibles solicitudes, co cal, como digo, é interesante dalo a coñecer a ese 3 % ou 4 % que queda, para que poida nestes tres días que nos quedan facer a solicitude.

A primeira convocatoria para acceder aos graos 1 a 4, consonte o procedemento ordinario —falamos agora do procedemento ordinario—, publicarase no segundo semestre do ano 2020. Na dita convocatoria, o persoal que tivera acadado as condicións de fixo do Servizo Galego de Saúde ou entidades adscritas antes do 31 de decembro de 2011 e que no momento desta primeira convocatoria sexa persoal estatutario quedará exonerado do requisito de permanencia no grao anterior previsto no punto 6. Esta medida de exoneración do período de permanencia permitirá que ao redor de trece mil profesionais adianten o recoñecemento doutro grao máis respecto do recoñecido no presente ano 2018. É dicir, a convocatoria de 2018, réxime transitorio de encadramento, máis a convocatoria 2020 —primeira de réxime ordinario— permitirán o recoñecemento de dous graos máis en dous anos.

Isto permite compensar, en parte —non totalmente, pero en parte—, os anos en que, debido á crise económica, os partidos de esquerdas levaron este país e parte da Unión Europea a un grave problema de mantemento de servizos públicos. E houbo que tomar medidas, non só na Comunidade Autónoma de Galicia senón en todas as comunidades autónomas, moitas gobernadas —como digo— por esa esquerda que levou a esa situación este país, a esta situación difícil, e que neste momento estamos tratando de recuperar.

En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pago do complemento de carreira recoñecido no ano 2020 producirase en dúas anualidades, distribuído nunha porcentaxe do 50 % no ano 2021 e o 50 % no ano 2022, de xeito que se cobrará o 100 % da contía a partir do ano 2022.

Señorías, con este acordo seguimos fieis ao noso compromiso de seguir traballando por unha sanidade pública de calidade e pola mellora das condicións laborais dos profesionais que están a traballar no sistema sanitario público de Galicia. O establecemento das bases da carreira profesional e as retribucións derivadas das mesmas súmanse ao conxunto de medidas xa adoptadas na sanidade pública para a mellora de condicións de traballo do persoal do Sergas, como son as OPE anuais, o plan de estabilidade laboral —por certo, señor Torrado, o obxectivo marcado do 5 % en 2020, adiantando o que o Ministerio de Facenda do anterior Goberno chegou a facer como obxectivo para toda España, que, por certo, o firmou tamén a UXT a nivel nacional, do 8 %; o obxectivo noso é do 5 %— e tamén a flexibilidade na idade de xubilación —por certo, que tamén a oposición fala sempre do tema da xubilación dos profesionais; é unha medida que se tomou a nivel de toda España, de toda España, de todas as comunidades autónomas, non só en Galicia; Galicia foi a última en facelo, en tratar de adiantar a idade de xubilación e tamén foi a primeira en volver retomar e que os profesionais que voluntariamente quixeran puideran seguir traballando no Sistema público de saúde—.

Moitísimas grazas as todos os profesionais, que durante os anos difíciles da crise foron quen de seguir mellorando o sistema sanitario público de Galicia. Para nós, o acordo de carreira profesional é histórico. A carreira profesional do Sergas sitúase entre as mellores de España, con criterios superiores aos do resto das comunidades autónomas. Blinda dous logros moi importantes, que son a equiparación plena dos dereitos para todo o persoal e o pleno recoñecemento económico cos mesmos dereitos para o persoal interino. Máis de vinte e cinco mil profesionais poderán beneficiarse da carreira profesional, que suporá un incremento medio nas súas retribucións dun 6 %.

O ciclo completo para o profesional licenciado será de vinte e dous anos, máis breve que o de comunidades como Cataluña ou País Vasco, e para o resto do persoal será de vinte e catro anos. Falamos de que noutras outras comunidades autónomas, na maioría, está ao redor dos vinte e cinco anos para completar unha carreira profesional.

Existe un sistema transitorio ao que se poden acoller os profesionais que están actualmente en ativo, e esta flexibilización permite ao persoal que concorra á carreira profesional o recoñecemento de dous graos en dous anos.

Moitísimas grazas a todos vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Temos a posibilidade de apertura dunha rolda especial de aclaracións.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Ben, eu ás veces pregúntome como é posible que en calquera negociación coa Consellería non se dea avanzando e para cousas ás veces tan sinxelas e tan claras pois faga falta tanta reunión. Pero agora explícomo: claro, dá igual do que se fale, pois se se le o seu libro entón así é moi difícil avanzar en nada nin en dialogar. Ben, aquí o conselleiro vén falar do seu DOG e non sae do seu DOG; así, efectivamente, é moi complicado.

Mire unha cousa: o BNG xa dixo que, en principio, é un avance esta carreira, e díxeno, pero non é froito do esforzo da Consellería nin do Partido Popular, foi froito da loita dos traballadores e traballadoras, que non se entregaron *(Aplausos.)* ás pretensións da Consellería nin dalgúns que asinaron ao principio. Non tiveron ningún problema en asinar ao principio cando a carreira profesional excluía precisamente incluso os interinos, e iso era o que pretendían impoñer. E a loita da CIG, si, sindicato maioritario na sanidade pública, que non se dobregou a esas pretensións iniciais e que seguiu loitando, e que incluso convocou unha folga, conseguiu que se chegara a esta carreira profesional, efectivamente, do cal nos parabenizamos aínda que non se acadaran todas as reivindicacións que se pretendían. Efectivamente, e parabenizámonos, aínda que non se conseguiran todos os logros, pero non era a intención da Consellería este acordo. Entón, sacar peito, *el justito*, señor conselleiro, o xustiño.

Igual que conseguir un cadramento excepcional e demais non estaba nas pretensións da Consellería, nin moitísimo menos, nin moitísimo menos, e é un pequeno avance. Pero, claro, eu o que lle pido, señor conselleiro, é: ¿para cando devolverlles o resto dos dereitos roubados aos traballadores e traballadoras coa escusa da crise? Porque mire, neses acordos retributivos, asinados e que eran para implementar entre o ano 2008 e 2012 e que o Partido Popular deixou en suspenso e non implementou, estaban cuestións como o complemento específico, polo que se retribúen esas condicións especiais e específicas dos traballadores e traballadoras sanitarios, o de atender vinte e catro horas ao día, sete días á semana, trescentos sesenta e cinco días ao ano, e que resulta que o persoal do Sergas percibe por ese concepto unha cantidade inferior ao resto do persoal da Administración autonómica.

¿E iso é culpa da crise? Iso é culpa da falta de vontade política do Goberno do Partido Popular. ¿Por que seguir roubándolles ese dereito, que cobran en menor contía que o resto do persoal da Administración da Xunta de Galiza? Non lle sigan botando a culpa á crise, é falta de vontade política do seu Goberno do Partido Popular non querer equiparar esa cuestión.

E vostedes non teñen esa vontade política, teñen a desvergonza de dicir que, ben, é culpa do empedrado, é culpa do empedrado, a atención continuada, que lles seguen negando aos traballadores dos PAC, que cobran o 80 % da atención continuada, e vostedes teñen as desvergonza de negarlles ese dereito. ¿Traballan noites e festivos os traballadores dos PAC? Si, ¿verdade? ¿Por que cobran o 80 % dese traballo cando traballan o cen por cento dese traballo? ¿Por que lles seguen negando ese pago? Pois eu teño unha palabra para iso, vou cortarme de dicila. Entón, non lle sigan botando a culpa á crise do que é posicionamento político e ideolóxico por parte de vostedes.

E ese acordo de equiparación salarial do persoal dos PAC, desatención continuada, que vostedes lle seguen negando, cando están nunhas condicións que levan denunciando desde hai meses e que desgraciadamente tivo as condicións que ten.

E podiamos seguir enumerando as cuestións que teñen encima da mesa e que vostedes se negan a negociar e se negan a devolverlles eses dereitos.

Eu expúxenlle aquí unha serie de cuestións: ¿van seguir vostedes...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: ...con este sistema de contratación laboral por días, infame? Despois do que se recolle no Informe de fiscalización do Consello de Contas a respecto da temporalidade, que establece que segue sendo alta e que segue aumentando, ¿van facer algo a respecto desa rebaixa do persoal no sistema sanitario público do noso país? ¿Van rematar coa precariedade, coa temporalidade? ¿Van repoñer efectivos? ¿Van devolverlles o resto dos dereitos roubados aos profesionais do noso país?

Son das preguntas, señor conselleiro, que ao BNG e aos traballadores e traballadoras lles gustaría que fora contestando, cando menos algunha delas. Eu non sei se lle queda algún parágrafo do DOG por ler —agardo que non— e na parte que lle queda de réplica agardo que sexa quen de contestar algunhas das cuestións que lle formulei na primeira intervención e na segunda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Creo que é importante facer algunhas puntualizacións e intentarei explicar un pouco máis a posición do noso grupo, porque ás veces non está claro se non se entende ou non se quere entender; probablemente eu creo que é a segunda.

Falouse aquí de que non queriamos falar deste acordo, que é un gran progreso. Ben, permitíndome a paréntese: hai unha película italiana moi bonita que se chama Cinema Paradiso —seguro que vostedes a coñecen—, onde hai un proxector de cine moi vello que está en moi malas condicións e o que traballa co proxector sempre se queixa de que está moi vello; ese proxector un día incéndiase por un erro de funcionamento e incéndiase todo o cine e destrúese o cine e, despois diso, chégalle un proxector novo; ¿saben que di o protagonista sobre o progreso? Ás veces o progreso sempre chega tarde. E este acordo chega tarde. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, este é un acordo que vostedes paralizaron para desprotexer unha parte do sistema e agora retómano en parte deixando un montón de xente fóra. Retomalo é mellor que non retomalo, pero é retomalo en parte para deixar xente fóra.

Ademais diso, eu entendo que lles poida molestar que nós exixamos que neste Parlamento se dean outro tipo de explicacións, pero tamén a verdade é que comprobamos que hai go-

bernos, como o actual, ao que este Parlamento parece máis unha pantuflada que un Parlamento e non é necesario.

E si, falamos de eventualidade e cremos que esta era a comparecencia necesaria para falar de eventualidade, de precariedade, porque precariedade é que existan persoas facendo o dobre de traballo do que teñen que facer, precariedade é que non existan substitucións, precariedade é que nos PAC onde teñen que haber dous equipos exista un só, precariedade é que exista un equipo só no PAC da Estrada en agosto nalgunha fin de semana e pasara o que pasara. Iso é precariedade, e por iso, por iso falamos de precariedade.

A verdade é que é sorprendente que ao conselleiro o moleste que falemos de precariedade, pero as consecuencias están aí, e nós o que defendemos é que hai un problema de persoal no sistema, que hai un problema de que temos persoal sobreesforzado, que temos persoal exixíndolle de máis, que temos un persoal ao que se está enganando, porque se lle está sometendo a traballos que non teñen que ser, que son excesivos para o seu e aos que se lles está negando a axuda. E despois pasa o que pasa.

E, ademais, as escusas do Goberno pasan por mandar a culpa aos traballadores: que se non estiveron, que se tiñan que ir a outro lado ou que se equivocaron, e ninguén asume nada, e o problema da precariedade ten as consecuencias que ten. E iso é o que nós queremos traer a estes debates. Se a alguén non lle gusta, o mellor que poderiamos facer é ter o persoal mellor e pasarían menos cousas se tiveramos o persoal mellor atendido. Polo tanto, nós, que si traemos este problema aquí.

¿Por que hai postos de difícil cobertura e non se dixo nada? Señor conselleiro, este grupo ten proposto, cando vostedes utilizaron esa escusa para limitar os servizos nos hospitais comarcais, que era posible facer outras medidas, por exemplo primar e premiar aqueles que ocuparan postos de difícil cobertura en cuestións de promocións internas, con melloras laborais, incluso con melloras salariais. ¿Para que? Para ocupar aqueles postos que, segundo argumentou o Goberno da Xunta naquel momento para reformar a Lei de saúde, ninguén quería ocupar. Pois entón fagamos isto. ¡Ah! Agora é unha gran medida, pero entón non. Claro, é que vostedes daquela utilizaban esa escusa porque quixeron modificar a Lei de saúde, pero non quixeron contar por que. E agora parécelles unha boa medida algo que entón rexeitaban. Un criterio, vostedes escollan o que queiran pero teñan un só, porque, se non, é moi difícil; se hoxe teñen un criterio e mañá outro, é máis complicado debater.

Non hai mil quiñentos funcionarios novos. A voceira de En Marea puña aquí o acento en algo que levamos eu creo que todos destacando desde hai tempo, e é que non hai mil quiñentos profesionais novos máis no sistema. Isto é como dicir que ás veces aquí neste Parlamento hai setenta e cinco deputados máis. Non. Saen setenta e cinco, entran setenta e cinco; algúns son os mesmos, algúns non; non hai setenta e cinco novos, como non hai mil quiñentos profesionais novos no sistema.

Vou citar de memoria, pero no ano 2009 os orzamentos —se non cremos os orzamentos, é outra cousa— dicían que o sistema sanitario público en Galicia tiña 34.551 profesionais, e o ano 2017, 34.510, 41 menos. Non hai este ano mil quiñentos profesionais novos. Díxoo o con-

selleiro e díxoo o señor Feijóo. Menten. Non hai mil quiñentos profesionais novos. Hai unha OPE de mil seiscentas prazas —mil seiscentas e pouco— na que non son todos novos, xubílanse outros e, polo tanto, non hai mil quiñentos. Ou iso ou é que hai que sumar, logo restar e olvidáronse de facer novas operacións. Pero non os hai, porque, se os houbera, incumpririamos as taxas de reposición e estariamos cometendo unha ilegalidade. Non os hai, non mintan.

¿Hai unha eventualidade do 8 % buscando o 5 %, señor conselleiro? Non. O 20 % do gasto de persoal da Xunta está en eventualidade, o 20 %. Hai dúas opcións: ou que non sexa certo que o 8 % é eventual, senón que se achegue máis ben ao 20 %. Por certo, a media da Xunta, sen contar sanidade, está no 10 %; vostedes duplican a eventualidade da Xunta. Pero ou ben gastamos o 20 % no 8 % de persoal —que xa me poderá explicar, porque entón hai un desfase preocupante— ou é que ese 20 % que estamos gastando en eventualidade resulta que se transforma, nalgún proceso máxico...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...nun 8 % con visos a un 5 %. Ou é mentira ou é algo máis que ineficiente. Entón, hai que elixir, e xa lle digo: entre incompetencia e ineficiencia a min paréceme que é perigoso elixir.

Non hai mil quiñentos novos, non hai 8 % de eventualidade, non é certo que esteamos mellorando as condicións profesionais, non é certo que teñamos agora un acordo que é novidoso; é un acordo que estaba asinado moito máis arriba do ano 2008 e que vostedes paralizaron en 2010. E, polo tanto, ¿hai algún avance? Si, pequeno. ¿É un motivo de celebración? Non é un motivo de tristura, pero a verdade é que este sistema necesita algo máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E van vostedes con paso de tartaruga, e así o sistema non vai mellorar nunca, ¡por favor! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu agradézolle, señor Almuíña, de verdade, que dera o dato dos corenta millóns de euros; está ben, porque nunca ofrece ningún. E a min tamén me gustaría que, de paso, aproveitase para dicirnos se vai existir esa partida tamén para pagar eses festivos, eses complementos que non lles aboan aos profesionais dos puntos de atención continuada, que vostedes se prodigan tanto en sentarse a negociar, e, evidentemente, cando van devolver e en que partida van figurar esas pagas extras. Recordo: non están aboadas ao cento por cento.

Vostede quere falar disto e non quere abordalo dentro do contexto de ausencia de estabilidade dentro do Sistema público de saúde, porque é bastante paradoxal que vostede nos fale aquí

de estabilidade e de calidade no emprego cando precisamente as medidas que toman van encamiñadas xustamente ao contrario.

Pero, dado ese dato, insisto, ¡por favor!: déanos o dato de como calculan os profesionais do Servizo Galego de Saúde. Se tomamos os datos do IGE, algún dato oficial dos que vostedes non usan, a min dáme ao redor dunha media de 7 euros mensuais. É evidente que non é unha media económica —xa o dixo vostede—, porque 7 euros mensuais comprenderá e farase cargo de que non é pois tampouco unha dádiva económica de agradecemento do traballo que fan os profesionais. Certamente é un cálculo groseiro rápido, porque dependería das diferentes categorías e dos diferentes anos que levan os profesionais e que se valoren.

Tamén nos gustaría que nos trasladase vostede que tipo de formación de calidade van ofrecer para que se facilite esa puntuación, xa que quere falar do decreto. Porque resulta bastante evidente que con ese instituto, con ese ACIS, con ese elemento que nós entendemos que debería estar integrado dentro da sanidade pública, non se garante unha formación de calidade para todas e todos os profesionais, e, ao final, en moitas ocasións depende de quen teña capacidade económica de pagar segundo que posgraos, aínda que hoxe en día xa non sei se están en entredito ou sería mellor non falar dos mesmos.

Desde logo, señor Almuíña, nós agardamos expectantes a que nos traslade como calculan ese número de profesionais. E ten moito que ver con isto que vén anunciar hoxe aquí, porque, evidentemente, se cada vez temos menos profesionais fixos e o recoñecemento só é para estes profesionais, quedan fóra do propio recoñecemento cada vez máis profesionais dentro do Sistema público de saúde. E estaría ben que vostedes estabilizaran realmente con OPE o emprego no noso sistema público, e, desde logo, que fixeran contratacións axeitadas, e falamos dos mesmos.

Vostede perdeu a oportunidade —ten outra agora mesmo— de contestarme cal é a valoración desa sentenza sobre a obrigatoriedade de percorrer eses máis de cen quilómetros aos residentes na provincia de Ourense para cubrir gardas que, en teoría, eran localizadas, esa situación na que están os profesionais dentro do noso Sistema público de saúde. E dicimos o Consello de Contas, porque a nós parécenos realmente chamativo que vostedes non asuman as súas recomendacións, pero podería ser outro ente. As cifras están aí e dan cada vez máis profesionais eventuais e menos profesionais titulares dunha praza pública. E iso debería ser materia da súa preocupación. Parécenos ben que veña explicar aquí este acordo, aínda que realmente non explicou máis do que viña no DOG.

Pero, señor conselleiro, non nos enganemos: este acordo vai sobre os profesionais fixos, e vostede perdeu a oportunidade de trasladarnos por que non se lle recoñece ao resto de profesionais.

E, atendendo esta circunstancia, gustaríame que nos explicase se vai existir un efecto retroactivo. Vostedes teñen algunhas OPE que van con moitísimo atraso, por certo, e tamén estaría ben que nos explicase por que nalgunhas simplemente temos o decreto de oferta, por que noutras non hai convocatoria e por que nalgunhas nin sequera hai reservas de prazas. Pero, claro, hai persoas que levan por exemplo nunha situación de interinidade —imos

poñer un exemplo— «x» anos que pode ser que non accedan agora mesmo a esa praza pois porque saquen menos nota. ¿Vai existir un efecto retroactivo para a consecución ou para poder optar a estes servizos? ¿Si ou non? É dicir, ¿que vai acontecer en anos sucesivos?

Hai un problema de inequidade tamén dentro dos elementos que outorgan dereitos aos profesionais sanitarios. E estaría ben, xa que vostede quere falar só diso, que nos trasladase se hai ese elemento de retroactividade, desde logo como se vai solucionar o tema da formación, que é realmente pobre e insuficiente dentro do noso Sistema público de saúde, e non falo dun curso dunhas semanas, evidentemente falo doutro tipo de formación de calidade. E, desde logo, como calculan vostedes eses profesionais fixos, señor Almuíña.

Eu boto de menos, sinceramente —e vou rematar xa—, que este lavado de cara —se se me permite— nós non o valoramos como negativo, pero dicimos que é absolutamente insuficiente, señor Almuíña. E entendemos que existan centrais sindicais que o asinen porque entendan que é mellor isto que nada e outras que digan que isto é vergoñento. A responsabilidade non é deles. O problema é seu, que levan nove anos paralizando o outorgamento destes dereitos que xa eran dereitos das traballadoras e dos traballadores.

Gustaríame que vostede hoxe aquí falase do número de profesionais fixos, por favor. Díganos de onde sae ese cálculo e, desde logo, se van aboar o resto de complementos que levan paralizados.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Antes de continuar co debate, saudamos os alumnos do Instituto Santiago Apóstolo de Bos Aires, Arxentina. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Señora Prado, eu insisto: entre máximos e mínimos negóciase; se iso non é negociación, eu non sei a que se quere referir. Vostede desde logo o que si que fai é interpretar intencións. Vostede coñece as intencións do conselleiro, da Consellería, antes de que se negocie.

Falar de escusa da crise, iso é negacionismo, ¡eh! Non me dirá vostede que non houbo crise. A crise é unha escusa tamén e diso temos moito que falar.

Desde logo, que o señor Torrado, no partido que milita, fale de que hai un criterio hoxe e outro mañá é difícil de entender. Eu creo que o señor Torrado debería chamar a Pedro Sánchez para que lle dera un cursiño sobre cambio. *(Aplausos.)* Eu creo que pasou coa reforma laboral, cos impostos, coas bombas, co cesamento da ministra, con tal, ben, podiamos estar aquí os tres minutos ou os cinco minutos da intervención falando dos cambios de criterio do Goberno de Madrid do Partido Socialista.

Ben, señor conselleiro, entendendo a importancia, da que eu falaba antes, que ten o recoñecemento dos méritos e da consideración do currículo dos profesionais, para as persoas profesionais, calquera recoñecemento, calquera valoración, calquera constancia pública dese grao, dese mérito, ten moita importancia, e está claro que esta dedicación ten que ter unha compensación retributiva.

Desde logo, todas as persoas creo que aspiramos a mellorar a nosa situación económica; creo que iso non é discutible. Pero, neste caso, celebramos que isto teña que ver máis coa formación e actividade asistencial e, como lle dicía na primeira intervención, non se limite a unha paga por antigüidade, non substitúa os trienios.

Eu de verdade non sei se as cantidades das que vostede falou son suficientes ou son axeitadas ou non, pero entendemos desde o Grupo Popular que a aceptación pola maioría dos sindicatos valida a proposta reflectida na orde que desenvolve a carreira profesional.

Eu creo que deberiamos reflexionar sobre o que pasou en Galicia nestes últimos meses. Houbo unha reivindicación do colectivo do persoal de Xustiza absolutamente fóra de calquera posibilidade de ser asumida pola Consellería e apoiada de xeito irresponsable polos grupos da oposición. Despois dunha longa folga e dunha difícil negociación coa maioría das organizacións sindicais e de seren consultados os traballadores e traballadoras, acadouse un acordo que colocou estas persoas nunhas condicións de remuneración xustas, por riba da media estatal, nas súas reivindicacións. Posteriormente acadouse outro acordo cos profesionais do ensino e agora acábase de asinar o acordo da carreira profesional. Eu creo que isto amosa que é posible negociar e é posible chegar a acordos sen ceder a situacións de presión por parte dalgúns colectivos, ás veces con reclamacións inasumibles. Porque eu creo que hai que ter tamén en conta que, a pesar do que afirmou nalgún momento unha actual ministra socialista, os cartos públicos son de todos; os cartos públicos son de todos, e calquera negociación implica gasto público.

Felicitámolo, señor conselleiro, pola nova de que Galicia estea no eido da carreira profesional por riba da media das comunidades autónomas e tamén porque se estude a modificación legal que permite a inclusión na carreira do persoal interino, sendo un dos primeiros servizos, como vostede ben dixo, neste recoñecemento.

Tamén queremos destacar o réxime transitorio para compensar os profesionais que quedaron á metade, que non puideron, por culpa da crise, avanzar na carreira.

A convocatoria dese procedemento na carreira mediante a súa publicación no DOG converte nunha realidade as reivindicacións dos profesionais, que, como vostede ben dixo, xa puideron presentar o currículo dos méritos a través do expediente electrónico, a través do Fides. E di vostede que sorprende que haxa un 3 % ou un 4 % de profesionais que aínda non teñan solicitada a inclusión na carreira.

Tamén nos parece ben que recuperen as ofertas de integración no réxime estatutario do persoal funcionario e laboral fixo que se suspendera nun momento determinado.

E vostede falou aquí de cifras e datos. Eu quero reiteralos. Vinte e dous mil profesionais que acadarán un grao máis de carreira, cunha retribución media, un incremento medio de retribución do 6 %. Un montante económico total de arredor de corenta millóns de euros; tamén parece unha cantidade importante no total do orzamento. Máis de vinte mil solicitudes presentadas, o 96 %; falta un 3 %-4 %, como vostede dicía; eu entendo que a maior parte das novas solicitudes serán de persoal interino —quero entender—.

E completar o proceso no segundo semestre do ano próximo cunha convocatoria de procedementos ordinario, pero cunhas circunstancias distintas, para que, efectivamente, se poidan acadar dous graos de carreira profesional en dous anos. Eu creo que a medida compensa, como vostede ben dixo, bastante o problema que houbo para seguir coa carreira profesional.

Desde logo, engadir esta recuperación da carreira á serie de recuperación de dereitos que se ten acadado en Galicia pola mellora da situación económica, tanto en incrementos retributivos como en condicións laborais, eu creo que fai que se mellore de xeito evidente a situación de todo o persoal do Sergas, ao cal desde este grupo queremos felicitar e agradecer o magnífico traballo que fan e que fixeron nestes últimos anos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche desta comparecencia, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Pois tamén quero saudar os alumnos do Colexio Apóstolo Santiago, que tiven a sorte de coñecer as súas instalacións e tamén de recibilos no Concello de Baiona nunha destas viaxes que fan para coñecer a terra dos antepasados. Benvidos a Galicia, benvidos aquí ao Parlamento.

A verdade é que, despois deste tempo de comparecencia, o que está claro é que debemos estar facendo as cousas ben, porque non se falou practicamente nada do que é a carreira profesional, algo, como digo, fundamental. E dicía a portavoz do BNG —que non sei se debo replicar porque non está na sala—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se volve, si comentarei algo, porque é de mala educación comentar cando non está presente. *(Murmurios.)*

Si dicir que por parte do Partido Socialista sempre se recorre —digamos— ás consecuencias do seu Goberno, un goberno irresponsable, do señor ZP, con aquel gasto indiscriminado que nos levou a unha situación que logo o Partido Popular tivo que desde logo intentar recuperar. E isto vén a que ás veces o señor Torrado fala máis do que escoita e non escoita o que digo.

E o que digo é que o obxectivo que marcaba o ministro Montoro hai uns meses era chegar a un obxectivo dun 8 % de eventualidade e diciamos que o noso obxectivo que nos marcamos

no ano 2020 é inferior nun 5 %. Polo tanto, é bo que escoite de vez en cando e deixe falar tamén para aprender, que é bo aprender. *(Murmurios.)*

E, como digo, nós estamos aplicando a carreira profesional da mellor forma que o están facendo as comunidades autónomas. Como digo, hai comunidades autónomas que están nun prazo superior e, desde logo, en ningún caso os interinos, por norma, están incluídos en ningunha comunidade autónoma. Nós si damos esa posibilidade de recoñecemento e, desde logo, se no período de cinco anos conseguen a praza —para iso estamos facendo convocatorias de OPE anuais—, desde logo terán a estabilidade e empezarán a cobrar ese complemento así establecido.

Imos, como digo, seguir traballando. Dísenos por parte da oposición das condicións dos PAC. Estamos negociando. Sei que por parte da oposición en todo momento din que nós chegamos a acordos porque nos obrigan, non porque hai un período de negociación. Pois en todos os acordos que traemos a esta Cámara —e este é un exemplo deles— pois evidentemente hai un tempo para negociar, para chegar a acordos, e dentro do que se entende como unha negociación hai desde logo tiras e afloxas e sempre hai que ceder unha parte para cada un dos compromisos.

Pero si que é certo que hoxe temos unha declaración histórica, que eu desde logo no tempo que levo non recordo, cando a señora Solla di que non valoramos negativamente este acordo. Polo tanto, creo que é histórico e seguiremos por aí.

Tamén dicirlle que as pagas extras é unha responsabilidade do Goberno do Estado, non do Goberno da Xunta de Galicia.

E, desde logo, seguimos avanzando, tratando de mellorar no día a día. Sabemos que temos trinta e oito mil profesionais traballando día a día por todos os galegos para manter o alto nivel do sistema sanitario galego, pero, como en todo, por iso estamos desde logo apoiando a innovación, temos que seguir mellorando, e quedar en sanidade parado non leva nada máis que ao fracaso.

Desde logo, entendemos que nós, con eses magníficos profesionais, como dicía, estamos dentro dun dos piares da Estratexia Sergas 2020. Os profesionais son fundamentais. Imos seguir tratando de mellorar todas as condicións, tanto laborais como de servizo público. Pero vinte e cinco mil profesionais, entre os vinte e dous mil fixos máis os interinos que calculamos que poidan ter esas condicións, van ter un incremento medio do 6 %. Tamén para a señora Solla son migallas, o 6 %, pero eu creo que é importante.

Pero, como digo, da carreira profesional o máis importante non é a contía económica, senón o recoñecemento ao esforzo, a ese apoio, a esa colaboración, a esa implicación no servizo público sanitario galego. Por iso, agradecer —como dicía ao principio—, desde logo, a todos os profesionais que levan todos estes anos tendo un alto nivel na calidade do servizo sanitario galego, tamén aos representantes sindicais, unha ampla maioría deles tamén asinou este acordo, e, por suposto, tamén á Dirección de Recursos Humanos do Sergas, que volve demostrar a seriedade e a plena implicación que ten na mellora do sistema.

Moitísimas grazas. Desde logo, como digo, nós seguiremos mellorando o sistema público.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Logo de falar con todos os grupos, cos que interveñen polos grupos, acordouse que poderiamos debater —tendo en conta que terminamos cun tempo relativamente bo para poder facelo— unha primeira moción.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda por parte do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 36836.

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

«-Ter operativos todos os dispositivos e todos os servizos pechados no verán, en todos os centros, con todo o persoal preciso a día 1 de outubro.

-Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, eu falei con vostede sobre este tema.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: O conselleiro pronunciou unhas palabras contra unha deputada do meu grupo parlamentario insinuando que ela non estaba na Cámara porque pasaba da intervención que se estaba facendo na súa comparecencia...

O señor PRESIDENTE: Perdón, perdón.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...cando non era así, senón que a deputada Montse Prado foi buscar precisamente os documentos para poder facilitar agora o debate desta primeira moción, cambiando a orde do día. Dende o BNG cremos que temos dereito tamén, para salvagardar a honra das nosas deputadas, a que se fixese constar... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Silencio, por favor! ¡Silencio! ¡Por favor, silencio! ¡Silencio! ¡Silencio! Está entendido.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor! *(Aplausos.)*

Certamente é así, vostede falou comigo e xa quedou claro que foi así. A cuestión é como di vostede, non hai outra... En todo caso, é achacable á Presidencia. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, é achacable a min porque propiciei este cambio, pero eu propiciei o cambio porque creo que en ningún momento distorsiona nin provoca ningún problema, todo o contrario. Entón, é certo o que di vostede. Efectivamente, ela tivo que saír para buscar unha moción que estaba previsto debater ás catro da tarde. Correcto. As cousas no seu sitio. Punto.

Imos á moción. Ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Efectivamente, intentamos todos facilitar, aínda que o debate ía ser ás catro da tarde, precisamente porque rematamos con máis antelación, e ás veces a valoración é diferente segundo quen estea facendo uso da palabra.

En fin, hoxe debatemos esta moción, consecuencia da interpelación do pasado pleno que ten moito que ver co debate que acabamos de dar neste momento en relación coa precariedade laboral dos traballadores e traballadoras do Servizo Galego de Saúde, e, dende logo, a súa incidencia na calidade asistencial que se ofrece no propio sistema sanitario público.

Na pasada interpelación non se nos trasladaron, desgraciadamente, a maior parte dos datos que reclamamos aquí; unha constante que vén sendo bastante habitual nesta Cámara. Un dos puntos que tamén falamos pola mañá, nesa proposición de lei que trouxo a debate o Partido Socialista, que ten que ver coas listas de agarda, é precisamente solicitar esas listas de agarda non estruturais.

Eu teño que lembrar aquí que levo —eu persoalmente, pero seguro que hai moitos máis deputados e deputadas nesta cámara, fundamentalmente os voceiros e voceiras de sanidade— dous anos esperando que se conteste unha petición de información ao abeiro do artigo 9, que ten un prazo máximo de contestación dun mes, para obter as listas de espera non estruturais do Sergas. Non se cumpre a Lei de transparencia, non se cumpre co Regulamento da Cámara, e seguimos a día de hoxe sen ter esa información.

Convirán comigo que o único que podemos dicir aquí é que as listas que se ofrecen non son verdade, son absolutamente falsas. Faltan moitos centos, moitos milleiros, de persoas agardando por esas consultas, por esas intervencións cirúrxicas e por esas probas complementarias. E este, desgraciadamente, unha vez máis, ten que ser un punto desta moción.

Outro punto da moción bastante evidente, que levamos debatendo anos, e fundamentalmente no último ano, é a cobertura dos permisos das baixas e das vacacións.

Falábase na anterior iniciativa da calidade do traballo, do respecto, da situación dos traballadores e traballadoras, cando realmente é unha sangría o incremento de carga de traballo que se lles outorga, voluntariamente forzosa. É dicir, isto é unha broma, porque, evidentemente, ningún profesional pode escoller que teñen que facerse cargo da carga de traballo dos seus compañeiros e compañeiras, e atender esas persoas, porque non se cobren eses permisos, esas baixas e esas vacacións, e debera ser un elemento fundamental.

Sorpréndenos, ademais, que si teñan contabilizado o custo ou esa partida que si van necesitar para facerse cargo da carreira profesional, e, sen embargo, non teñan a ben dispor de ningunha partida ou contabilizar a necesidade da cobertura deses permisos.

Evidentemente, tamén entendemos que é imprescindible, e levamos xa varios meses debatendo que se planifique a medio e a longo prazo a necesidade de profesionais no Sistema público de saúde.

Nós últimos dous plenos —xa non me remonto atrás—, a oposición levamos propondo diversas medidas fundamentalmente no que atinxe á necesidade de profesionais especialistas de medicina, pero poderiamos falar doutras categorías e doutros e doutras profesionais. Foron rexeitadas de maneira unánime por parte do grupo maioritario da cámara, iso si, sen dispor sobre a mesa de ningún outro tipo de planificación que vaia máis aló de redistribuír os pediatras dentro do Sistema público de saúde, unha medida que, obviamente, é insuficiente e que abunda na inequidade do Sistema público de saúde dende que se iniciou a xeira de recortes.

Dende logo, queremos tamén que se informe aos grupos parlamentarios sobre eses servizos que están pechados, ou que estiveron pechados durante os meses de verán, e cales son os criterios. Eu volvo insistir unha vez máis: non existe uniformidade nos criterios que aplica a Consellería de Sanidade á hora de pechar os servizos sanitarios. E isto é así, porque, como vemos, en cada centro van variando dependendo do ano —isto acontece todos os anos—, e non se nos presentou ningún tipo de criterio clínico fundamentado en datos obxectivos, ningún tipo de dato baseado na evidencia científica, e, dende logo, nada que regule ou que controle por que cada ano se pechan uns servizos, e están os datos para confirmalo sobre a mesa.

Tampouco entendemos como este ano a Xunta de Galicia presumía de que pecharan menos camas que en anos anteriores, e sen embargo a xustificación é absolutamente a mesma: dicir que non eran necesarias e que, evidentemente, se utilizarían cando fora así. Parece chamativo que a xustificación sexa a mesma para cando se pechan un 86, para cando se pechan un 70 ou para cando se pechan un 90. É dicir, é absolutamente incomprensible e dá a medida de que a planificación brilla neste caso pola súa ausencia.

Pedimos simplemente criterios. Creo que estamos xa nos niveis mínimos da democracia parlamentaria cando pedimos criterios, informes, datos, o básico. Non sei que vai acontecer na

Comisión de estudo, nesa comisión para estudar os recortes, as privatizacións e, dende logo, todo iso que ten que ver co que aconteceu no PAC da Estrada e cos enfermos e enfermas de Hepatite C, porque supoño que os grupos pediremos información. Imos ver se nesa comisión se nos facilita.

E dende logo un elemento importante, que a Xunta de Galicia presente un plan de mellora da atención primaria dotado dun orzamento. Levamos anos falando aquí do Plan de mellora da atención primaria, relativo ao que existía no Bipartito. Nós non queremos que se implante o mesmo plan, simplemente queremos que se implante un, que se adecúen ás necesidades actuais os profesionais que ten que dotar a Xunta de Galicia, os recortes e as amortizacions de prazas dos últimos anos, e, dende logo, as variabilidades sociais e económicas do noso país, e a necesidade de dotar de elementos que dean equidade dentro do sistema.

Non hai ningún tipo de plan en relación coa atención primaria. Foron máis de 1.000 os profesionais que se perderon, e eu insisto, porque non se contestou, talvez o voceiro do Partido Popular teña aquí a interpretación desa fórmula, que non sabemos como se calcula, para saber cales son e cantos os profesionais dentro do Sistema público de saúde, porque hai datos oficiais por aí, pero cadaquén os interpreta dunha maneira, parece isto o experimento de Schrödinger, que cadaquén ve o tema como lle parece.

A realidade é que non temos ningún tipo de información minimamente coherente, oficial e baseada en datos que se amparen na evidencia científica neste caso, e é parte do que hoxe lles solicitamos con esta moción. Comprenderán as señorías do Partido Popular e o resto da Cámara que estamos xa precisamente neses mínimos.

Falaba o conselleiro de Sanidade, hai tan só uns minutos, desa necesidade de valorar os profesionais e as profesionais, e gustaríanos tamén saber como valoran esas xubilacións forzosas que se deron nos anos pasados —teñen moito que ver co que solicitamos nesta moción— e como valoran —xa llo dixemos na interpelación do pasado pleno— que arredor do 11 % dos médicos internos e das médicas internas e residentes que se forman cada ano marchen fóra porque aquí non teñen futuro. E volvo insistir, é un só exemplo, pero esa sentenza está aí para confirmar a precariedade laboral dentro do noso Sistema público de saúde.

Seguramente non van votar a favor desta iniciativa. Sorprenderíanos, a verdade, que fose así. Isto si sería un feito histórico, e non que nós digamos que non é unha medida negativa a carreira profesional. Tamén nos gustaría que nos explicasen como van facer para dar cobertura ou cal é a planificación que teñen —no caso de atención primaria pedímosllela, pero no caso do Sistema público de saúde en xeral— en relación con esas xubilacións que se agardan e que xa foron indicadas por parte dos diferentes colexios médicos, dende logo polas centrais sindicais, e polos grupos da Cámara. En resumo, que dende aquí exista un compromiso para que as deputadas e os deputados teñamos información suficiente para solicitar unha planificación sanitaria axeitada no noso Sistema público de saúde.

En relación —vou rematando, que me queda pouco tempo— coas camas pechadas durante os meses de verán e os recortes —dixémolo no anterior pleno e hoxe tamén quería incidir—, é, dende logo, algo que non comprendemos é por que a pesar de que nos meses de xullo e agosto

—pódese buscar na hemeroteca, dentro dos diferentes medios de comunicación— houbo avisos de saturación dos servizos de urxencias, non se abriron moitas das unidades que estaban pechadas e moitas das camas que estaban pechadas. Descoñecemos por que a Xunta segue mantendo a mesma política.

E a min gustaríame lembrar que aínda está en fase de instrución outro tema bastante grave, que seguramente terá bastante eco nesa comisión de investigación, que é a morte desa doente no corredor dos Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. Está en fase de instrución e seguramente teremos que falar diso tamén nesta comisión.

Dígoo porque había 112 camas pechadas este verán, e a pesar diso houbo noticias —insisto, están na hemeroteca— de puntuais picos e de saturación dos servizos de urxencias, que vén sendo unha reclamación dende o ano pasado por parte dos profesionais —unha reclamación dunha década pero que tivo máis insistencia no pasado ano—, e este verán vimos como non se tomara ningún tipo de medida.

Polo tanto, señorías, solicitamos —remato xa— aspectos tan básicos como que se dea información a esta Cámara, unha vez máis, e, dende logo, que se presente algún plan que poidamos avaliar.

Máis nada polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Foi unha lástima que me perdera a única saída do guión do conselleiro en toda a súa intervención; que aproveitara a miña ausencia para saírse *(Aplausos.)* do guión que traía escrito; ¡unha auténtica lástima!

Efectivamente, o debate desta moción que presenta En Marea ten moito que ver cos dous debates anteriores que levamos feito sobre sanidade esta mañá. Ten moito que ver coa arquitectura legal que leva construído o Partido Popular para dar cobertura ao seu proxecto ideolóxico respecto da sanidade pública no noso país, e dentro diso, a Lei de garantías e a modificación da Lei de sanidade para dar cobertura e constructo ideolóxico e converter a sanidade pública en negocio para o poder, para os que o ostentan, para os posuidores do capital, e ten a ver co recorte de efectivos materiais e, sobre todo, de recursos humanos, tan fundamentais nunha sanidade pública de calidade, e a combinación deses elementos e o recorte deses elementos pois dan unha sanidade pública de peor calidade.

Efectivamente, coa iniciativa —a moción que se deriva da interpelación do anterior pleno— que presenta En Marea estamos de acordo en moitos dos puntos desta parte resolutiva; o

BNG temos xa incidido en moitos deles e imos seguir incidindo. Hai uns meses traïamos tamén a debate a esta Cámara unha proposición de lei para a mellora da atención primaria, e coincidiamos precisamente nisto, queriamos poñer o foco na necesidade de dotar de recursos a atención primaria, fundamentalmente, como esa porta de entrada sen a cal o resto do sistema se resinte especialmente, dotándoa de persoal e de equipos imprescindibles. Igual que a necesidade de planificación, e dun xeito especial o tema da Lei de garantías, co cal, evidentemente, estamos de acordo.

Simplemente fixemos unha emenda por un aspecto que é motivo de preocupación continua para o BNG, e é esa estratexia do Partido Popular de aproveitar cada verán o peche de camas, de dispositivos, para logo, rematado o verán, deixar unha parte deles sen volver poñelos operativos. Entón, cada verán pechan un número determinado de camas, cada verán un número maior, e logo, ao rematar o verán, primeiro encontrámonos... Podemos poñer como exemplo o Hospital do Salnés, onde hai unha terceira planta que se pecha durante o verán, e logo, ata que xa está nunha situación de colapso total, non abren esa terceira planta. Ou podemos falar do caso do CHUAC, do Abente e Lago... podemos ir ao longo de todo o país. Ou hai unha porcentaxe que non acaban de abrirse, e aí temos a redución de camas paulatina. E, se non fora pola opacidade do Sergas, que non facilita datos, pois atopámonos coa redución continua de camas no noso país.

Por iso presentamos a emenda nese sentido: que a día 1 de outubro estean operativos todos os dispositivos que se pecharon durante o verán, co persoal necesario para poder atendelos.

E na outra parte da emenda o que propoñemos é que non se derive ningún doente á sanidade privada en tanto haxa dispositivos no Sergas nos que poidan ser atendidos eses doentes na sanidade pública, porque é indecente que estean pechados quirófanos, que estean pechadas camas, que estea sen contratar persoal na sanidade pública, en tanto se están facendo intervencións, probas diagnósticas e demais, na sanidade privada.

Evidentemente, imos votar igual a favor da iniciativa aínda que non se acepte a emenda, pero parécenos que a reforza, e é unha práctica constante e continua por parte do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Imos apoiar esta moción, pero algunha valoración queremos facer. É certo que o PP anda un pouco nervioso coa sanidade ultimamente, perdeu un pouco os papeis ao final da comparecencia, e houbo algunha apelación persoal un pouco complicada. Eu quero mencionar dúas.

Hai unha que é moi curiosa, que é mencionar a miña afiliación ao Partido Socialista en termos de sanidade con falta de criterio. Lei xeral de sanidade, que implanta a saúde pública

en España, no 1976 *(Aplausos.)*, Lei de saúde pública de Galicia do 2008, as dúas promovidas polo Partido Socialista e as dúas co voto en contra do Partido Popular.

Digo que cando se fala de falta de criterio e se sobe aquí a defender a sanidade pública de parte do Partido Popular, como mínimo, de criterio mellor non falen, ¡como mínimo, como mínimo!

Segundo, e só vou mencionalo, escoitei do conselleiro —corríxame se non —: «*Vostede, señor Torrado, debería calar e escoitar, a ver se así aprende.*» Ten razón. Humildade, aprender non vou aprender moita con esas insinuacións, pero ten razón. Imos ver se aprendemos. A verdade é que, para aprender da súas intervencións, o mellor é que compareza máis e que non vete comparecencias. *(Aplausos.)* Pero, en fin.

Esta é a cuestión, este é o debate. Nós traemos, facemos algunha proposta, e dísenos: a ver se calan e aprenden un pouco. Ben.

Sobre a moción, nós imos apoiar a iniciativa que se trae aquí, creo que incide en cuestións que teñen sido debatidas en numerosas ocasións e que, ademais, veñen demandando cuestións, coma sempre, moi revolucionarias e absolutamente incribles, como solicitar información e como poder facer un debate sobre a cobertura que se fai das prazas no sistema. É algo bastante raro, seguramente en ningún país do mundo se fala da cobertura das prazas médicas nin dos datos sobre as previsións. É a democracia moderna isto, e aínda non estamos preparados para isto de falar de información.

A verdade é que hai que tomalo así, porque ter unha consellería que nega sistematicamente información; que di que manexa uns informes para tomar decisións pero que non llos facilita ao Parlamento; que inclúe nas leis que o Parlamento debera de coñecer informes no primeiro trimestre de cada ano, pero logo vén aquí e non os dá, négao e non facilita ningún dato. A verdade é que isto debe ser a eficacia, iso de facer máis con menos, ou algo parecido.

A verdade é que si que hai un problema, hai un problema de cobertura na atención primaria, hai un problema de cobertura especialmente tamén nos PAC, como ben se menciona na moción. Hai un problema de ausencia de información e hai un problema coas listas de espera.

Ninguén por parte do Partido Popular nin do Goberno mencionou nada sobre a apelación que fixemos aquí de que o propio Consello Consultivo menciona alteracións graves no cómputo das listas de espera, e o Consello de Contas menciona opacidade grave na avaliación dos orzamentos da Xunta.

Falouse aquí do incremento máxico de persoal no sistema sanitario, pero se hai 38.000 persoas no sistema sanitario e orzamentan 35.500, ¿as outras 2.500 están vivindo do aire? Porque teñen orzamentadas 35.500, e se din que hai 38.000... Eu xa sei que teño que aprender moito, pero cunha resta —con calculadora ¡eh!, que de cabeza igual non me dá, que xa sei que vostedes non me consideran...—, 2.500 están vivindo do aire. Entón, hai un problema, ou non lles están pagando, ou é mentira. Insisto, a verdade é que hoxe atopámonos con varias dicotomías perigosas, e non sei cal das dúas é peor.

A verdade é que estamos nunha situación problemática. Eu ben sei que o Partido Popular está preocupado coa sanidade, porque por unha vez é posible —aínda está por ver — que teña que dar algunha explicación, é posible pero aínda está por ver, aínda o Partido Popular é capaz de encontrar moitos atallos para non ter que dar ningunha explicación. Nunca —e é unha recomendación para todos os deputados da Cámara— subestimen a capacidade do Partido Popular para escapulirse de debater das cousas, hai que recoñecerlle esa capacidade. Especialmente sobre aquilo que ten que ver cos servizos públicos, e especialmente sobre aquilo que ten que ver coa súa propia xestión. É moito mellor vir aquí dicir que non se pode falar de xente que non está na sala, pero despotricar sistematicamente contra Touriño, Pedro Sánchez, non sei que ministra e non sei que cousa. *(Aplausos.)*

Pero non se preocupen, non se preocupen que nós non temos esa posición. A nós parécenos que hai que debater de política e que o Parlamento —e iso xa sei que soa revolucionario— é moi bo para debater de política. Incluso de cuestións como as que se traen nesta moción, que é apoiar mocións que traballan e que plantexan información e toma de decisións —que nós temos proposto moitas veces que tiña que ser por un acordo colectivo— sobre as substitucións en verán, sobre o peche de camas e sobre que nivel de exixencia temos co sistema nas épocas en que o persoal, evidentemente, ten que dispoñer das súas vacacións. Cremos que é necesario ter unha posibilidade de acordo, pero é imposible cando hai un negacionismo absoluto e cando o Partido Popular, en realidade, ao que vén a esta Cámara é a intentar escapar dos debates. É moi difícil, cando alguén intenta escapar dos debates, poder debater. Pero, aínda así, algo aprenderemos. Xa o dixo o conselleiro: escoite máis, e así poderá aprender algo. E algo aprenderemos, o que non está claro é que o que poidamos aprender sexa bo ou malo, pero, en todo caso, aprenderemos algo.

Polo de agora, ímonos quedar coa posición de ser construtivos e con intentar apoiar as mocións que plantexen cousas como a que traen aquí, por iso lle damos o noso apoio.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días. Moitas grazas, presidente.

Comezarei a miña intervención dando algúns datos xa mencionados nesta Cámara, pero que ás veces se poden esquecer.

A porcentaxe do orzamento que se dedica a sanidade é a máis alta na historia desta comunidade autónoma, máis dun 40 %. A sanidade galega conta con 1.544 profesionais máis no ano 2017 que no ano 2009, e a nosa comunidade conta hoxe cun 7 % máis de médicos de familia traballando en atención primaria. Hoxe hai un 37 % máis de quirófanos que no ano 2008, e as listas de esperan mantéñense nos seus mínimos históricos.

Señora Rodil, queríalle dicir tamén que non terxiverse as cousas e que non manipule, porque o conselleiro o que dixo aquí é que non se ía dirixir á súa compañeira porque ela nese momento non estaba na Cámara. *(Murmurios.)* Isto está gravado. Non hai dúbida, está gravado, e convídoa a que o escoite.

Indo xa á cuestión, como todos vostedes saben, o Sergas planifica cada ano a adecuación dos seus recursos asistenciais no período estival tendo en conta que neste período hai unha diminución da demanda asistencial que está motivada por diversos factores, entre eles, que hai diminución de determinadas patoloxías, como poden ser as patoloxías respiratorias, e que ademais neste período, como xa se dixo nesta Cámara, tamén se programan as vacacións dos profesionais. Pero os recursos mantéñense operativos e adaptados á realidade de cada momento, e isto non impide que a asistencia en Galicia sexa tan boa durante estes meses de verán como no resto do ano. É importante remarcar que as camas hospitalarias están todas dispoñibles, de acordo coas necesidades de hospitalización dos pacientes.

O Sergas leva a cabo unha planificación, como non podería ser doutro xeito, sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán, tanto por ingresos médicos como polos derivados da actividade cirúrxica. Esta planificación elabórase tendo en conta a frecuentación nas distintas áreas hospitalarias, e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares de anos anteriores. E a maiores, como medida de reforzo operativa fronte á posibilidade de que ocorran situacións excepcionais e imprevisibles, nos centros hospitalarios existe un plan de continxencias que permite adoptar de xeito áxil as medidas necesarias destinadas á adecuación dos recursos asistenciais, e todos recordamos o que pasou este verán no Marisquiño en Vigo, onde o operativo estivo disposto e funcionou con toda normalidade.

A porcentaxe de camas funcionantes neste verán foi dun 88 %, cun incremento aproximado dun 13 % con respecto ao ano anterior. A sanidade e as necesidade asistenciais hai que recordar que son procesos dinámicos. As ausencias de persoal cóbrense sempre que a demanda asistencial así o require, en garantía da saúde da cidadanía; e a xestión das ausencias e a planificación das substitucións realízanse tendo en conta a demanda asistencial de cada momento. Substitúese con persoal eventual o cen por cento das ausencias que se precisan, en función das necesidades de cada centro.

Señora Solla, fala vostede de mellora nas condicións de traballo, pero esquécese das OPE anuais, do Plan de estabilidade para a reducir os índices de temporalidade, do novo pacto de contratación, do concurso de traslados aberto e permanente, da carreira profesional, da que se falou aquí esta mañá. Só por recordar, mire, da OPE, 6.133 prazas convocadas entre o 2009 e o 2017. A OPE do ano 2017, o número total de prazas que integran esta OPE, son 1.616; delas, 820 a taxa ordinaria de reposición de efectivos e 796 a taxa adicional para estabilización de emprego temporal.

En canto a medicina de familia, para o Goberno do PP é fundamental porque a atención primaria é o piar do noso sistema sanitario. Hai 241 prazas máis de profesionais estabilizados. Vostede sabe que os exames para esta categoría de medicina de familia se van realizar o 24 e 25 de novembro.

Falouse de pediatría. Xa o comentamos moitas veces. Non hai. Hai un ofrecemento da Xunta de Galicia para contratar pediatras de forma inmediata, pero é un problema que temos, non hai.

Das listas de espera xa se falou aquí esta mañá. Saen publicadas cada seis meses, está na web, é transparente. Non vou dar datos porque non me vai dar tempo.

En canto ás demandas dos profesionais do PAC, vostede xa sabe que se teñen celebrado catro reunións da comisión técnica e que neste marco de negociación é onde se van tratar as cuestións de índole puramente laboral e técnica.

E teño que rematar xa a miña intervención recordando unha noticia que se publicou recentemente en *Redacción Médica*, que fai referencia ao informe anual de Bloomberg, no que se comunica que España mantén por terceiro ano consecutivo o terceiro posto a nivel mundial como mellor sistema sanitario do mundo, só por detrás de Hong Kong e Singapur, sendo o sistema máis eficiente de toda Europa. Bloomberg é unha empresa que está en Nova York e o Partido Popular non lle ten nada que ver co que publica.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Previamente, parece inaudito que se conteste desde aquí as observancias ao Regulamento que pode facer unha deputada. A verdade é que deberiamos preguntarnos por que tampouco está aquí o conselleiro de Sanidade para defenderse, ¿non? Pero imos ao tema.

Eu entendo que o Partido Popular vai pedir a votación por puntos para poder votar a favor de proporcionar a información que se solicita nesta iniciativa, porque, unha vez máis, é un discurso absolutamente baleiro, sen ofrecer ningún dato sobre como se calculan as necesidades. A mesma contestación vacua e totalmente insuficiente que ofreceu a Consellería de Sanidade por escrito ao noso grupo; unha contestación que non traslada como se calculan eses criterios. Se vostedes defenden —e vamos ao concreto—, que se calcula a necesidade de camas en función da demanda asistencial, e vostedes presumen de que este ano hai máis camas abertas, ¿como calcularon vostedes que se ía incrementar a demanda asistencial este verán con respecto aos anos anteriores? Non o calcularon, non teñen ningún tipo de criterio obxectivo nin de dato. Pedinlle criterios clínicos, pedinlle datos contrastables. ¿Por que cada ano pechan servizos diferentes nos hospitais da rede pública? ¿A que obedece ese elemento? ¿Poderían dicirnos cales son os especialistas que non se poden cubrir porque non hai e cales si se poden cubrir e, a pesar diso, pechan os servizos? ¿Por que pode pechar en verán un servizo como pode ser unha unidade de lactantes? ¿Hai menos demanda asistencial? ¿Por que en moitos casos as mulleres parturientas teñen que compartir unidade con outros problemas xinecolóxicos durante os meses de verán? ¿Por que? Vostedes simplemente fan ha-

bitualmente referencia aos problemas relacionados coa neumoloxía, pero non dan ningún dato sobre ese aspecto.

Dígannos por que, segundo os datos do IGE, hai 9.000 camas menos dende o ano 2008. Entre o período 2008-2016 perdemos 9.000 camas. Está nos datos do Instituto Galego de Estatística.

E eu teño que lamentar que non me queda tempo para trasladar... Todas e cada unha das cousas que se dixeron aquí son falsas, incluídas as listas de espera. Se queren que saibamos cales son, proporcionen os datos que pedimos nesta moción. Teño que trasladar que lamento profundamente que este Parlamento vaia organizar unhas xornadas, o vindeiro xoves e venres, nas que se invita precisamente a elementos con auténtica participación na privatización da sanidade pública. É unha burla que a dirección de Metronic veña a este Parlamento a falar da sanidade pública, cando estivo ocultando a esta Cámara datos relevantes que se solicitaron. Sinceramente, laméntoo profundamente como deputada desta Cámara. Quería dicilo e trasladalo tamén nesta tribuna, porque parece pouco menos que unha burla que esas persoas comparezan nesta Cámara e que se organicen a espaldas do resto de grupos parlamentarios —dende logo, polo menos do resto de persoas que formamos parte da Mesa— unhas xornadas tal e como as que se van facer esta mesma semana. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

¿Sobre a emenda? ¿Acepta a emenda? *(Murmurios.)*

Sobre as xornadas, unha explicación. Non é a primeira vez que se celebran no Parlamento, levamos anos celebrando esas xornadas. Ao Parlamento, custo cero, as xornadas son libres. Celébranse en todos os parlamentos do Estado, en todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, estoulle respostando porque ela respostou. Ela diríxese, evidentemente, a min, e entón eu estou respostando sobre estas xornadas. Eu creo que con iso queda xa contestación a un requirimento que ela me fai. Íallo dicir persoalmente, pero xa llo digo agora.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e once minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª María de los Ángeles Cuña Bóveda e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da CRTVG

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

1. Dirixirse ao Consello de administración da CRTVG para que aprobe, de maneira urxente, o Estatuto profesional e o Consello de informativos tal e como recolle a Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

2. O Parlamento acorda abrir un proceso de diálogo entre os grupos parlamentares para renovar a Dirección Xeral de acordo co procedemento de elección que dispón a Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

3. Pór en funcionamento "ferramentas normativas eficaces que permitan a erradicación definitiva da inxerencia política nos labores xornalísticos".

4. Cumprir a directiva comunitaria 2010/13 sobre Servizos de comunicación audiovisual e a Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea.

5. Dirixirse ao Consello de administración da CRTVG para que elabore un Plan de igualdade de oportunidades no que se que inclúa o protocolo de prevención e intervención fronte ao acoso sexual e por razón de sexo, e remitilo ao Parlamento de Galiza.

6. Desenvolver, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, accións formativas e de sensibilización dirixidas a xornalistas e medios de comunicación, públicos e privados, para aplicar o previsto no capítulo III, Igualdade de oportunidades e medios de comunicación, do Decreto 2/2015, publicado no DOG *nº 32, do 17 de febreiro de 2016.»*

Emenda de adición.

Débese engadir, despois do punto 6 da parte resolutiva da moción, un novo punto:

«7. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento, no prazo máximo de dous meses, o proxecto de lei que regule ou encomende as funcións da autoridade audiovisual, como recolle a disposición final quinta da Lei 9/2011.»).

O señor PRESIDENTE: Para a súa defensa ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Traemos aquí unha moción moi importante dende o noso punto de vista con respecto á CRTVG.

A cidadanía é propietaria dos medios e ten dereito a que o Goberno actúe no sentido da dignidade, da pluralidade e da igualdade. A CRTVG ten a misión de informar, entreter e de formar tamén, e de formar tamén. E só pode cumprila dende a imparcialidade e dende a veracidade.

Instamos a Xunta a desenvolver unha política congruente e conforme a lexislación vixente, e instamos a Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

Primeiro, crear un consello de informativos para cumprir o que marca a Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza. O consello é necesario; é necesario como contrapeso á inxerencia dos gobernos de turno no tratamento informativo. Nunha situación ideal, nos medios públicos nin se notaría o cambio político, como acontece en países como Inglaterra ou Alemaña. Loitar pola creación dun consello de informativos propio, achegándolle á sociedade a importancia de contar con medios públicos independentes como parte do proceso de construción dunha verdadeira democracia.

En segundo termo, dignificar o traballo e os medios é a gran reivindicación de todos os traballadores e traballadoras e de moitos dos grupos que estamos nesta cámara. Debemos establecer os mecanismos oportunos de elección do director da CRTVG para que sexa substituído por unha persoa avalada por todos ou por unha parte, tal e como recolle a lei, dos grupos do Parlamento.

Sánchez Izquierdo é o máximo responsable dos centos de casos de manipulación e silenciamento da información na Televisión e Radio públicas de Galiza. Si, hai casos de manipulación. Poden negalo, como no tango: Dirán que todo é mentira / Dirán que nada é verdade / E ao mundo nada lle importa / Xira. Non, neste caso ao mundo impórtalle moito, e hai casos de manipulación e censura nun contexto de regresión da liberdade de expresión. Só hai que reparar —insisto— en como foron tratadas en moitas noticias as multitudes que expresaban, en manifestacións lexítimas, o sentir dunha parte inmensa da cidadanía. Soamente hai que mirar cal é o tratamento informativo das manifestacións de sanidade, de ensino; das manifestacións sobre as pensións, do 8-M, da mina de Touro, dos incendios, da Lei de depredación... Só hai que miralo para comprobalo.

Hai moitos exemplos, moitísimos, de falta de hixiene informativa dende que estamos aquí, moitos e moi alarmantes. Podemos citar algúns rapidamente. Xa que se nega, para mostra sete botóns:

Xuño de 2016: a conspiración do ministro Jorge Fernández Díaz, ministro de Interior en funcións, que conspira co xefe da Oficina Antifraude catalá para fabricar escándalos. Revisen esta nova.

Tres de abril de 2017: un profesional, Luis Quintas, denuncia que se eliminaron declaracións críticas coa Xunta de Galiza.

Xullo de 2017: Rajoy no xulgado. Miren, pasen e vexan.

Cinco de setembro de 2017: vexan se hai manipulación ou non, pois desaparece a vinculación dun militante do PP detido en Melilla, achegado ao xihadismo.

Seis de outubro de 2017: non tivemos vaga de lume na Televisión ata a noite.

Sete de maio de 2018: Gürtel. Da Gürtel falamos xa hai dúas semanas, e realmente a cobertura foi curiosa: as instrucións denunciadas polos traballadores destacados eran delimitar. ¿Que se delimitou ou non? O que si sabemos é que setenta e seis segundos ocupou a información sobre a sentenza. Nada se dixo de Pablo Crespo —¡que curioso!, ¡que casualidade!— porque Pablo Crespo era o número tres do PP en Galiza. Non houbo tampouco directos cos correspondentes.

Oito de xullo de 2018: agochan a protesta contra a mina de Touro.

Ben, estes son exemplos gráficos de manipulación.

Terceiro, poñer en funcionamento ferramentas normativas eficaces que permitan a erradicación definitiva da inxerencia política nos labores xornalísticos. A inxerencia, señorías, é inadmisible. As traballadoras e os traballadores non son o gabinete de comunicación de ningún goberno, sexa da cor que sexa; non son nin deben ser altofalantes das mensaxes do Partido Popular, porque non son monicreques, porque non están nin deben estar en mans de ningún partido. As traballadoras exixen —con razón e con toda lexitimidade— que de inmediato rematen estas prácticas, porque, ademais de vulnerar dereitos esenciais, afástanas da sociedade, precisamente pola perda rotunda de credibilidade.

O cuarto punto é cumprir a Directiva comunitaria 2010/13, sobre servizos e comunicación audiovisuais, e a Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, que nos vencellan. Tamén elaborar de forma urxente un plan de igualdade que inclúa protocolos de actuación nos casos de acoso sexual —xa houbo varios— e que garanta a igualdade de oportunidades.

Entre xuño e xullo creouse un colectivo de xornalistas galegas para integrar a perspectiva feminista no xornalismo. En Marea aplaude esta iniciativa porque vai en concordancia coa nosa idea de que hai que feminizar a sociedade, hai que feminizar a política e, por suposto, hai que feminizar tamén os medios públicos de comunicación.

Elaborar o código de autorregulación que tanto demandamos é unha obriga, pero ¿u-lo código? Insisto: ¿u-lo código? Non o atopamos, non existe. ¿Ou si existe? Aquí o vicepresidente Rueda afirmou que existía. Na comisión, o director da CRTVG afirmou que existía. ¿Ulo? ¿U-lo código? Que nolo fagan chegar. Insisto: cremos que é unha gran mentira, pero, ben, por iso tamén nós insistimos en que se apliquen as boas prácticas xornalísticas e os principios do xornalismo, tal e como marca a lei. O que si existe é lexislación: existen protocolos, existen ferramentas para combater estes fenómenos. O acoso sexual ás mulleres non é aceptable en ningún sector. É necesario aplicar as leis para combater o problema, e a CRTVG ten a obriga de poñer na práctica o código ético non só na Corporación, tamén nas contratas suxeitas á subvención pública.

¿Cren vostedes que se respecta a dignidade? Vou poñer un exemplo de aldraxe para nós —ao mellor para vostedes é simplemente un chiste—, un exemplo da mesquiña autopromoción do programa *Land Rober* —especificando que non temos nada en contra do programa, pero si desta promoción—, na que o seu presentador anuncia a volta do programa á pantalla da TVG e, en chave humorística, tenta convencer a audiencia de que é mellor ver *Land Rober* que pegar a unha vella. ¿É divertido, verdade? Pois presupón que se pode bater nas vellas. Presupón, desvirtúa e minimiza a gravidade de actitudes violentas e machistas. Isto é impresentable.

Por certo, falando de feminismo: acaba de saír unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que fala do comportamento malicioso da administración e da Corporación con respecto aos dereitos de folga. Referímonos ao día 8 de marzo.

Tamén nos adherimos dende En Marea ás demandas do Comité Intercentros avaladas pola sinatura de cincocentos sesenta e dous profesionais para que se arquive o expediente irracional aplicado á xornalista Tati Moyano. E, por suposto, que haxa rehabilitación pública da xornalista e rexeitamento das represalias irracionais.

Para rematar, eu creo que se vostedes pensan con profundidade nos temas de dignidade, nos temas que nos abranguen a todas, por riba dos políticos turnantes, vainos custar moito entender que apoien o incumprimento da lei.

Veremos como acontecen as demais intervencións, e na última miña falarei, por suposto, das emendas propostas polo Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Quería aproveitar, antes de comezar a explicar un pouco devagar a extensa —recoñézoo tamén— emenda que presentamos desde o Grupo Parlamentario do BNG, para lembrar que hoxe o Ministerio español de Cultura acaba de recoñecer a traxectoria, o labor e a contribución ao xornalismo galego dunha das grandes xornalistas da Radio Galega, Ana Romaní, a quen acaba de conceder o Premio estatal de xornalismo cultural 2018. Cremos que nun momento e nun contexto como o que nos atopamos hoxe, co merecemento e o recoñecemento que ten unha das figuras fundamentais do xornalismo cultural e —diría eu— do xornalismo en sentido extenso no noso país, este galardón ten unha gran recibidora. E vaian os parabéns, polo menos, no nome do Grupo Parlamentario do BNG, para Ana Romaní *(Aplausos.)*, agora que está diluído absolutamente o *Diario cultural* no medio da información xeneralista na grella da Radio Galega.

Entrando xa ao tema en cuestión, a moción que presenta hoxe o Grupo Parlamentario de En Marea, desde o BNG estamos de acordo coas iniciativas que se presentan. Temos denunciado

de maneira reiterada, tanto na Comisión de control da CRTVG como neste mesmo pleno, hai escasamente quince días, a vulneración intencionada que se está a practicar da Lei 9/2011, de medios de comunicación audiovisual públicos de Galiza. Esta é a razón pola que hai quince días defendiamos nesta cámara a reprobación do director xeral como a cúspide desa dirección que mantén —desde o noso punto de vista— secuestrados os medios públicos.

A emenda que presentamos pretende engadir unha serie de cuestións —agora pasarei a explicalas— que teñen máis que ver coa forma que co fondo, que —insisto— desde o BNG compartimos absolutamente.

A respecto da creación do consello de informativos, nós engadimos na nosa emenda a aprobación do estatuto profesional, tal e como aparece recollido na lei —que non é cousa menor—, que debe poñer por escrito cales son os dereitos e obrigas, no desenvolvemento da súa función e labor profesional, do cadro de persoal da CRTVG. É unha competencia que corresponde ao Consello de Administración da Corporación, non á Xunta de Galiza. E nós entendemos que debe ser así e, polo tanto, aprobado —como tamén indica a propia lei— previamente, de maneira dialogada, de maneira negociada e de maneira debatida coa representación da parte social, coa representación sindical das traballadoras e dos traballadores da CRTVG. Isto leva acontecendo desde hai sete anos; hai unha vulneración intencionada da lei e non pode pasar nin un só día máis que se manteña. Así o reclama, ademais, nesa mobilización —que leva xa tres meses— dos venres negros o cadro de persoal.

A respecto da elección por dous terzos en primeira votación da Dirección Xeral, que é o que di e establece tamén esa Lei de medios de 2011, é unha encomenda do poder lexislativo. Correspóndelle ao Parlamento de Galiza, nunca á Xunta, nunca ao Goberno, que é precisamente o que está a acontecer agora. É unha das denuncias centrais tamén do cadro de persoal.

O señor Sánchez Izquierdo —lembrarán todas as persoas que están aquí— foi nomeado a dedo no ano 2009 e, despois da entrada en vigor da Lei de medios no ano 2011, foi prorrogado sine díe a través dunha lei de acompañamento dos orzamentos. Supoñemos, desde o Bloque Nacionalista Galego, toda vez que vimos nas últimas semanas como o Partido Popular en Madrid se rasgaba as vestiduras porque consideraba unha fraude democrática e un subterfuxio usar a emenda a unha lei para cambiar outra que nada tiña que ver co seu contido, que o Partido Popular concordará, aquí na Galiza, en que a Dirección Xeral da CRTVG non pode seguir nin un só día máis no cargo nunha situación de fraude de lei. Insisto: prorrogado sine díe a través dunha lei de acompañamento dos orzamentos, que nada ten que ver co exercicio da Corporación.

A nosa proposta, nese sentido, é que a Cámara abra con todas as forzas políticas un proceso de diálogo para abordar esta cuestión, para axustar ao marco lexislativo que está en vigor no noso país desde o ano 2011 a escolla desa dirección xeral.

E engadimos —xa non me queda máis tempo—, como emenda de engádega e non de modificación, unha cuestión concreta que ten que ver directamente coas competencias da Xunta de Galiza e co desenvolvemento desa Lei de medios, e pola que estamos esperando desde que entrou en vigor no ano 2011, que é a creación da autoridade audiovisual. Aparece recollida

na disposición derradeira quinta, onde pon que a Xunta de Galiza tiña obriga, no prazo de nove meses desde a entrada en vigor desa Lei de medios, de traer a esta cámara un proxecto de lei que regule ou encomende as funcións da autoridade audiovisual. Que non é tampouco cousa pequena, porque falamos dun elemento de control externo, independente e profesional que ten que facer tamén un labor de fiscalización e de garantía do cumprimento da misión de servizo público da CRTVG.

Agardamos que se teñan en consideración as nosas achegas e, pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

O Grupo Parlamentario Socialista quere hoxe tamén, en primeiro lugar, parabenizar a xornalista Ana Romaní por ese Premio Nacional de Periodismo Cultural que acaba de outorgarlle —coñeciámolo hoxe— o Ministerio de Cultura. Está claro que mentres uns enterran a cultura e enterran o *Diario cultural*, outros prémiano, e parabenizamos o traballo desta grandísima profesional. *(Aplausos.)*

Non queremos medios públicos dirixidos dende o Goberno. Este goberno nunca vai dirixir os medios públicos. Isto foi o que dixo na... *(Murmurios.)* Non se alporicen, que vén no *Diario de Sesións*. É o que dixo o vicepresidente da Xunta aquí na interpelación pola cal se substancia hoxe esta moción.

Claro, é curioso; ben, curioso... Eu máis ben diría que xa coñeciamos os dotes de interpretación do vicepresidente da Xunta, pero a súa intervención o outro día é digna, polo menos, dun premio Mestre Mateo. Estaría ben porque, ademais, así tamén se relaciona un pouco máis co mundo da cultura, que o ten bastante illado, e así acode á celebración deses premios tamén. E digo que é curioso porque todo isto ocorre mentres a Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia —imos poñerlle nome e apelidos porque é importante— está actuando... Non sei se recordan, señorías, a Mary Carmen e os seus bonecos. Pois a Xunta de Galicia, o Goberno galego pensa que os grandísimos profesionais, en concreto, os presentadores e as presentadoras da Televisión e da Radio públicas galegas son bonecos aos que se lles pode indicar en cada momento o que teñen que dicir. E non son iso, son —como dicía— grandes profesionais que levan xa meses loitando contra a manipulación informativa e contra esa falta de pluralidade e de independencia dos medios públicos nesta comunidade autónoma. Algo que debería ser normal, a pluralidade e a independencia, nun estado democrático maduro como este.

Por iso dimitiron Alfonso Hermida e Tati Moyano, non me vou cansar de dicilo nesta tribuna. É máis: esta xornalista estana perseguindo por acudir a un acto da Asociación Española con-

tra o Cancro e, diante do presidente da Xunta de Galicia, explicar o que está acontecendo na CRTVG. Está perseguida con ese expediente disciplinario que segue en marcha.

Ben, pero é que os dotes interpretativos do vicepresidente da Xunta aínda foron a máis, porque chegou a dicir que había purgas en Radio y Televisión Española —¡si, si!—, e a cuestionar por que os traballadores da RTVE non vestiron de negro —dixo na súa intervención— a pesar destas purgas. Eu non sei se ao que se refería era á purga do señor Cárdenas. O que fixo exactamente a anterior dirección foi intentar blindar unha persoa que tiña un salario de douscentos mil euros á semana cun contrato de, en lugar de catro programas, un por cento cincuenta mil euros. E todo isto cunha Radio y Televisión Española chea de grandísimos profesionais que escondeu, que tapou nestes últimos anos. E todo isto despois de que o seu director de Servizos Informativos purgara —si, purgara— corenta e sete de corenta e nove cargos na área de informativos á súa chegada. Hai que ter cara, señorías.

¿Pero que quedou despois das mobilizacións do 8 de setembro e deses venres negros que continúan aínda? ¿Que fixo a CRTVG ante estas denuncias? Ben, pois mandar unha circular interna de dinámicas de convivencia, orde e limpeza na redacción dixital. *(A señora Blanco Rodríguez amósalle un documento á Cámara.)* Entre outras medidas, inclúe non pendurar nas paredes calendarios, fotos, carteis ou elementos de decoración que non fosen anteriormente aprobados. Claro, dime de que presumes... Convivencia cos traballadores e traballadoras da CRTVG, orde na toma de decisións e limpeza e pulcritude contra a manipulación informativa é xusto o que lles falta a este director e a este consello de administración da CRTVG. *(Aplausos.)* Director que agora mesmo —imos seguir repetíndoo en cada intervención— soamente conta co apoio do Partido Popular, porque foi reprobado.

Como dicía a señora Rodil, nós coincidimos con esta iniciativa, pero hai que ver o ámbito competencial, e está claro que a Xunta de Galicia non pode instar directamente ao cumprimento, a que se aproben o estatuto profesional e o consello de informativos. Teno que facer a través do Consello de Administración.

Tamén ese plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. E eu dígolles que non invistan tempo en teclear, nin en folios nin en nada. Xa estaba, estaba da anterior dirección, estaba do malo malísimo, do Bipartito, pero está metido nun caixón. Entón, sáqueno, porque á vista do que aconteceu hoxe e desa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que condena por intentar rebentar a folga feminista do 8-M, está claro que si que o necesitan.

É probable que, como vén acontecendo noutras ocasións, veña agora a voceira do Partido Popular falarnos de índices de audiencia. Pero, claro, os índices de audiencia interprétanse como as enquisas: cada un fai a interpretación que mellor lle convén. Eu quero deixarlle aquí unha pregunta enriba do estrado, non sei se para contestarme hoxe, ou outro día, ou cando vostede conveña: ¿un elevado índice de audiencia é directamente proporcional á pluralidade e á independencia informativa?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Eu pregúntolle iso. E fágolle outra segunda pregunta: ¿quere dicir entón que o Partido Popular di que en TV3, que é unha canle que se ve moito en Cataluña, non hai manipulación informativa porque é unha canle moi vista?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

A verdade é que sempre é un pracer acudir aquí falar da Corporación Radio e Televisión de Galicia, esa televisión que máis ven os galegos, que máis valoran os galegos e coa que máis identificados se senten. E precisamente por esa valoración e por esa identificación é polo que unha, como galega, se sente cando menos sorprendida, e parécelle unha mágoa que cada vez que os grupos da oposición traen aquí algo sobre a CRTVG —e mira que o fan veces— é sempre para deostala, para criticala e mesmo para desprezala, señorías. Pero, ademais de todas esas críticas que fan sempre, hoxe superáronse a si mesmos.

Porque o que vostedes nos propoñen hoxe, señora Cuña, ademais de contraditorio e imposible, é ilegal, como aquí xa lles dixeron os seus compañeiros doutros grupos. Quéixanse continuamente de que o Goberno, segundo vostedes, é o que ordena o que se ten que dicir na Radio e na Televisión de Galicia, porque a Radio e a Televisión son a voz do Goberno. E hoxe precisamente tráennos aquí unha proposta para que sexa o Goberno da Xunta o que lles diga aos traballadores e ás traballadoras da CRTVG o que teñen que facer. ¿Pero que tolemia é esta, señora Cuña? ¡Por favor, un pouco de seriedade!

Claro que, unha vez máis, a vostedes os traizoa o subconsciente. E eu xa llelo dixen hai quince días, hai un mes, hai dous, hai tres: Galicia conta cunha lei que blinda a independencia dos medios públicos de comunicación, unha lei que, por moito que lles pese, se está a cumprir. E precisamente iso é o que a vostedes os incomoda. Porque onde vostedes se senten cómodos é no dirixismo e na manipulación. Aí é onde vostedes se senten cómodos. *(Aplausos.)* Demostrárono no control que exerceron sobre os medios públicos de comunicación durante o Bipartito, onde ata doce veces lles tiveron que chamar a atención dende a Xunta Electoral. Ao actual equipo, cero veces. Demostrárono e estano a demostrar tamén en Madrid. Síntoo moito, señora Blanco, pero é así. *(Murmurios.)* Esa purga, efectivamente, esa purga: cen traballadores en pouco máis de dous meses foron cesados. Recoméndolle que lea hoxe o artigo publicado por un xornalista de recoñecido prestixio nacional, onde fala precisamente de como se trata nestes momentos os traballadores da Televisión Española. *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ¡Vale, vale! Ao mellor con quen ten que falar é coa señora Susana Díaz. Pregúntelle o que lles están facendo alí tamén aos traballadores de Canal Sur.

En fin, señorías, o que eu penso de verdade é que baixo a falacia desa acusación de manipulación que vostedes traen aquí sempre, o que lles pasa a vostedes é que o que máis lles gustaría... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, señor Sánchez! Despois vostede di que se molesta na sala, pero vostede non molesta ninguén. *(O señor Sánchez García e o señor presidente pronuncian palabras que non se perciben.)* Silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Dicía que baixo esa falacia de manipulación á que vostedes acoden sempre, unha empeza a pensar que o que se agocha de verdade é esa preocupación por que as galegas e os galegos coñezan o que está pasando en Galicia: que esa cidadanía da que vostede falaba, señora Cuña, coñeza que Galicia acaba de acadar un récord histórico de exportacións; que en Galicia a ratio de cobertura de escolas infantís está oito puntos por enriba da recomendada pola Unión Europea; que Galicia atende hoxe catro veces máis dependentes que no Bipartito; que en Galicia mil cen mozos se incorporaron nos dous últimos anos ao agro; que en Galicia os retornados que viñeron o ano pasado son o dobre que no 2009 *(Murmurios.)*; que Galicia, entre outras cousas, é pioneira nos recursos de conciliación no medio rural a través das casas niño e das casas do maior. E así poderiamos seguir. ¿Por que lles molesta que a Galicia lle vaia ben? ¿Por que lles molesta que á Televisión de Galicia lle vaia ben? ¿Por que lles molesta que os informativos da Televisión galega sexan os máis vistos?

Hoxe vostedes e nós alegrámonos aquí e dámoslle os parabéns a Ana Romaní por ese premio que acaba de conseguir. Ese premio que ela acaba de conseguir por toda a súa traxectoria, feita boa parte dela dentro dun medio público de comunicación galego, que —digo eu— a deixaría traballar con liberdade, cando lle fixo posible ese premio do que todos nos alegramos, porque é unha grandísima profesional que merecía ese premio. *(Aplausos.)*

En fin, xa non me queda tempo. Simplemente quero dicirlles que a proposta que trae En Marea aquí é antidemocrática. Iso sería suficiente para non votarlla, pero iso xa llo dixo o BNG, que corrixiu as súas peticións dirixíndoas onde as había que dirixir. Pero, claro, ambos erran no contido desas solicitudes. Non me dá tempo, pero hoxe xa lles dixemos na vez anterior que todo isto que piden se está a realizar.

Hai unha cousa que non, por certo. Esa directiva que vostedes din que se cumpra, a Directiva comunitaria 2010/13. ¡É que se vai derrogar! É que agora mesmo se está aprobando outra na Comisión Europea. Por certo, hoxe mesmo tamén se constitúe a Comisión de Igualdade da CRTVG, e existe xa o protocolo para esa igualdade e contra o acoso. *(Balbordo.)*

En fin... Vostede, señora Cuña, viña aquí falar dun montón de supostas manipulacións. ¿Pero vostede non se dá conta de que perdeu toda a credibilidade na anterior sesión, cando vostede dixo aquí, publicamente, que lle daba igual que á Gürtel se lle dedicaran corenta segundos que cinco minutos?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ¡Que a vostede o que lle importaba era sacar aquí este tema! Porque iso é o único que lle importa: buscar aquí titulares. E, de verdade, con nós para iso non conten...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...porque o que vostedes están facendo aquí continuamente, traendo temas recorrentes sen ningún percorrido, é simplemente non defender os traballadores da CRTVG, non defender a Televisión galega, non defender Galicia e non defender os medios públicos de comunicación. Porque manipulando e facéndose eco de noticias falsas o único que se consegue é perder credibilidade. Non conten con nós para iso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Grupo autor da moción, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, que pouco nivel político ten que haber para... *(Balbordo.)* Déixenme rematar, por favor, antes de que remate non abucheen. Calmiña, ¿eh? Pouco nivel político, quero dicir, para dar resposta dicindo que é unha tolería. Reducir un tema tan importante a unha tolería ou facer elucubracións freudianas do subconsciente, aí non vou entrar, porque parece que é impropio dun parlamento. *(Aplausos.)*

Señora Raquel Arias, para desprezo, o seu, que non sentan a falar cos traballadores e coas traballadoras. Señora Arias, para falta de escoita, a súa, que sae con outros temas que non abordamos. O seu triunfalismo é bastante impropio neste momento. Estamos defendendo que se cumpra a legalidade. E, naturalmente, aceptamos a emenda do Bloque, porque mellora algunhas das cuestións formalmente, como ben expresou a deputada Olalla Rodil.

Eu, antes de que se esgote o tempo, vou centrarme no importante. E o importante son sete puntos a respecto dos cales a súa resposta non ten absolutamente ningunha razón de ser, só se basea nas descualificacións e, dende logo, sen argumentos.

Só estou de acordo nunha cousa do que dixo —¡que xa é moito!—, e é que Ana Romaní merece este premio; meréceo e conta co respaldo de toda a sociedade e de toda a cultura galega. Ademais, ela compárteo con toda a sociedade e con toda a cultura galega. Aí estamos de acordo. Pero é paradoxal que hoxe lle entreguen o premio e hai catro telediarios lle supriman un programa de prestixio internacional. Pero, ben, para a reflexión.

Con respecto á emenda, esta é aceptada e vai quedar da seguinte maneira:

Primeiro: Dirixirse ao Consello de Administración da CRTVG para que aprobe, de maneira urxente, o estatuto profesional e o consello de informativos —que está na lei, que vostedes non o puxeron a andar e que garante absolutamente as demandas da xente— para cumprir co que marca a Lei 9/2011.

Segundo: Establecer —e isto é algo que nós podemos modificar, e transaccionaremos cos catro grupos ou como queiran— os mecanismos de elección do director. Dise na lei que ten que estar avalada por, cando menos, dous terzos do Parlamento —cincuenta escanos— ou, de non lograrse, por un mínimo de tres quintos —corenta e cinco—. Ben, nós podemos deixar o texto en que o Parlamento acorda abrir un proceso de diálogo entre os grupos para re-

novar a dirección xeral de acordo co procedemento de elección que dispón a Lei 9/2011, de medios públicos. A dirección xeral ten responsabilidades. As acusacións non son delirios, non son inventos; son reais e hai exemplos.

Terceiro: Pór en funcionamento —isto queda tal e como o establecemos na moción— ferramentas normativas eficaces que permitan a erradicación definitiva da inxerencia política nos labores xornalísticos —inxerencia real.

Catro: Cumprir a Directiva comunitaria sobre servizos de comunicación audiovisual e a Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea.

Cinco: Dirixirse ao Consello de Administración da CRTVG para que elabore, de forma urxente, o plan de igualdade de oportunidades no que se inclúan protocolos de prevención e intervención fronte ao acoso sexual e por razóns de sexo, e remitilo ao Parlamento de Galiza.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Sexto: Desenvolver, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, accións formativas e de sensibilización dirixidas a xornalistas e medios de comunicación públicos e privados, para a aplicación do previsto no capítulo III, de igualdade de oportunidades e medios.

E a de engádega, que é a que aporta o BNG: O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento, no prazo máximo de dous meses, o proxecto de lei que regule ou encomende as funcións da autoridade audiovisual, como recolle a disposición final quinta. Nós tamén compartimos esta idea.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais

O señor PRESIDENTE: Hai emendas de todos os grupos.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luis Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir á parte resolutiva o seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

— Un novo sistema de financiamento local que teña en conta, ademais do criterio poboacional, outros factores que condicionan o custo da prestación dos servizos como o número de entidades de poboación, a extensión territorial e o envellecemento da poboación.

— A modificación da lexislación en materia de estabilidade orzamentaria que afecta ás administracións, eliminando os ríxidos límites en materia de gasto público, endebedamento e contratación de persoal.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, unha vez entre en vigor o novo sistema de financiamento autonómico e local, continúe o estudo pormenorizado, no seo da Subcomisión permanente de Réxime económico e financeiro, sobre a política de subvencións da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.»).

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada e portavoz suplente Carmen Santos Queiruga, e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir á parte resolutiva o seguinte texto:

«Instar o Goberno Central á derrogación inmediata da Lei de estabilidade orzamentaria, coñecida como Lei Montoro, para que os concellos con superávit poidan, entre outras cousas, dedicar estes recursos a mellorar o benestar da cidadanía, con máis gasto social e maiores investimentos.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Hoxe traemos a debate unha moción que deriva da interpelación que tivemos oportunidade de debater neste parlamento no anterior pleno, e na que volvemos falar, novamente, sobre a execución orzamentaria dos recursos que destina a Xunta de Galicia ás entidades locais galegas. Hoxe traemos a debate, unha vez máis, o déficit no financiamento dos concellos galegos, e traemos a debate, unha vez máis, a xestión que fai o Partido Popular na Xunta de Galicia sobre os recursos que son de todos os galegos e de todas as galegas.

A Xunta de Galicia, é dicir, o Goberno autonómico de todos os galegos e de todas as galegas, xestionado polo Partido Popular, goberna como se se tratase dun chiringuito —emprego a mesma terminoloxía que empregaba no seu momento o hoxe presidente da Xunta de Galicia, o señor Núñez Feijóo—. É dicir, emprega o financiamento local como se fora unha maquinaria electoral, favorecendo os gobernos locais da súa mesma cor política. *(Aplausos.)* Un goberno que vostedes empregan segundo conveña.

Voulles recordar o programa electoral do Partido Popular nas autonómicas do 2016, onde os temas de administración local a verdade é que se despachan en cinco puntos, en páxina e media: modelo de financiamento, novo mapa municipal galego, transparencia, demografía e coordinación institucional.

Señores e señoras do Partido Popular, estamos no ecuador desta lexislatura. Hoxe precisamente fai dous anos do inicio desta décima lexislatura, e o balance ata o de agora respecto ao seu programa electoral, é dicir, ao seu contrato con Galicia e ao seu contrato cos gobernos locais, é moi deficitario, ¡moi deficitario! O PP non lles permite aos concellos galegos levar adiante as políticas necesarias que lles permitan promover as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, tal como recolle a Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, unha lei aprobada tamén polo Partido Popular.

Fagamos unha análise deses cinco puntos —como dicía, escuetos— que vostedes incluían no seu programa electoral. Voulles falar do modelo de financiamento, de atender as necesidades específicas do municipalismo galego e, moi especialmente, da realidade demográfica do noso país. Pois ben, no día de hoxe nada fixeron.

Miren: a realidade é que o Fondo de Cooperación Local —fondo base 2018— é de tres millóns menos do que se dotaba no 2009; que o fondo de cooperación adicional deixa de ser incondicionado. Polo tanto, é unha fraude chamarlle fondo adicional do Fondo de Cooperación Local, posto que vostedes nos orzamentos poñen para que son eses algo máis de seis millóns que orzan. Non é un fondo de cooperación local, non o é.

O crédito que consignan no título V son setenta e catro millóns menos. Sete anos nos que non convocaron a Comisión Galega de Cooperación Local. Aprobaron a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas, a Lei de benestar animal e a Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais, outorgándolles máis competencias aos concellos, pero non lles transferiron ese financiamento absolutamente necesario e que se recolle no artigo 25 da Lei de bases, como vostedes ben saben.

Votan en contra dunha proposición de lei de financiamento local, traída por este grupo a este parlamento, en que se recollen as demandas aprobadas dentro do seo da Fegamp, esa coa que vostedes —dicía o conselleiro o outro día— teñen case unha relación idílica, marabillosa. E, pola contra, non recollen esas demandas que fan no seo da Fegamp.

No ano 2017 deixaron sen executar corenta e tres millóns, e o propio conselleiro de Facenda corrixiu que non eran corenta e tres, que eran corenta e seis. Pero o que non sabemos, se-

gundo as explicacións do conselleiro de Facenda, é por que non se executan na súa totalidade. Aínda que a súa explicación tamén nos deixa un pouco preocupados, porque el di que, como sabemos, o que non se executa se incorpora ao exercicio seguinte. Entendo que só fala de cando son fondos europeos, pero gustaríanos saber tamén que se fai cos fondos propios. ¿Que fai a Xunta de Galicia con eses fondos propios que non executa?, ¿onde están?, ¿nalgún plan?, ¿vólveos incorporar?, ¿volve dicirnos que volven estar nun programa o ano seguinte, pero seguen sendo eses mesmos? Xa nos explicarán. E, por outro lado, ¿por que non utilizan todos os recursos? Vostedes saben perfectamente que a deficiencia do financiamento dos concellos galegos é un problema fundamental para que poidan atender a súa cidadanía.

Punto número dous, falan do novo mapa municipal galego. E a contribución, neste sentido, do Partido Popular na Xunta de Galicia foi a fusión de catro concellos —Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade—, contribución anunciada como unha medida estelar que ía acabar cos problemas de envellecemento e de despoboamento dos concellos galegos polo propio presidente da Xunta. A realidade hoxe dinos que están moi lonxe de cumprir este obxectivo.

Nós pedimos ao Consello de Contas, e espero que vostedes voten a favor, que faga un informe de fiscalización sobre estas fusións e que nos diga e comprobe se se acadou esa prestación de servizos máis eficaz e máis eficiente, sen mingua da calidade da democracia local, tal como establecen vostedes no seu propio programa electoral. Espero que permitan que nos faga este informe.

A realidade tamén é bastante rara, porque nos din que en Cerdedo-Cotobade se acadou unha fusión en que o obxectivo era aumentar poboación, e aumentou en trinta e seis persoas. Pero é que, ao mesmo tempo, perderon duascentas. Xa nos explicará, porque este é un problema grave, que incluso pode ser delituoso. Xa o noso grupo pediu explicacións no seu momento, e gustaríanos saber que pasou con esas duascentas persoas fantasma, que estaban no padrón municipal e, de repente, desaparecen.

Outra das medidas estrela que vostedes anunciaron foi a xestión compartida, pola que os concellos, cando se unen, obteñen un quince por cento máis de subvención —como mínimo— que se o fan individualmente, tamén baseándose na xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles. A realidade é que os concellos se unen con outros concellos para acadar esa puntuación, pero iso non se traslada automaticamente a unha xestión máis eficaz e máis eficiente dos recursos. Noutro momento teremos ocasión de analizar pormenorizadamente cada unha destas subvencións e veremos que iso é mentira en moitos dos casos.

Terceiro punto: transparencia. Falan da lei de administración dixital de Galicia e de implantación da administración electrónica no ámbito da Administración local. ¿Que sabemos desta lei? ¿Estase elaborando? ¿Está nalgún trámite? Por favor, ¿os deputados e deputadas que non pertencemos ao grupo de goberno podemos ter información sobre o trámite desta lei? ¿Que se está facendo?

E tamén lles recordo que o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicou en 2018 un informe anual sobre a cobertura de España en 2017 e a cobertura por comunidades autónomas, e Galicia é unha das comunidades autónomas que peor cobertura ten en banda larga.

Punto número catro: demografía. Unha nova lei de impulso demográfico para artellar mecanismos innovadores de loita contra o despoboamento, con políticas que favorezan a posta á disposición de vivendas e de novos poboadores. ¿Onde está esta lei? Xa preguntamos; tamén temos unha iniciativa rexistrada. ¿Cando a van traer a este parlamento para debatela?, ¿cando acabe a lexislatura?, ¿é nese momento? ¿Onde están esas vivendas, se en políticas de vivendas non fixeron absolutamente nada en nove anos que levan gobernando? Xa teño preguntado aquí neste pleno e na comisión sobre este tema das vivendas. ¿Onde están? ¿Que van facer? ¿Cando van actuar?

Voulle recordar novamente que a situación demográfica de Galicia é que en nove anos de gobernos seus perdemos máis de noventa e cinco mil habitantes, que o crecemento vexetativo galego é o máis baixo de todas as comunidades autónomas, que no indicador conxuntural de fecundidade somos a terceira comunidade empezando pola cola, e que o índice de envellecemento —recórdolle outra vez— é que de cada cen menores de dezaseis, temos cento noventa e cinco maiores de sesenta e catro anos. E en provincias como Ourense temos máis pensionistas que cotizantes á Seguridade Social. Esa é a realidade demográfica —por desgraza— do noso país.

Punto número cinco: coordinación interinstitucional. Propiciaremos a coordinación das políticas da Xunta e das deputacións provinciais, avanzando na concreción de reparto de competencias entre os gobernos. ¿Que levan feito neste asunto? Non nos soa absolutamente nada, ¡absolutamente nada!

O Goberno do Partido Popular é un goberno de moito pico e pouca pa. Mentres o Partido Popular na Xunta de Galicia cadraba as contas e nos dicía contos, mentres a cidadanía padeciamos a peor crise económica e social coñecida, os concellos evitaron a exclusión social...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e a exclusión económica da súa veciñanza. Os concellos obviaron os seus contos e actuaron, e non repararon en de quen era a competencia. E os concellos aplicaron a pa atendendo as persoas que vostedes deixaron totalmente desamparadas.

Vostedes seguen actuando cun sistema caciquil no que deciden que concellos merecen as súas achegas económicas e cales non. Recórdolles que acaban de ter unha subvención en que, en concorrencia non competitiva, en doce minutos esgotaron os créditos.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Tivemos esta mesma experiencia co Plan Hurbe e tamén cunha convocatoria da Consellería de Presidencia o ano pasado. E mire: de dezanove concellos que foron agraciados, o setenta e nove por cento son do Partido Popular e acadan máis do oitenta e tres por cento de todos os recursos aplicados para este. Vostedes deciden. Os alcaldes e as alcaldesas deben ter información privilexiada... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo. Ten outra rolda despois. Mire o reloxo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Nesta moción entendemos, desde o BNG, que hai dúas cuestións relevantes e complementarias que son de responsabilidade tanto autonómica como estatal. Unha primeira cuestión é acabar coa discrecionalidade e o reparto partidista de fondos públicos por parte da Xunta de Galiza, que canaliza estes fondos para favorecer claramente concellos do Partido Popular. E unha segunda cuestión é acabar coa asfixia financeira dos concellos, derivada tanto dun sistema de financiamento discriminatorio e inxusto para os concellos galegos, como tamén dunha lexislación —fundamentalmente esa lei de asfixia financeira, a Lei de estabilidade orzamentaria— que dificulta gravemente a actuación dos concellos. Fíxoo así durante estes últimos anos.

Ademais, isto vese agravado pola transferencia constante e continua de competencias por parte da Xunta de Galiza aos concellos sen o correspondente financiamento. Xa fixo referencia a esta cuestión a voceira do Partido Socialista, e non me vou estender nisto. Tamén hai que facer referencia ao incumprimento sistemático, ao longo de todos estes anos, do pacto local, dos acordos e dos temas que se puxeron na axenda da Comisión Galega de Cooperación Local, dos cales non foron capaces de resolver ningún; entre eles, temas relacionados, precisamente, coas competencias dos concellos e co financiamento dos concellos.

O BNG vai apoiar esta moción —xa o deixamos claro desde o principio, aínda que fixemos tamén algunhas achegas en forma de emendas—, e facémolo porque xa o fixemos cando se debateu un texto moi semellante a este —polo menos nos tres primeiros puntos— nun debate que tivemos aquí xa no mes de maio. E, ademais, porque coincide coas demandas formuladas pola Fegamp, compartidas por todos os grupos parlamentarios desta cámara, e que están recollidas nun documento que se fixo chegar a todos os grupos que se titula «Por un novo modelo de financiamento local», un documento de abril do 2017 que lle marcou, precisamente, a esta cámara e ao Goberno deberes para esta lexislatura. Van dous anos xa e é momento de facer un exame e de ver se realmente están cumprindo estas demandas.

Recordo que se trata de propostas, algunhas das cales aparecen máis ou menos recollidas nesta iniciativa, como por exemplo que haxa unha lei de facendas locais, que se pode equiparar —aínda que non é exactamente o mesmo— á proposta do Partido Socialista de aprobar unha lei de financiamento das entidades locais galegas.

Unha segunda demanda é a regulación da participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma, atendendo a criterios demográficos e poboacionais e tamén á corresponsabilidade fiscal dos propios concellos —é dicir, ao esforzo fiscal que fan os concellos—, que se debería ter en conta nese reparto. E tamén outra cuestión á que fai referencia a iniciativa do Grupo Socialista é a integración no Fondo de Cooperación Local das subven-

cións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente, e de todos aqueles fondos que vaian mediante convocatoria de subvencións con criterios obxectivos de reparto.

E nós entendemos que isto é unha denuncia explícita e clara do uso partidista e clientelar que fai o Partido Popular desde a Xunta de Galiza nas convocatorias á rapañota, como esta da que xa se falou aquí. Curiosamente saen beneficiados na súa inmensa maioría gobernos do Partido Popular, concellos do Partido Popular. Tamén pasa isto, curiosamente, nos convenios que asina, por exemplo, Augas de Galicia, ou nos convenios que asinan as consellerías que teñen no medalleiro do clientelismo e do favoritismo concellos do Partido Popular, que son tanto a de Medio Ambiente, como a de Infraestruturas ou a de Vicepresidencia.

Podemos poñer exemplos do Plan Hurbe, do plan Rexurbe, de todos os plans Hurbe que poidan imaxinar, e tamén, curiosamente, de convenios para a urbanización de treitos, de travesías urbanas, de estradas..., como pasou, por exemplo, na PO-308, que vai de Pontevedra ao Grove e, curiosamente, fan un convenio co Concello de Sanxenxo. Pero esa estrada tamén pasa por Poio, tamén pasa polo Grove, pero con estes concellos non hai convenios. E na PO-546, que vai de Pontevedra a Cangas, fan un convenio co Concello de Marín, curiosamente, pero non co Concello de Pontevedra ou co Concello de Bueu, polos que tamén pasa esta estrada. É dicir, son convenios moi sui géneris, aos que deriva o Partido Popular millóns de euros.

Ben, ata aquí hai unha plena coincidencia coa proposta do Partido Socialista; nós engadimos outras demandas a maiores, que tamén están contidas nese documento presentado pola Fegamp, e que supoñen a exixencia tamén ao Goberno do Estado de que actúe no que é do seu ámbito. Por iso nós propoñemos dúas cuestións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que forman parte tamén desa axenda galega que anunciou o BNG, e que teñen que ver cun novo sistema de financiamento local, porque o actual é absolutamente discriminatorio e inxusto. A propia Fegamp deu datos do roubo de mil catrocentos millóns entre o ano 2004 e 2015 que non chegaron aos concellos galegos por este sistema discriminatorio, e tamén da necesidade de derrogar unha lei, que é unha lei de asfixia financeira —como dixen antes—: a Lei de estabilidade orzamentaria. E queremos recordarlle ao Partido Socialista que está gobernando neste momento no Estado e que hai, supostamente, maiorías parlamentarias no Estado que permitirían derrogar esta lei.

Polo tanto, o que pedimos é —tamén coas nosas emendas— máis transparencia e máis recursos para mellores servizos por parte dos concellos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde, señor presidente.

Señores deputados e deputadas.

En primeiro lugar, quero dicir que nós imos apoiar esta moción do Partido Socialista de Galicia, e ademais é un gusto escoitar unha muller falar de economía e orzamentos e non escoitar homes. *(Murmurios.)*

Ademais de apoiar este tipo de iniciativas que son propias, en febreiro do ano pasado evidenciouse unha reclamación dos concellos que a día de hoxe segue viva, e de aquí vén a nosa emenda de engádega. Os concellos exixían, nunha gran xuntanza, a fin da Lei Montoro para impulsar política social. Debido aos corsés que impuxo o Goberno central do PP, e tamén o Goberno galego, afogaron os concellos. E, dos distintos representantes municipais, ao mellor as declaracións máis importantes ou máis famosas foron as da alcaldesa de Madrid, Manuela Carmena, que asegurou, co coñecemento normativo que ten deste tipo de leis, que se estaba empeorando enormemente a calidade de vida das cidades.

Non se quixo daquela, nin se quere agora dende o Goberno galego, facer caso ao que se di de parte dos concellos. Pero os concellos non están nunha posición de declarar ningunha guerra; o que si temos e existe é un discurso común: os concellos exixiron e exixen a fin da Lei Montoro do ano 2013.

O PP da Gürtel non quixo escoitar daquela. Esperemos que o novo goberno si escoite, e esperemos que nesta cámara si voten en consecuencia a iso que non quixeron escoitar, porque cinco anos xa son moitos de costas á xestión municipal.

A Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local mantén aínda hoxe amarradas moitas administracións municipais sen ter capacidade de xestión, sen capacidade orzamentaria para atender os veciños e veciñas, ante as súas demandas reais. E cada vez —como moitas veces debatemos na Comisión 1ª e neste pleno— os concellos teñen máis e máis competencias para atender os veciños e veciñas, sexan propias, sexan por herdanza, sexan por descentralización, por obriga ou por desleixo da propia Administración autonómica, pero, sobre todo, polo desleixo orzamentario e político da Administración galega.

Moitas administracións municipais —como os gobernos das mareas— queren ofrecer máis e mellores servizos aos veciños e veciñas e, sobre todo, queren aumentar as políticas sociais tras uns anos en que as desigualdades económicas foron enormes, incesantes. E, agora que estamos en recuperación, podemos subsanar moitas destas e atender mellor o conxunto da cidadanía a través da administración máis próxima.

Pedimos por iso, a través desta emenda de engádega, a derrogación da Lei Montoro de xeito radical.

Mentres o Goberno central e o Goberno galego do partido a día de hoxe condenado observaron, no ano 2017, na distancia, esa rebelión de máis de cen cidades dos alcaldes rebeldes —onde tamén estiveron os nosos alcaldes—, pero non quixeron escoitar, segue existindo unha posición unánime de concellos de todas as cores políticas que puxeron contra as cordas a Montoro Manstesoiras. Non quixo escoitar, e esperemos que agora vostedes si o fagan.

Argumentos, volvemos repetilos: mellorar os conceptos de financiamento local e procurar non empeoralo ante a situación de empeoramento incesante e a sorprendente irresponsabilidade dos supostos bos xestores do Partido Popular, como consecuencia, en primeiro termo, desta Lei de estabilidade orzamentaria. Un exemplo moi claro era a xestión da señora Ana Botella. Coa señora Manuela Carmena, os números da redución da débeda deste concello son aplastantes, e facendo simplemente algo tan sinxelo como non roubar. Pero, aínda así, en Madrid, ante unha situación de superávit, vimos como os mil millóns de euros que tiña de superávit non puido destinalos a facer políticas sociais por culpa da Lei Montoro do Partido Popular. Os concellos, en moitos casos con superávit ou cun nivel de endebedamento moi baixo —que en Galicia hai moitos exemplos; xa citaba antes os gobernos da Coruña e de Santiago—, deberían de ter autonomía para xestionar os seus recursos para dar servizos aos cidadáns. Supoño que será esta a xestión que lle preocupa ao señor Feijóo, e non a de seguir enchendo de imputados, ou volver encher de imputados, os concellos de Galicia de onde conseguimos botalos.

As cidades, vilas e aldeas do mundo rural e urbano necesitan ter un financiamento axeitado. Os municipios galegos, ademais, teñen un financiamento moi por debaixo do que, en principio, a Constitución lles asigna en canto a servizos, e esta sempre foi unha asignatura pendente do noso sistema democrático e do sistema galego. Esperemos que nesta nova etapa poidamos todas traballar conxuntamente, comezando pola aprobación unánime desta moción, e traballar con responsabilidade de cara ás municipais de 2019 para reverter esta situación, xerada polo Partido Popular, en favor dos veciños e veciñas. Polo tanto, esperamos a responsabilidade de todos os grupos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha iniciativa da señora Rodríguez Rumbo moi similar a unha que debatemos o 22 de maio de 2018, e como no Partido Popular non somos como no Partido Socialista —que son capaces de dicir unha cousa e a contraria en menos de vinte e catro horas e dicir que é un globo sonda—, nós imos manter o mesmo criterio e o mesmo discurso que o 22 de maio e que o venres pasado na Comisión 1ª. *(Aplausos.)* A nós non nos inflúe o cambio de goberno para defender o financiamento das corporacións locais. Ao Partido Socialista si. Explicóullelo moi brillantemente o meu compañeiro Alberto Pazos na Comisión do venres.

Mire: só titulares de prensa, xa que hoxe vai de titulares de prensa, e imos ler uns cantos no tempo.

O 5 de febreiro de 2018: «*Caballero apunta la reforma de la financiación local como la mayor urgencia para acabar con el estado de angustia*».

O 13 de febreiro deste ano: *«Caballero: "La paciencia de la FEMP por la financiación local se ha agotado"»*.

O 30 de maio deste ano: *«Caballero reclama desde la FEMP un nuevo modelo de financiación local»*. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O 5 de xullo de 2018: *«Caballero aplaude a Batet por su apuesta por el municipalismo»*. ¿E que dixo Batet?: *«Batet sostiene que "difícilmente" podrá acordarse un nuevo modelo de financiación esta legislatura»*. *(Murmurios.)* ¿E que di Montero —que non Montoro—?: *«Para emprender la reforma de la financiación local hay que reordenar las competencias municipales»*. *(Murmurios.)* Ben, e hoxe, señorías, poderiamos acompasalo con aquela canción de «No me llames Dolores, llámame Lola». *(Aplausos.)*

Señora Rodríguez, ¿a quen lle facemos caso?, ¿a vostede ou ao emperador da FEMP? Díganolo, porque, claro, o señor que dirixe todos, absolutamente todos, os concellos de España está encantado coa nova ministra. Está encantado co que di sobre o financiamento dos concellos. A vostede non lle gusta, e parece que aos seus socios de goberno tampouco lles gusta; parece que Podemos e o Bloque Nacionalista Galego lles están pedindo, vía emenda, que o Goberno do Estado se poña a traballar no novo modelo de financiamento local.

¿Que lles vai contestar vostede hoxe a esas emendas, señora Rodríguez? ¿Que lles vai contestar? ¿Que van seguir en modo campaña? Levan vostedes cen días en modo campaña. Iso non se sostén, señora Rodríguez. Póñanse a traballar e déixense xa de xestos, de mercadotecnia e de enquisas, que lles van moi ben. Nas enquisas vailles moi ben; despois, no outro, eu creo que é complicado dicir que o Goberno do Estado está facendo algo polos intereses dos concellos, polos intereses dos galegos e polos intereses dos españois.

Vostede segue facendo que fai, xa que lle gusta tanto esa frase. Hoxe xa a cambiou, pero eu vou utilizar a súa palabra: vostede fai que fai, e trae aquí unha iniciativa para que pareza que lle preocupa moito o financiamento local, pero de financiamento local vostede aquí non falou nada. Vostede veu aquí falar de todo menos de financiamento local. Díganos que é o que vai facer o Goberno do Estado, que é o que lle vai pedir vostede ao Goberno do Estado, porque vostede estalle pedindo ao Goberno da Xunta que faga unha lei autonómica. A ver que lles di ás emendas dos grupos que os están apoiando no Goberno do Estado.

Mire: cando gobernaron —iso si, con dous mil millóns de euros máis— non fixeron absolutamente nada, e agora que goberna o Partido Popular —con dous mil millóns de euros menos no orzamento— incrementouse en seis millóns de euros o Fondo de Cooperación Local. E vostede segue vindo aquí mentir. Pero mire: nun país no que a notaria maior do reino mente, que vostede minta xa non ten ningunha relevancia. *(Aplausos.)*

Mire: vostede di que o setenta e nove por cento dos concellos que accederon a unha axuda eran do PP. Supoño que coa mesma información que os concellos do PSOE que accederon a esa axuda. ¡Ah!, pero se a información a teñen os concellos do PP, prevarican; se a teñen os do PSOE e os de BNG é normal, é transparencia, ten que ser así.

Respecto á fusión de Cerdedo e Cotobade, vostede vén outra vez aquí mentir, e vostede mente porque sabe, primeiro, que non son douscentos habitantes, son cento setenta. Eses cento setenta habitantes tiñan un expediente aberto... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* —Eu non a interrompín. Escoite, que despois ten vostede a súa rolda—. Tiñan un expediente de investigación aberto no INE e non foron computados para a fusión, señora Rodríguez. Pero, aínda que foran computados ou non foran computados, o certo e verdade é que a suma dos dous concellos agora dá máis de cinco mil habitantes. E, por tanto, a poboación si que suma e incrementa a capacidade financeira dese concello.

Eu xa sei que vostedes non son de fusións, que vostedes son máis de gastar, despilfarrar, ter cargos... Xa vemos que incrementan o número de ministros, o número de gabinetes, o número de persoal... Pois non, mire, nós facemos as cousas doutro xeito.

E falando dos concellos da Coruña e Santiago, que nos veñan dar clase aquí de como se xestionan os cartos na Coruña e Santiago *(Murmurios.)*, cando resulta, señorías, que en Santiago... ¡Mire, gústalle Santiago! En Santiago non foron quen nin de executar o vinte e dous por cento do orzamento, señorías. *(Balbordo.)* Aí non está nin Montoro nin Feijóo e non son capaces de xestionar máis do vinte e dous por cento. E veñen aquí pedir máis cartos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Para que? ¡Se lles sobran!

Señora Santos, non sei... *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: A verdade é que vostede é ben simpática vindo aquí pedir cartos para o señor Martiño, que en realidade non os necesita porque...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o que lle sobra ao señor Martiño son cartos para xestionar. Non sabe nin que facer con eles. *(Balbordo.) (A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, señorías, a ver se o Goberno do Estado se pon a traballar nas cousas serias e importantes e sae do modo campaña, que xa leva cinco días *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. Agora xa se empeza a acusar a insolvencia e con xestos non funciona todo. E, señora Rodríguez, está nas súas mans acabar con toda esta chirigotada, con estes chiringuitos. Está nas súas mans, no Goberno do Estado. Póñanse a traballar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...fagan unha lei de financiamento das corporacións locais, como lles están pedindo os seus socios de goberno, e a partir de aí falamos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En primeiro lugar, quero agradecer ao BNG e a En Marea o seu apoio a esta iniciativa e, en segundo lugar, a verdade é que non estou nada sorprendida polo que di aquí a señora Prado del Río. Porque vostede fala de mentiras, de que nós mentimos.

Mire: eu asegúrolle que cada vez que saco algún dato xa o teño totalmente contrastado. ¡Totalmente! Cando queira discutimos de calquera dato. E, ademais, mire: saco de todos os orzamentos, de todos os anos, o que está consignado... ¿Vale? *(A señora Rodríguez Rumbo amósalles uns documentos aos membros da Cámara.)* O que vostedes poñen nos seus orzamentos. Polo tanto, non lle vou consentir, e espero que sexa a última vez, que vostede fale de que eu minto, non minto absolutamente en ningún dato.

E tampouco minto cando lle digo que de dezanove concellos, quince son do Partido Popular, e que o oitenta e tres por cento do consignado o levaron os concellos do Partido Popular. *(Aplausos.)* Aí si que se ve a coordinación institucional cos seus concellos, e que vostedes avisan, evidentemente, non a todos os seus concellos; polo tanto, algúns seguramente quedaron enfadados. Xa lles explicarán aos seus concellos —tamén aos que non avisaron— cales foron as razóns. E xa me explicará vostede como é posible que ás 00.00 horas estean os concellos —xente dos concellos— preparados, listos, para premer o botón para que entren en prazo. Xa me explicará vostede como o fan uns e outros non.

Vostedes falan de transparencia pero son os primeiros en non aplicala absolutamente nunca.

Mire: nós traemos unha iniciativa que reproduce textualmente —practicamente textualmente— o que se pediu no documento que se chama: «Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais». Non teño aquí o documento, pero dígame tamén vostede se niso mentín.

Punto 3.1.4: «Transferencias a través de subvencións». Primeiro: Xunta de Galicia, «Da Xunta de Galicia». Non fala do Estado, non veñan vostedes acá... Levan gobernando nove anos ininterrompidamente, sete anos ininterrompidamente no Goberno do Estado, e non fixeron absolutamente nada. *(Aplausos.)* As reivindicacións dos concellos galegos seguen a ser as mesmas que hai nove anos, as mesmas. ¡Absolutamente nada! Vostedes pretenden que nós, en cen días e cunha minoría parlamentaria coñecida, fagamos todo o que vostedes non foron quen de sacar adiante. *(Murmurios.)* E non foron quen de sacalo adiante porque non tiveron absolutamente ningún interese, ¡ningún interese! Vailles moi ben o sistema caciquil e decidir vostedes a quen benefician e a quen non benefician. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O que pedimos na nosa moción, e poden votar en contra, é regular mediante unha lei autonómica e consensuada coa Fegamp o financiamento das en-

tidades locais, establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transparencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Xa está entendido o debate.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moi ben.

O señor PRESIDENTE: Mire, unha cousa, sobre as emendas...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non, nós queremos que se vote a nosa proposta: que lle estamos pedindo os deberes á Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Cumpran coa súa obriga e coa súa responsabilidade. Non intenten mandalo a outro estamento.

O señor PRESIDENTE: Ou sexa, ¿non acepta ningunha?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non, ningunha.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está no seu dereito, se non acepta ningunha, pois non acepta ningunha.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Imos votar as mocións.

Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa da señora Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña.

Xa foi lido o texto transaccionado, votamos ese texto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa da señora María de los Ángeles Cuña Bóveda e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da CRTVG.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Non se aceptan as emendas dos outros grupos.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto 4º da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de Fomento, no marco do contrato adxudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta

O señor PRESIDENTE: Hai emendas de todos os grupos.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 9863).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que realice as xestións oportunas ante a entidade pública empresarial Renfe Operadora para que, dentro das competencias que lle atribúe o Real decreto 2396/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Renfe-Operadora, se dote Galicia de trens AVRIL para a prestación do servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, mellorando así os tempos de conexión coa Meseta e facéndoos máis competitivos.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir o seguinte seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Estado:

- A creación do servizo ferroviario de cercanías e a súa transferencia a Galiza.

- A mellora da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto coa construción da saída sur e a modernización da vía até Tui.

- A modernización da infraestrutura e a mellora do servizo nas liñas Coruña-Ferrol e Ferrol-Ribadeo.

- A modernización da liña Ourense-Lugo e a mellora das comunicacións entre Lugo-Santiago e Lugo-Coruña.

- A mellora da conexión Monforte Palencia e a dinamización do porto seco.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 9863).

Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes puntos ao final da parte resolutiva:

«- Solicitar ao Goberno do Estado a realización dunha auditoría sobre a eficiencia e racionalidade dos investimentos realizados polo Goberno central na alta velocidade.

- Solicitar ao Goberno do Estado que realice unha auditoría que determine as causas da alta incidencia de agresións medioambientais producidas en territorio galego polas obras do AVE e que explore a posibilidade de incrementar as sancións ás empresas infractoras.

- Solicitar ao Goberno do Estado que recupere o nivel de investimento para as infraestruturas galegas previo á chegada do Partido Popular ao Goberno do Estado no 2011.

- Elaborar un informe sobre a caída orzamentaria nas infraestruturas galegas por parte de Fomento e o grao de execución desas partidas durante o Goberno de M. Rajoy como presidente do Goberno do Estado para negociar co novo Goberno a recuperación dos investimentos comprometidos e non executados.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Hoxe traemos a debate esta proposición non de lei en relación coas xestións ante o Ministerio de Fomento para que se dote a Galicia de trens AVRIL, para prestar o servizo da liña Madrid-Ourense ata A Coruña e Vigo, porque a pesar de que é unha iniciativa que temos rexistrada dende hai tempo —concretamente foi rexistrada en xuño do ano pasado, de 2017—, rexistrámola segundo tivemos coñecemento de que se ía facer esa compra de trens, pero agora entendemos que cobra especial actualidade, e intentarei explicalo a continuación.

Tamén me gustaría recordar que esta proposición non de lei quedou presentada e quedou rexistrada estando gobernando o Partido Popular en Madrid. Veño repetindo nos últimos tres, catro meses, desde o cambio de goberno, que o PP de Galicia vai seguir mantendo os mesmos criterios, as mesmas demandas e o mesmo sentido de voto co Goberno do señor Sánchez que o que fixo co Goberno do señor Rajoy. Este é un exemplo máis, esperemos que outros grupos fagan tamén o mesmo.

Como dicía, en novembro de 2016 o ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, anunciaba que acababa de adxudicar a Talgo un contrato para a fabricación de quince unidades trens AVRIL e o seu mantemento durante trinta anos. Xa daquela o ministro avanzaba que este contrato podería ser ampliado a outras 15 unidades, neste caso, ademais, de ancho variable, que é o verdadeiramente significativo para Galicia. Algo que xa está feito desde maio de 2017, por iso naquela data rexistramos esta proposición non de lei.

Ademais, dicíase que ían ser priorizados tanto en entrega como exposta en uso. É verdade que desde aquela presentación neste rexistro aconteceron moitas cousas, entre elas, un cambio de goberno en España. E como no pleno pasado consideramos que é importante que, igual que solicitamos que se garantisen os prazos para a liña de alta velocidade, tamén entendemos que é importante o posicionamento deste Parlamento en temas da calidade do servizo destes trens AVRIL.

Nese último pleno, creo que dun xeito maioritario, sen votos en contra, reforzamos esa petición ao Goberno central para que se cumprisen os prazos comprometidos anteriormente polo Goberno de Mariano Rajoy, a pesar de que as primeiras declaracións de líderes socialistas galegos e de líderes do Goberno de Pedro Sánchez poñían en dúbida a data comprometida, de final de 2019, que creo que estaba referendada polos técnicos e que creo eu, sinceramente, que esa declaración do Parlamento axudou a que despois o ministro confirmara a data de final de 2019 e o mesmo o presidente do Goberno, en reunión co presidente da Xunta.

E igual que tiñamos claro que Galicia non podía renunciar á data de finalización de 2019, tamén pensamos que é importante referendar que é necesario facer este servizo nas mellores condicións tecnolóxicas de servizos. E por iso presentamos tamén esta proposición non de lei, coa vontade de acadar, se pode ser, unanimidade, pero senón unha ampla maioría, para solicitar e reforzar esta demanda ante o Goberno de España.

Estes tres trens son de última xeración, os máis eficientes e competitivos que se fabrican actualmente, e teñen unha serie de características que paga a pena recordar. Son moito mellores en canto a calidade e oferta de asentos, podendo chegar ata 500 ou 600 prazas, optimizando, polo tanto, os convois. Pero, ademais, son máis lixeiros, co que o consumo enerxético, por temas ambientais, é máis favorable. Contribúen, ademais, con velocidades de ata 330 quilómetros/hora, a acadar tempos moi competitivos nestas viaxes. Pero, sobre todo, o que é importante no caso de Galicia, é que teñen rodadura desprazable. Isto permite circular os mesmos trens en traxectos de dobre vía, que é o que vai acontecer entre Madrid e Vigo e A Coruña nos próximos anos.

Polo tanto, este tren AVRIL é o único material rodante de que disporá Renfe no seu parque móbil que garante plenamente as prestacións de alta velocidade con vías de ancho variable, como esta de Madrid-Galicia.

En definitiva, entendemos que son unha serie de prestacións que fan estes trens máis confortables para o viaxeiro, máis competitivos e que ofrecen un mellor servizo. Pero non só iso, estes tamén levan os mellores sistemas de seguridade, e creo que é un dato importante que tampouco nesta Cámara debemos esquecer, o que permitiría circular á máxima velocidade case nun 82 % do percorrido entre Madrid e Santiago de Compostela, a máis de 300 quilómetros por hora.

Por iso, entendemos que é importante manter este compromiso que dun xeito explícito, verbalmente, xa fixera o ministro Íñigo de la Serna, do goberno Popular, e sobre todo porque nos últimos tempos, nestes catro ou cinco meses, levamos escoitado unha serie de declaracións por parte dos ministros do Goberno Socialista de Pedro Sánchez que nos fan estar preocupados. Son, creo, coñecidas por todos, pero por contar algunhas das moitas, puxéronse en principio en dúbida os prazos do AVE, logo rectificados; a liberalización da peaxe de Redondela, teremos ocasión de falar dela neste pleno; tamén a execución da vía Ártabra, un tema cremos que grave porque antepón os intereses da concesionaria aos da xente e dos veciños do contorno da Coruña, pero a última xa foi cuestionar o plan de investimentos de estradas, e con isto tamén ponse en solfa un investimento cremos que moi importante para

Galicia, como é o novo trazado entre Vigo e O Porriño, a prolongación da A-52, que entendemos que estaba prevista neste plan, estaba recollida. Por iso tamén rexistramos xa unha proposición non de lei neste sentido, por se fora necesario tamén este referendo do Parlamento ou este reforzo na demanda.

Entendemos que é unha vía estratéxica, estaba recollida e, se fose necesario, tamén xa adianto que a traeremos a este Parlamento.

Polo tanto, unhas cantas e importantes dúbidas do novo goberno. Cremos que son obras estratéxicas para a nosa comunidade, por iso entendemos que é necesario, na medida do posible, como fixemos no pleno de xullo cos prazos do AVE, traer aquí, polo menos, as solicitudes de referendo deste parlamento para que poidamos ter os trens que mellor servizo poden dar, non só en calidade, senón tamén en eficiencia, en seguridade e, sobre todo, en vías de ancho variable.

Polo tanto, pedir o apoio a esta iniciativa que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que realice as xestións oportunas ante o Ministerio de Fomento para que, no marco do contrato que Renfe lle adxudicou a Talgo, se dote Galicia de trens AVRIL, mellorando así os tempos de conexión coa meseta e facéndoos máis competitivos.»

Sobre as emendas que presentan os grupos, teremos ocasión de escoitar a súa defensa, pero a min si que me gustaría ampliar ou facer unha pequena pregunta ao grupo de En Marea. Logo falaremos das emendas dos tres grupos. Pero, claro, cando escoitamos esta semana que presentan e rexistran no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei que piden unha moratoria para os novos proxectos de AVE, a pregunta é sinxela señor Cal, é: ¿que entenden por novos proxectos de AVE? ¿A saída sur de Vigo é un novo proxecto ou non? Esa é a pregunta. Ou... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...a conexión... Son sinxelas, só é aclarar para valorar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Escoiten, que están no uso da palabra. ¡Por favor, escoiten!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...para valorar despois... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Por favor, eu creo que escoito sempre, dígoo con respecto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Continúe, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Señor Lage, creo que vostede é unha persoa respectuosa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Lago, ¡silencio, por favor!

Continúe.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...creo que debería escoitar.

En calquera caso, tamén espero que se aclaren as emendas. En concreto, ¿a saída sur de Vigo é un novo proxecto ou non?¿A conexión de Lugo con Ourense cara Madrid é un novo proxecto ou non? Eu creo que tanto esta emenda do BNG como outras creo que é importante sabelo. E, neste sentido, teremos logo ocasión de falar desas emendas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Esta iniciativa podémola cualificar como de efecto retardado, e acáelle ben o nome porque estamos falando do tren a Galicia, e o de efecto retardado ou atrasado —van para alá doce anos, polo menos— pois acáelle ben.

Digo de efecto retardado porque foi presentada o 1 do 6 do 2017, coincidindo, efectivamente, con ese anuncio do macrocontrato de trens AVRIL de Talgo por valor de 2.642 millóns. Un contrato que prevía a entrega destes trens no primeiro semestre de 2020, que xa sabemos que tampouco —efecto retardado— se vai cumprir. Xa daquela se dicía nas notas de prensa do ministerio que estes trens, precisamente, estaban ideados para prestar servizo nas comunidades do norte do Estado que tiñan esta dificultade do ancho variable, pola evolución das obras.

Entón, a primeira pregunta que se nos ocorre, señor Martín, é se rexistraron a iniciativa en xuño de 2017, pasaron 15 meses, ¿que fixeron en todo este tempo para cumprir con esta demanda?, porque estaban gobernando vostedes en Galicia e en Madrid, e supoño que neste tempo de máis dun ano que pasou tiveron tempo para negociar. Tiñan estas visitas do ministro, estas comisións de seguimento, estas comisións mixtas, e non entendemos moi ben que pasou. Non sei se a esqueceron alí nun caixón e agora a resucitaron. ¿Como é que non executaron xa isto que propoñen nesta proposición?

Realmente, aquí o que está facendo é unha confesión, un recoñecemento do fracaso. Traen esta proposta porque non o fixeron xa vostedes cando tiveron ocasión de facelo, gobernando aquí e en Madrid. E este debate tamén nos ilustra sobre unha cuestión —digamos— dalgún aspecto positivo que trouxo xa o Goberno do señor Sánchez. Un dos aspectos positivos é que o Partido Popular descubriu a discriminación ferroviaria nas infraestruturas de Galiza. *(Aplausos.)* ¡Benvido sexa, vostedes acaban de descubrir isto! Porque cando gobernaba o Partido Popular en Madrid todo ía sobre rodas, todo ía perfectamente.

A nós o que nos parece é que aquí están buscando unha escusa para abrir outra vez ese debate falso, ese debate enganoso, tramposo, da chegada a Galicia do tren de alta velocidade —o AVE é unha marca comercial—, que a crónica dun atraso anunciado: 2009, 2012, 2015, 2018 agora 2019, será 2020, será o 2024, porque hai moitas incógnitas aínda sobre esta cuestión.

Por exemplo, ¿que pasa co viaduto de Teixeiras?, ¿que pasa coa liña Taboadela-Ourense?, ¿que pasa coa subministración eléctrica e cos atrasos da subestación da Gudiña? Porque, claro, sen subministración eléctrica, non imos ter alta velocidade nas datas das que vostedes falan.

E nin sequera imos ter iso cos trens AVRIL, porque, como se acaba de saber tamén recentemente, houbo un desacordo entre a empresa Talgo e a empresa ADB que vai atrasar tamén a construción deses trens, porque era esta empresa a que tiña o acordo con Talgo para subministrarlle os motores de tracción, e agora ten que buscar outro socio Talgo, co cal xa non se vai cumprir ese prazo, posiblemente do 2020, para a chegada destes trens. De todas maneiras, loxicamente, nós queremos trens máis modernos, trens máis cómodos, trens máis ecolóxicos e trens, desde logo, do século XXI.

Pero a nós parécenos que este debate esta ocultando cal é, en realidade, a necesidade que ten Galiza en materia ferroviaria, cales son as prioridades. E o que pon de manifesto, en todo caso, é ese intercambio de papeis entre o PSOE e o Partido Popular. Isto é como o *efecto calcetín.* Vostedes cambian de papeis e do que dicía antes, digo agora o contrario. E tamén lle preguntamos, en todo caso, ao PSOE se vai seguir defendendo aquilo que propoñían nestes debates do Pleno, de recuperar os 2.000 millóns de euros non executados polos gobernos do Partido Popular, por exemplo, para pagar os incrementos das peaxes que dicían vostedes. Esperamos tamén algunha resposta ao respecto.

Polo tanto, o debate de fondo para nós é que necesitamos unha estratexia de defensa do ferrocarril en Galiza; necesitamos ter unha estratexia propia dende a Xunta de Galicia tamén, cunha exixencia clara ao Goberno central; unha estratexia que ten que ter tres piares claros.

Primeiro, cercanías. Necesitamos ferrocarril de cercanías. Precisamos competencias propias en materia ferroviaria, como dicían vostedes cando licitaron no ano 2010 un contrato para facer unha lei para que Galiza tivese un servizo ferroviario propio. Tamén a deixaron gardada nun caixón.

Segundo, mercadorías. Outra cuestións fundamental para ter un tren de futuro. Conexión dos portos. Mellora da liña Monforte-Palencia...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...tamén o Porto seco de Monforte, que é unha gran explanada baleira.

E, en terceiro lugar, modernización e vertebración do país mediante o tren. Completar o eixo atlántico de Ferrol a Porto. A mellora do tren Ferrol-Ribadeo, que é unha vergoña como está este tren. Esa ten que ser unha auténtica prioridade política e tamén orzamentaria. E, desde logo, a mellora das conexións e rematar co illamento ferroviario de Lugo e Ourense.

Polo tanto, queremos un tren do século XXI. Non podemos perder outra vez este tren.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por parte do Grupo Parlamentario de Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Fernández Prado, vaia por diante que imos votar que si a esta proposición non de lei, polo tanto, dou por seguro que imos acadar esa ampla maioría desta Cámara. Pero vaime permitir que con carácter previo aclare unha dúbida.

Estou convencido de que os trens AVRIL son magníficos. Teñen ancho variable, circulan a 330 quilómetros/hora, son máis seguros, son máis confortables, pero o que non vin na especificación técnica é que circulen por autoestradas, porque vostede fixo aquí unha referencia á autoestrada entre O Porriño e Vigo que non sei que ten que ver con esta proposición non de lei. Francamente, o día que vexa un tren circulando pola autoestrada, botareime as mans á cabeza e direi: «*Isto si que é un avance.*» *(Aplausos.)*

Vostedes rexistraron esta iniciativa no mes de xuño, como xa lle dixo o señor Bará, hai quince meses, o cal a converte... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, dedicou vostede moitísimo tempo a xustificar o atraso en traer esta iniciativa ao Pleno. ¡Moitísimo tempo! É certo que practicamente é un incunable parlamentario. Porque temos Administración dixital, se non, o papel estaría amarelo. Pero vostedes tráena ao Pleno cando o consideran pertinente, como todos os grupos. ¿Sabe cal é o verdadeiro problema de todo isto? Non lle son os trens AVRIL, é que vostedes nesta proposición non de lei son coma un neno pequeno dicindo: eu quero o camión grande. Vale, pero facía falta ter unha estrada para poñer o camión, e o problema é que non temos vías para poñer o tren. E non temos vías para poñer tren porque vostedes —falouse antes, e cito literalmente, de *chirigotada coa execución orzamentaria*—, o Goberno do señor Rajoy, no ano 2015 soamente executou o 39,56 % do que tiña orzamentado —para o AVE estou falando—. No ano 2016, o 28,71 %. No 2017, o primeiro semestre, o 13,9 %. Eses son os 2.000 millóns dos que se fala sempre. Sume vostede o que estaba consignado e o que está executado. E non lle caiba dúbida de que hai un compromiso do Goberno do Estado co mantemento dos prazos do AVE, porque nós si que o imos facer, a diferenza do Goberno do Partido Popular, que era todo publicidade e propaganda.

Polo tanto, o compromiso de ter rematada esa infraestrutura é firme, e despois, claro que imos demandar que se dote esta comunidade autónoma dos trens mellores que poidan circular. Como xa se dixo tamén, parecen especialmente deseñados para a zona norte do Estado.

Empregouse aquí o termo cambio de calcetín, ou darlle a volta ao calcetín, pero cambian vostedes máis de criterio que a corrente alterna de polaridade. É dicir, o que non demandaron ata xuño deste ano, demándano todo o tempo.

¿Por que non o rexistrou vostede? Ah, non, non, xa sei por que non a rexistraron, por que non a meteron en Pleno, porque era tal o volume de demandas que lle facían vostedes ata xuño deste ano ao Goberno central de España que non había oco para meter esta. *(Aplausos.)* Entón, non lle deron chance para poder traer esta proposición non de lei.

¡Home!, sexamos un pouquiño máis serios recoñecendo a necesidade. Imos apoiar esta proposición non de lei e imos votar a favor, con independencia de que a consideramos un tanto extemporánea e un tanto forzada, pero, como comprenderá, vímonos na obriga de facerlle unha emenda técnica. Esta emenda técnica refírese á tramitación. Como sabe vostede perfectamente —porque estou seguro de que o sabe—, quen ten a autonomía de xestión é Renfe Operadora, non é nin o Ministerio de Fomento nin o Adif. E a quen organiza a circulación de trens, polo tanto, será a quen hai que demandarlle iso. Eu dígollo, máis que nada, porque non vaia ser que lles pase como lles pasa coa obra da vella residencia en Lugo, que se equivocaron vostedes na tramitación, chegan a Fomento e dinlles: *non, aquí non é,* e van á ventanilla que non é e perdemos o tempo. Entón, vaian vostedes directamente a Renfe Operadora e demándenlles que doten a Galicia da rede para alta velocidade destes trens AVRIL.

Polo tanto, insisto, imos votarlle a favor, pero, de verdade, a esta proposición non de lei multiemendada, soamente lle faltou a emenda do seu propio grupo, estas autoemendas que ultimamente están poñendo tanto de moda nesta Cámara, porque a verdade é que podían un respiro, sobre todo se vostede tiña pensado falar de autoestradas en lugar dos trens AVRIL.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Fernández Prado, respóstoche moi rapidamente. Só alguén que non ten nin idea do ferrocarril pode confundir un AVE cun tren que circula a 200 quilómetros por hora. Só alguén que non ten nin idea do ferrocarril. *(Aplausos.)*

E outra cuestión que tamén queremos ver se pode respostar na súa réplica. Vostedes demandan e exixen que chegue o AVE no 2019, e á vez piden que veña este tren. A información coa que nós contamos é que este tren non está listo ata o 2020. Entón, a ver se nos pode despexar tamén esta cuestión e ver como se pode encaixar unha cousa coa outra, tamén llo agradecemos. Porque nós aquí vemos unha cuestión de dificultade de espazo-tempo que non nos encaixa.

Nós aquí, nesta iniciativa, vemos claramente un pouso electoralista. Vostedes tratan de liderar a defensa da chegada do AVE a Galicia aínda que vostedes son os principais responsables de que non estea aquí, cando prometeron a súa chegada no 2010. O slogan dos seus últimos sete anos en materia ferroviaria en Galicia pode ser: «*O AVE que nunca chega, mentres destruímos o tren convencional.*»

Vostedes seguen incidindo no erro de falar só do AVE nas súas políticas en materia ferroviaria, mentres destrúen o tren convencional; o que vertebra o país; o que transporta mercadorías, mellorando a nosa economía e o noso medio ambiente; o que defende a igualdade

e o dereito á mobilidade; o que utilizan máis do 95 % das usuarias do ferrocarril, fronte a menos do 5 % que utilizan o AVE. E, sen embargo, vostedes veñen adicando todos estes anos o 70 % dos orzamentos para o ferrocarril ao AVE, e tan só o 30 % para o resto da rede, e isto é absurdo dende a defensa dun proxecto de país. ¡Así deixaron a rede ferroviaria galega! ¡Así aniquilaron o tren en Galicia!

Nós recordamos a nosa posición porque está habendo moita demagoxia e moito interese de sacar rendibilidade electoralista. Nós defendemos que chegue o AVE a Galicia e que chegue canto antes, sen máis agravios para Galicia, sen máis recortes, sen máis atrasos. E, sobre todo, sen recortes en seguridade, para que chegue a tempo para cortar lazos, que ben sabemos o que custa iso despois do ocorrido en Angrois, que vostedes pretenden ocultar.

O PP é, sen dúbida, o aniquilador do ferrocarril en Galicia. Os anos de Goberno de M. Rajoy foron tamén os anos de deterioración do servizo ferroviario galego, da redución de estacións, de liñas e de persoal, abandono do mantemento e novas actuacións. Non fixeron absolutamente ningunha nova actuación, absolutamente ningunha nova actuación, en sete anos, e destruíron boa parte do que tiñamos na rede ferroviaria galega. Ese é o seu balance, por moito que a vostedes non lles guste escoitalo.

Vostedes teñen o mérito de posicionar unha liña galega no primeiro posto como a liña do Estado co maior número de incidencias, Ferrol-Ribadeo; de deixar Ourense e Lugo no século XIX ferroviario; de perder a metade das usuarias na liña Ferrol-Coruña polo abandono e pola deterioración. Non rechistaron cando Íñigo de la Serna deixou a Galicia fóra do corredor Atlántico, unha cuestión tan importante para Galicia que conseguimos solventar sen vostedes e pese a vostedes.

Para vostedes só existe o AVE que constrúen os seus amigos. O eixo atlántico segue co problema de falta de frecuencias e mellores horarios, e con altos prezos; e segue sen construírse nin a saída sur nin a conexión a Ferrol. Xa temos falado diso noutros debates, igual que da liña Ourense-Compostela, que conta cunha clara discriminación tarifaria e poucas frecuencias. Señoras e señores do PP, repitan comigo: *O eixo atlántico non é un AVE.* Non é tan difícil. Deixen de enganar a xente, de confundir a xente. ¡O eixo atlántico non é un AVE!

Nós defendemos o modelo dunha unión entre o tren convencional de altas prestacións, o modelo eixo atlántico, cunha rede de cercanías e coa dinamización do transporte de mercadorías. ¡Iso é ter proxecto e plan de país!

Vostedes non teñen ningunha credibilidade cando falan de ferrocarril. Vostedes simbolizan o fracaso dun modelo ferroviario, o do pelotazo e as megaobras sobredimensionadas, a custa da destrución da rede convencional. Vostedes simbolizan o desfalco e o derroche irracional que calquera pode comprobar cos datos.

O modelo ferroviario do Partido Popular en Galicia resúmese en catro puntos: a aplicación da senda neoliberal cos recortes e a privatización; a redución dos orzamentos do Estado para Galicia durante os anos de Goberno de M. Rajoy, e vostedes non dixeron nada, calaron e mesmo felicitaron a Fomento dicindo que se portaba moi ben con Galicia cando, ano tras

ano, seguían recortándose orzamentos, e, sobre todo, a execución dos mesmos. Outro punto, a substitución do servizo público por unha visión mercantilista. E, por último, a aposta polo AVE en detrimento do tren convencional, aplicando o 70 % dos reducidos orzamentos ao AVE, que fai que España sexa o segundo país do mundo en quilómetros de AVE, na maioría dos casos con previsións de usos sobrevaloradas a sabendas, mentres destrúen o ferrocarril que utiliza a maioría da xente.

Remata o tempo. Nós introducimos catro emendas. Se verdadeiramente están preocupados polo ferrocarril —moi brevemente—, propoñemos dúas auditorías, unha sobre a eficiencia e racionalidade dos investimentos realizados —se vostedes cren que o fixeron tan ben, non deberían de ter ningún problema—. Outra auditoría sobre as causas da alta incidencia das agresións medioambientais en Galicia, que, como vostedes saben, son altísimas nas obras do AVE. Supoño que tamén terán interese en saber que ocorre para que deixe de ocorrer.

E despois, dúas cuestións que teñen que ver co investimento: solicitar ao Goberno de Estado que recupere os investimentos de Fomento anteriores á entrada do Partido Popular e elaborar un informe sobre a caída orzamentaria durante os anos do Partido Popular no Estado, para negociar co novo Goberno unha recuperación dos mesmos para os investimentos que tanto precisan as infraestruturas en Galicia despois do paso do Partido Popular por Fomento.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Boas tardes de novo.

Vou empezar polo final, sobre a emenda de En Marea. Por falar do que traemos na PNL, porque podemos falar doutro tren... Por certo, señor Bará, tamén nós xa debatemos destes temas en varias ocasións. Compartimos moitas das cousas que inclúen na emenda, pero traia, traia, se quere, porque iso é totalmente distinto do que vimos falar hoxe aquí. Moitas delas xa están votadas en época do goberno de Mariano Rajoy, e da súa emenda xa están votadas por este Parlamento co voto favorable do Grupo Popular. Pode traela cando queira, que volveremos apoialas como fixemos cando gobernaba Mariano Rajoy.

En calquera caso, o tema da emenda de En Marea non podemos apoiala. Ten dúas características. Primeiro, poñer en dúbida o esforzo e o compromiso do Goberno anterior en investimentos.

Mire, imos botar moito de menos a execución de investimentos de Fomento agora, co Goberno de Pedro Sánchez. Como, afortunadamente, se Deus quere, nos imos seguir vendo todos, veremos a execución en Galicia do Ministerio de Fomento e botaremos de menos esa execución.

En calquera caso, a outra parte, primeiro, poñer en dúbida iso, cando estamos vendo que, polo menos, temos ese compromiso, e, grazas a eses investimentos, pódese ter o tren para finais do 2019.

En calquera caso, a outra parte de En Marea, ¿que vén sendo? Pois tamén poñer dúbidas sobre a rendibilidade social do AVE a Galicia. Sempre os nacionalistas, e os seus amigos de Podemos en Madrid, as dúbidas son cando chegan os investimentos a Galicia. Ese é o problema. Ata agora a rendibilidade social non importaba, só lles vemos defender o AVE, ou a alta velocidade ou como lle queiran chamar, a Burgos. A ver se empezan a defender de verdade en Madrid a de Galicia, *(Aplausos.)* agora que parece que ese deputado en Madrid ten que facer algún mérito para poñerse a liderar o grupo de Podemos —que podía facer algún mérito, polo menos defendelo unha vez e non só o de Burgos—. En calquera caso, sempre as dúbidas sobre a rendibilidade social son cando toca Galicia; cando son outras comunidades, non. Polo tanto, non podemos apoiar.

No tema do PSOE, eu creo que a emenda, sinceramente, é intentar levar a un tema técnico de Renfe unha cousa que é un compromiso político, que é o que pedimos a Fomento. Un compromiso, señor Álvarez Martínez, que parece que non queren ter. Por iso sae a autoestrada O Porriño-Vigo, porque todas as declaracións do goberno de Pedro Sánchez no referente a Galicia son poñer dúbidas. Chámenlle como queiran, autovía ou o que sexa, trens ou o que sexa, todo son dúbidas sobres estes investimentos porque parece que este ministro só mira cara a Valencia.

En calquera caso, por iso eu fun o primeiro que dixen que esta proposición non de lei é de xuño do ano pasado. ¿Por que é necesaria agora? Ata agora o ministro Íñigo de la Serna dicía que ían ser utilizados para aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ben, pero dicíao! Co goberno socialista non temos esa confirmación.

¡Que o fagan! ¡Por iso está aquí, por iso este é o momento! Porque ata agora non había dúbidas de que podían ser utilizados aquí.

En calquera caso, nós entendemos que sería —creo— moi interesante para Galicia que tiveramos este apoio.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Pero, señor Bará, claro, falamos de cincuenta cousas dentro dunha emenda. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, de todo o sistema, podemos falar de todo. Traemos unha cousa concreta e podemos falar de todo. En calquera caso, xa lle dixen que moitas desas propostas están xa votadas por este Parlamento. Estamos dispostos a volver defendelas se fora necesario.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debatemos agora de xeito acumulado dúas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga

O señor PRESIDENTE: Á proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista. A do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten unha autoemenda do propio grupo, do Bloque Nacionalista Galego, e outra emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Raúl Fernández Fernández, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga (doc. núm. 31236).

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformar o Decreto 37/2006 de listas da Xunta de Galicia para adecualo ás reivindicacións do persoal laboral temporal, incorporando tamén que a experiencia en extinción dos traballadores e traballadoras de Seaga e outros que poidan estar na mesma situación sexa baremable.

2. Que na reestruturación do servizo de prevención e extinción de incendios forestais se teña en conta a todo a aquel persoal con experiencia nestes traballos, someténdoos en todo o caso aos procedementos de acceso á contratación pública previstos normativamente.

3. Reunir de forma urxente o comité de empresa de Seaga.

4. Aplicar o V convenio ó persoal de Seaga.")

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Raúl Fernández Fernández, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga (doc. núm. 36072).

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformar o Decreto 37/2006 de listas da Xunta de Galicia para adecualo ás reivindicacións do persoal laboral temporal, incorporando tamén que a experiencia en extinción dos traballadores e traballadoras de Seaga e outros que poidan estar na mesma situación sexa baremable.

2. Que na reestruturación do servizo de prevención e extinción de incendios forestais se teña en conta a todo a aquel persoal con experiencia nestes traballos, someténdoos en todo o caso aos procedementos de acceso á contratación pública previstos normativamente.

3. Reunir de forma urxente o comité de empresa de Seaga.

4. Aplicar o V convenio ó persoal de Seaga.")

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á súa proposición non de lei, doc. núm. 36072 sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga.

Emenda de modificación

No punto 2 onde di:

"Aplica-lo V Convenio ó persoal de SEAGA."

Debe dicir:

"Que as condicións laborais contidas no V Convenio sexan plasmadas nun convenio de ámbito de empresa e que se apliquen a todo o persoal de SEAGA.")

O señor PRESIDENTE: O esquema vai ser o seguinte: 10 minutos para os grupos propoñentes e un tempo de 7 ou 8 minutos para os grupos non propoñentes.

Para a defensa das proposicións non de lei, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Antes de nada, quixera dar saúdos ás compañeiras e aos compañeiros da empresa pública Seaga que hoxe nos acompañan, e mostrar unha vez máis o noso apoio a esa folga que están a ter para que se lles recoñezan os seus dereitos laborais.

Seaga é unha empresa pública que se creou pola Xunta de Galiza para a realización, como medio propio da Administración galega, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e pres-

tación de servizos en materias forestais, pero especialmente as relacionadas coa prevención e coa loita contra os incendios forestais e, en particular e en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas, como son os axentes e técnicos, fundamentalmente, e o persoal que se enfronta ás lapas. E é aí onde está o servizo público de defensa contra incendios forestais e as brigadas contratadas a través da empresa pública Seaga. Non existe diferenza ningunha entre estes tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais. Están baixo o mesmo mando e actúan coordinadamente.

Pero si que existen varias diferenzas previas e a posteriori. O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galiza. O persoal contratado a través de Seaga non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio colectivo. Aplícaselle o Estatuto dos traballadores, é certo, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.

Os salarios das traballadoras e dos traballadores de Seaga son inferiores aos do persoal contratado directamente polo servizo público contra incendios forestais. Non se lles recoñece o tempo traballado en Seaga para acceder á contratación das listas de contratación da Xunta de Galiza. Aos traballadores e traballadoras de Seaga a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a Inspección de Traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e para a merma de efectividade na extinción dos incendios forestais. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballos de prevención e máis de 8 horas de extinción.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros e que as compañeiras do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e, ademais, non se lles recoñece o tempo traballado.

Desde o comité de empresa —e moitos a título individual, traballadores e traballadoras— denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen os dereitos do V Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galiza. Están agardando a resolución da Inspección de Traballo polo protocolo que os obriga a duplicar esas tarefas e están demandando ante a dirección de Seaga e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da Loxfaga, que di que, «en relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta para as correspondentes categorías se procederá nun prazo de dous anos, dende a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta». Esta lei é a Lei 16/2010, do 17 de decembro, co cal xa van case oito anos dende a súa aprobación.

Vou poñer un exemplo. No DOG do 5 de decembro do ano pasado, 2017, publicouse unha resolución da Consellería de Medio Ambiente pola que se lle dá publicidade a unha encomenda

de xestión a Seaga para executar durante o exercicio 2017 actuacións de conservación en parques naturais de Galicia durante todo ese ano. Os traballadores das listas de Seaga, que desenvolvían as súas tarefas de mantemento, conservación e protección das infraestruturas da rede dos parques naturais —en concreto esta obra era no monte Aloia—, viñan desenvolvendo esas tarefas dende o mes de xuño. Con esta resolución prorrogábase automaticamente a encomenda ata a finalización do ano. Por outra banda, os contratos das traballadoras de Seaga, e traballadores, resultaban ampliados de xeito tácito ao seren contratos temporais con finalización de fin de obra. En principio, este fin de obra calculábase para o ano 2019. En xullo deste ano, 2018, as traballadoras e traballadores foron despedidos por fin de obra, e no seu sitio están a realizar os labores traballadores e traballadoras da empresa Tragsa.

Entón, cábenos preguntar se coñece a Xunta a existencia desta encomenda a Seaga, canto tempo estaba previsto de duración dese contrato, e por que, se presume a finalización nun determinado mes, non se lles comunica o dito feito ás persoas que están exercendo ese traballo. Non sabemos se a Xunta considera axeitado o procedemento de comunicación dun día para outro da finalización dos contratos, como están a facer. E tampouco sabemos se a Xunta é coñecedora do labor que desempeñan as traballadoras e traballadores de Tragsa, que está a ser o mesmo, exactamente o mesmo, que antes estaban desempeñando as traballadoras e traballadores de Seaga.

O día 18 de setembro houbo unha xuntanza da Dirección Xeral de Función Pública, a Consellería do Medio Rural e o xerente de Seaga. Función Pública convocou esta xuntanza por causa da perda da encomenda da extinción de incendios da empresa pública. E di que en vindeiros anos pasará a facerse a través do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais —polo persoal propio da Consellería do Medio Rural—. Isto vai derivar na contratación de aproximadamente uns cincocentos efectivos polas listas de contratación temporal do Decreto 37/2006, modificado polo Decreto 5/2007. E, claro, a este deputado e ao noso grupo parlamentario xórdennos algunhas dúbidas e preguntamos se a perda desta encomenda por parte da empresa pública Seaga vai significar a contratación do cen por cento de persoal da Xunta. Función Pública dinos que posiblemente se vai facer así. Preguntamos se estes cincocentos postos van ser incluídos na RPT de Medio Rural. Función Pública di que posiblemente vai ser así. Preguntámonos se teñen previsto negociar a modificación do decreto só polo tema de Seaga ou se vai ser unha negociación máis aberta que inclúa a outros colectivos e outros aspectos do decreto. A min dáme medo porque vostedes son capaces de puntuar a UME incluso máis que a Seaga.

Procede unha revisión máis profunda do decreto das listas en temas como os ámbitos de chamamento, como a flexibilización nas penalizacións, a valoración de servizos prestados como persoal laboral nos futuros procesos de funcionarización ou a consideración do tempo traballado nas administracións públicas. Señoras e señores do Partido Popular, unha administración pública non pode permitir que parte do seu persoal estea nunha situación laboral como están as traballadoras e os traballadores da empresa pública Seaga.

E, entón, despois de ter esas respostas que deixou caer —aínda que nada por escrito— Función Pública, nós hoxe traemos aquí esta proposición non de lei pola pedimos que se aplique unha subrogación ás traballadoras e traballadores de Seaga incluíndo estas e estes no Servizo

de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e que se recoñeza o tempo traballado en Seaga —tres meses por ano, que vén sendo a tempada de máximo risco, e o que hai que revisar, posto que hai algúns anos nos que esta tempada de máximo risco se ampliou—, á hora de acceder ás listas de contratación da Xunta de Galiza.

E visto que Función Pública, aínda que non escribe nada, nos dá boas palabras, contamos hoxe co apoio de todos os grupos desta Cámara para aprobar esta proposición non de lei.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde.

¡Asombradiños nos teñen! ¡Celeridade! Nunca a Administración foi tan eficiente en tan pouco tempo. Resulta que o ditame da Comisión de estudo dos lumes foi aprobado polo PP e polo PSdeG en sesión plenaria desta Cámara o pasado día 11. O citado ditame, no que se refire ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, contén un apartado, por proposta do Partido Popular, que se resume en nomear unha comisión de expertos que estudará as reformas que se estimen oportunas ou a súa reestruturación.

Para este mester, nin as comparecencias dos especialistas que viñeron á citada comisión dos lumes nin as aportacións dos representantes dos traballadores deste servizo que nos visitan periodicamente para nos expoñer a súa problemática foron dabondo. Unha comisión de expertos sobre outra comisión de expertos. Nós votamos en contra, xa se sabe, por levar a contraria, a pesar de que quixeron contentarnos co caramelo de escoller cada grupo político un dos sabios desta comisión. ¡Mira que non aceptarmos!

Pois iso, que xa deberon escoller os sabios, xa se reuniron, xa estudaron e xa recomendaron, ¡digo eu!, porque hai poucos días a Consellería anuncioulle a Seaga que vai ser esta a última campaña que conte cos seus servizos de extinción. Cerrado por reformas. Si, a mesma Consellería fala dunha reestruturación dos servizos de prevención e extinción sen agardar aos consellos do comité de sabios. Democracia con maiúsculas.

E, claro, o furuncho estoupa, porque os bombeiros forestais das brigadas de Seaga non van ver recoñecidos os servizos prestados para poder optar a entrar no servizo da Xunta cando liquiden e cerren a extinción en Seaga. E deste xeito, e mercé a ese eficiente comité de sabios, o conflito, presente desde hai xa tempo, materialízase en folga porque a afrenta e o desprezo vólvense insoportables. ¿A quen lle interesan os traballadores de Seaga? Por certo, unha folga moi orixinal, co cento por cento de servizos mínimos. Para nós, unha tomadura de pelo. Isto vai ben.

Porque no lume son bombeiros forestais con todas as da lei, ¿ou non? Son 528 homes e mulleres que visten o mesmo EPI, portan os mesmos batelumes, respiran o mesmo fume e desempeñan en igualdade as mesmas funcións. ¡Ai, si, pero non se lles recoñece o tempo traballado para optar ao servizo de prevención e extinción da Xunta! Claro que a semana pasada xa se nos dixo na Comisión 7ª que estaban valorando a posibilidade. ¡Vergoña lle tiña que dar ao Goberno do PP manter esta situación ata o de agora e estar aínda a pensalo! Estarán a meditar nunha baremación equiparable, cando menos a máis vantaxosa dos outros múltiples colectivos aínda en activo: brigadas municipais, Tragsa, privadas e demais variedade do exército de Pancho Villa da extinción. Porque, de non ser feito así, imos toparnos coa situación perversa provocada por unha decisión política de que aos traballadores que puxeron en risco as súas vidas traballando cóbado con cóbado na primeira liña de combate contra os lumes forestais e baixo o mesmo mando, de xeito coordinado polos mesmos responsables, sometidos aos mesmos riscos e aos mesmos sacrificios, a eses e porque si, a Consellería vainos dividir en dúas castes: traballadores de primeira e traballadores de segunda. Todo en función de quen lles fixese o contrato nesa campaña e non do traballo que leven desempeñado na súa vida profesional. De xeito coloquial e para que se entenda ben: se te contratou un distrito forestal, váleme a túa experiencia e puntúocha nas listas; pero se te contratou Seaga nese mesmo distrito e fuches aos mesmos lumes co teu compañeiro da Xunta, a pesar de que compartiches día e noite con el, e os seus traballos, riscos e perigos, non me vale a túa experiencia e non cha puntúo, porque non me dá a gana.

Neste mesmo paquete de irregularidades vai o de estar facendo prevención e ter que mudar de roupa e saír a un lume. Tal e como se presentan os novos lumes en época de risco, é unha temeridade manter este protocolo tal e como está. Pon en risco a integridade destes traballadores e a súa operatividade e efectividade nos lumes. Argumentan que consta nos contratos de Seaga o duplo labor de prevención e extinción, que obriga ao persoal de Seaga a ter que ir á extinción con traballo previo feito. O tope son —creo— 12 horas. ¡¿Cantas veces, cando o lume está duro, cando se fai rebelde, os e as brigadistas superan con creces as horas establecidas?! Pois élles así porque as máis delas teñen o corazón na defensa do monte e pode máis a urxencia do lume que o lombo cangado pola fatiga. Por iso é xusto que lle dean unha volta a esta, digamos, circunstancia, asinada xunto con outras condicións leoninas nun contrato de traballo e nun mercado laboral que é como é.

Aceptemos, pois, tamén que o V Convenio non poida ser aplicable a unha sociedade mercantil e que sexa en exclusiva para persoal da Administración. ¡Vale, ben!, pero as distintas sociedades creadas pola Administración e que non son Administración teñen o seu propio convenio. Poñamos como exemplo Tragsa. Pois vaiamos aí e coloquemos, como nivel mínimo de negociación aceptable e aceptado, as condicións laborais e salariais do V Convenio. É dicir, apliquémosllelo sen llelo aplicar. É de xustiza. Para igual desempeño de funcións e traballos, as condicións salariais e laborais deben ser as mesmas.

Si, xa sabemos que son traballadores. E isto o PP lévao moi mal. Se fosen empresarios, terían o ouro e o mouro. Cuestión de ideoloxía, claro.

Miren, a Consellería do Medio Rural non pode ter dous traballadores que dependan dela e que teñan igual desempeño, funcións e traballo con condicións salariais e laborais distintas;

todo independentemente de que sexa persoal laboral seu ou persoal dunha sociedade mercantil súa. Isto é categorizar os traballadores, en función de quen asine xuridicamente o seu contrato, en traballadores de primeira e de segunda categoría, feito inadmisible nunha administración pública.

O último punto da nosa PNL parece de perogrullo, pero, como sabemos do que son capaces as xentes da dereita rancia con iso *de lo público y las subcontratas*, pois, por se acaso, se o convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural, a Fegamp e Seaga en col das faixas de seguridade vai adiante —que terá que ser doutro xeito e polo ben da saúde dos nosos concellos—, se iso vai adiante, sería lóxico que Seaga contase co persoal que traballa actualmente e se lle ampliase o tempo de traballo. ¿Non lles parece?

E, como remate, hai que apuntar que non debe importarnos que o colectivo maioritario dentro de Seaga sexa o dedicado a incendios. Será ben respectar a equiparación entre traballadores independentemente do seu departamento ou liña de traballo. E deberían quedaren establecidas as bases para cubrir a posibilidade de cambios na estrutura e composición da carga de traballo da empresa. Tampouco debe haber traballadores de primeira e de segunda a nivel interno.

En fin, que teñen a posibilidade de remediar unha situación inxusta a todas luces, unha arbitrariedade maiúscula que non resiste o máis mínimo sentido común. En verdade, di moito esta situación do estilo do Partido Popular administrando o público e o privado, o propio e o alleo, administrar desigual e caprichosamente. Téñeno a punto de caramelo, ¿serán quen de darlle traza?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boa tarde a todas e a todos.

Tamén queremos mandar un saúdo aos traballadores de Seaga que están na tribuna e, loxicamente, ao conxunto dos traballadores de Seaga que hoxe non nos poden acompañar e que non nos acompañan, loxicamente.

Seaga, unha vez máis, é obxecto de debate neste Parlamento. O que sucede é que se prolonga o debate exterior, o debate do propio servizo de prevención e extinción de incendios forestais, o debate que hai no dispositivo sobre os incendios forestais e o debate que existe na propia rúa sobre as condicións de traballo dos traballadores de Seaga.

Esta empresa pública creada pola Xunta de Galicia en 2006 —con doce anos de vida, polo tanto— ocupa o centro deste debate. E non ocupa o centro deste debate por caprichos ou

rabieta do seu persoal. Ocupa o centro deste debate polos dereitos cercenados, mancillados, polos gobernos do señor Rajoy desde o ano 2009, gobernos cheos de prexuízos respecto de todas as decisións do Goberno bipartito presidido polo señor Pérez Touriño. E este é un caso máis deses prexuízos que teñen provocado nos últimos nove anos, nos anos do goberno do señor Feijóo, continuas inxustizas e desprezos cos e coas traballadoras e traballadores de Seaga. *(Aplausos.)*

Estamos a debater os méritos de Seaga como tal, pero tamén e, sobre todo, os deméritos do Goberno cun colectivo ao seu servizo, un colectivo propio da Administración galega. Esta empresa pública de servizos agrarios de Galicia realiza todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias forestais, especialmente en actuacións coa prevención e loita contra os incendios forestais. Forma parte do dispositivo de prevención e extinción dos incendios forestais xunto con outros colectivos, axentes forestais, axentes medioambientais, brigadas da propia Consellería do Medio Rural, brigadas municipais, etc. Forman parte dese dispositivo pero non teñen as mesmas condicións, non traballan en situación de igualdade, non están incluídos no V Convenio, non teñen convenio propio, con diferenzas salariais, precariedade laboral, solapamento dos traballos de prevención e extinción —cos riscos lóxicos que supón e que non repetirei outra vez, como xa dixo algún interveniente anterior—, e sen clarificación das súas propias funcións.

Non quero profundar en múltiples situacións que conclúen poñendo de manifesto unha discriminación e trato vexatorio do Goberno galego con este colectivo. Creo que somos conscientes de que este conflito non pode permanecer indefinidamente, porque afecta substancialmente a un servizo tan necesario, tan imprescindible para Galicia, como é o servizo de prevención e extinción de incendios forestais. Por iso hai que abordar de inmediato aquelas cuestións que afectan a regulación das condicións de traballo do persoal ao servizo da empresa pública Servizos Agrarios Galegos, S.A., facilitando o normal desenvolvemento das súas relacións laborais na empresa. E as cuestións xa están sobre a mesa —xa están hai tempo—, tales como a nocturnidade, os permisos e licenzas, as condicións do persoal de Seaga adscrito a tarefas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, a estabilidade... Lamentablemente, seguimos a esperar polo Goberno mentres o servizo de prevención e extinción de incendios forestais se deteriora cada ano, con Seaga, axentes forestais e medioambientais tamén co seu proceso de difícil situación, as brigadas municipais, e cun goberno inactivo no exercicio das súas competencias en prevención e extinción de incendios forestais e activo, moi activo, nos medios de comunicación xustificando a súa inoperancia.

Diríalle á señora conselleira, señor presidente, que non houbo a trama incendiaria organizada coa que pretendían xustificar a súa ineficacia. O resultado da investigación da Fiscalía foi negativo. Xa non teñen, polo tanto, explicación nin coartada, era unha trama ficticia. Quizais, se a investigación se centrara nas súas competencias en relación co funcionamento e xestión do servizo de prevención e extinción de incendios forestais, os resultados clarificarían onde está a trama real.

O Grupo Socialista ten presentadas dúas emendas, que vou explicar a continuación, referentes ás dúas iniciativas, emendas de modificación a ambas as dúas iniciativas, de En Marea

e do Bloque Nacionalista Galego, que estamos a debater de xeito acumulado. Ambas as dúas emendas son idénticas na súa proposta de substitución.

No primeiro punto propoñemos a reforma do Decreto 37/2006, de listas da Xunta de Galicia, cun triplo obxectivo: primeiro, adecualo ás reivindicacións do persoal laboral temporal; segundo, baremar a experiencia en extinción dos traballadores e traballadoras de Seaga; e, terceiro, posibilitar tamén a baremación doutros colectivos que poidan estar na mesma situación. No segundo punto propoñemos que na reestruturación do servizo de prevención e extinción de incendios forestais se teña en conta todo aquel persoal con experiencia nestes traballos, someténdoos, en todo caso, aos procedementos de acceso á contratación pública previstos normativamente. No terceiro punto propoñemos reunir de forma urxente o comité de empresa de Seaga. E, por último, no cuarto punto propoñemos a adopción do persoal de Seaga no V Convenio.

Señorías, o noso obxectivo é que o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais estea permanentemente activo sen condicionantes que os limiten. Por agora, o Goberno está a outra cousa, non está a isto.

Nós, dende o Grupo Socialista, esperamos que os grupos propoñentes teñan sensibilidade coa nosa iniciativa, coa iniciativa presentada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiros.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi boa tarde a todos.

O Grupo Popular tamén lles manda un saúdo respectuoso aos representantes da empresa Seaga.

É unha lástima que non estea aquí a señora Matilde. Queríalle dicir á señora Matilde Rodríguez que non perda o rumbo e, sobre todo, que non minta, porque si que mentiu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si que mentiu, si que mentiu. Dixo Cercedo e é Cerdedo, dixo 200 e son 170, dixo que desapareceron por arte de maxia e en realidade foron dados de baixa de oficio.

Está moi ben o título da canción que dixo a miña compañeira Paula Prado, pero, se cadra, cambiándolle o nome tamén viña moi ben a conto esa de *«Lola, no me des tormento»*. *(Risos.)*

Señorías, a iniciativa que nos ocupa neste intre xa foi debatida a semana pasada na Comisión de Medio Rural, como ben dixo o señor Rivas. E hoxe, coma a semana pasada e coma sempre, desde o Grupo Popular imos ser claros, obxectivos e rigorosos. Pero, non nos enganemos,

señorías. Como puidemos comprobar nesta e noutras iniciativas anteriores pouco ou nada teñen que ver as iniciativas rexistradas coas exposicións aquí feitas polos grupos da oposición. Señor Rivas, «dereita rancia», «extrema dereita» —o outro día na comisión—, «cuestión de ideoloxía», «depredadores do rural», «axentes de Ence»..., en fin.

Porque, como xa dixemos varias veces neste Parlamento, á oposición impórtalle pouco o esencial das súas iniciativas. E ¿por que? Porque a oposición só actúa conforme unha estratexia de facer ruído, buscar desgaste do Goberno da Xunta e botarlle toda a culpa ao PP.

Si, señorías, a estratexia da oposición consiste en poñerse de acordo e presentar as mesmas iniciativas, practicamente copiadas unhas das outras. O caso é poñerse todos os grupos da oposición en contra do PP, da Xunta de Galicia e de Feijóo. E ¿cal é o *modus operandi*? Moi fácil: alí onde xorde algunha iniciativa, queixa, información ou demanda —que ás veces poden ser perfectamente xustas—, alá van os deputados da oposición a ofrecerse para mostrarlles o seu incondicional apoio, prometer o imposible e ofrecer levar o tema ao Parlamento, invitando as persoas ou colectivos á tribuna para que vexan *in situ* que malo, malísimo, é o PP; e para facerlles ver que, se gobernaran eles, nada diso pasaría, ou que, se algo pasara, sería solucionado de inmediato, en quince ou vinte días antes de que acontecera realmente, tal e como está pasando co actual Goberno do Estado, un claro exemplo do cumprimento, rigor e compromiso. O asunto é o de menos, a normativa tanto lles ten, a tramitación administrativa ¡que máis lles dá!, e o crédito xa se verá. O importante, o verdadeiramente importante para vostedes, señorías da oposición, é venderlle a moto a todo o mundo, darlle a razón en todo, aínda que saiban perfectamente que algunhas demandas son imposibles de asumir por non ser conformes á lei, ao dereito ou ao ordenamento xurídico. Pero iso a vostedes dálles igual. O obxectivo é utilizar esas peticións ou demandas de persoas ou colectivos —insistimos en que moitas veces poden ser perfectamente xustas— para atacar o PP, botarlle a culpa de todos os males, procurar o desgaste da Xunta e intentar deixar quedar mal o seu presidente.

Claro que, estando na oposición, poden exixir todo o que lles veña á cabeza, poden prometer todo o que se lles ocorra, como facían cando estaban na oposición en Madrid. Pero os galegos non son tontos e saben que unha cousa é predicar e outra ben distinta é dar trigo. E agora gobernan en Madrid. E ¿que lles vou dicir? «*Lola no me des tormento*».

Igual pensan, señorías da oposición, que solucionar os problemas dos cidadáns e ocuparse do futuro das cidades consiste en retratarse na bañeira do despacho fumando un puro —«*fumando espero*»—. Igual pensan, señorías da oposición, que se poden atallar os trámites e obviar as cláusulas dos pregos administrativos para comprar uns pisos aos supostos afíns e colaboradores cos cartos do presuposto público á conta dos impostos de todos os veciños —«*consejos vendo que para mi no tengo*»—. Igual pensan, señorías da oposición, que gobernar é facer leis *ad hoc* copiando e pegando iniciativas *cual plagio de tesis doctoral* e abusar do decreto lei.

Gobernar, señorías, é outra cousa ben distinta. Gobernar é actuar con seriedade, con responsabilidade e con sentido común. Gobernar é ser rigorosos, xustos e respectuosos. Gobernar é non prometer o que non se pode facer. Gobernar non pode ser priorizar unhas

persoas sobre outras. Gobernar non pode ser disparar a todo o que se move. Gobernar non pode ser gastar máis do que se ten. Gobernar, señorías, é traballar para toda a sociedade en igualdade, sendo plurais, equitativos, democráticos, e en liberdade. Gobernar significa cumprir as leis, observar as normas e acatar o ordenamento xurídico que nos é común a todos.

E sobre as súas proposicións imos facer as seguintes aclaracións. Primeira puntualización: ¿quen creou a tan deostada Seaga? A empresa pública Seaga foi creada polo Bipartito —PSOE e BNG— cando gobernaban Galicia no ano 2006. Segunda puntualización: ¿cales son as funcións e competencias de Seaga desde a súa creación conforme os seus estatutos? Seaga é unha sociedade mercantil pública autonómica, a cal actúa en consideración de medio propio e de servizo técnico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia atendendo diversas actuacións, pero especialmente destaca a súa intervención na prevención e na loita contra os incendios forestais.

Terceira puntualización: ¿Pódese aplicar o V Convenio único do persoal laboral da Xunta de Galicia ao persoal de Seaga? Tendo en conta o establecido pola Lei de emprego público de Galicia, o persoal das sociedades mercantís públicas autonómicas non se rexe pola dita lei. Ademais, hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data do 23 de febreiro deste ano, que establece: «*El convenio de la Xunta de Galicia no es aplicable a la empresa por impedirlo su ámbito de aplicación, que se limita al personal laboral de la Xunta y de sus organismos autónomos, lo que no es la demandada, que tiene la naturaleza jurídica de sociedad mercantil pública autonómica*».

¿Estase negociando conforme a Lei 16/2010, do 17 de decembro? Era e é vontade da Xunta de Galicia continuar coas negociacións, pero o principal problema é que, unha vez acadados os outros acordos, os incluídos no documento asinado o 17 de outubro de 2017, para mellora das condicións, permisos, licenzas, condicións de traballo do persoal de incendios e estabilidade no emprego impúxose unha situación de bloqueo por parte do sindicato maioritario, a CIG, que non quixo asinar a constitución das comisións de seguimento. Non é, polo tanto, culpa da Xunta que non se avanzase máis na mellora das condicións dos traballadores de Seaga.

Cuarta: piden vostedes eliminar o protocolo que obriga a realizar tarefas de prevención e extinción durante os meses de alto risco de incendios. Está nas accións e nos obxectivos da empresa e nos seus estatutos. E os ditos traballos preventivos son fundamentais para reducir a probabilidade de propagación e facilita notablemente a extinción dos incendios forestais.

Quinta puntualización: en canto a que se lles recoñeza o tempo traballado en Seaga á hora de acceder ás listas de contratación da Xunta, Función Pública xa se reuniu o pasado día 18 de setembro con delegados das centrais sindicais representativas no eido do sector público autonómico para unha proposta de modificación do decreto. Afirmamos, polo tanto, que a Xunta está a habilitar as disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual e que a experiencia dos traballadores e traballadoras de Seaga sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galicia.

Ademais, existe o compromiso por parte da Xunta de manter o volume de traballo para Seaga, xa que desde este ano, mediante a correspondente encomenda —neste caso para tarefas de

prevención durante o período de catro meses—, será no marco do convenio a tres bandas —Medio Rural, Fegamp e Seaga— para o mantemento das faixas de protección de biomasa preto dos núcleos de poboación. Xa que logo, o Goberno galego comprometeuse a manter esta carga de traballo para Seaga. En todo caso, insistimos en que xa está aberto un procedemento negociador cos representantes dos traballadores, e haberá que agardar os seus resultados.

Señor Rivas, se cadra, señorías do BNG e das Mareas de Podemos, podería ser moi bo para os traballadores de Seaga, entre outras moitas, aquelas recomendacións do ditame da Comisión Especial Forestal e de Incendios sobre a creación dun grupo de expertos para mellorar o dispositivo do servizo. Imaxine que eses expertos recomendan que se integraran esas persoas nese servizo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Pero ¿contáronlles vostedes aos traballadores que votaron en contra?

Remato xa.

Creo que, despois da comparecencia do conselleiro de Sanidade, hoxe quedou moi claro que, nos conflitos laborais dos traballadores públicos —sanidade, educación, xustiza, etc.—, quen está dando solucións realistas é o Goberno do PP.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiros.

Polo grupo autor da proposición, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Faltoulle outra canción máis para despedirse ao señor Balseiros.

A verdade é que falou vostede de goberno respectuoso, o do PP. Vostede aquí hoxe fixo unha intervención de todo menos respectuosa. Non sei se tachala de cómica ou de rancia, pero, sobre todo, de indocumentada. *(Aplausos.)* Porque, señor Balseiros, para empezar xa non foi creada no ano 2006, non foi creada no ano 2006, xa que foi creada no ano 1997, no Decreto 266/1997, polo que se aproban uns estatutos da Sociedade Anónima Servizos Agrarios Galegos, Seaga, e firmado por don Manuel Fraga Iribarne como presidente. *(Aplausos.)* En 2006 houbo un decreto que modificou a creación. Entón, primeiro, documéntese. Faltoulles hoxe aquí ás traballadoras e aos traballadores aquí presentes. Moito saudar cando chegan aquí, moito dicir que están vostedes co servizo, o de que «vaia todo por diante», pero despois o único que fan é non atender as súas demandas.

Ademais, se vostedes din que a Xunta está traballando nos mesmos puntos que nós presentamos hoxe nesta proposición non de lei, apróbena. É así de sinxelo.

Falou vostede do ditame da Comisión de Incendios. ¿Saben vostedes cantas veces aparece a palabra «Seaga» nas recomendacións do recen aprobado ditame da Comisión de Incendios? ¡Cero! ¡En 107 recomendacións, cero veces!

En Marea presentou emendas ao ditame desta comisión, que vostedes non aprobaron. En Marea pediu xa nese ditame aplicar unha subrogación ás traballadoras e traballadores de Seaga para metelos dentro do servizo público contra os incendios forestais. Nas emendas emitidas por En Marea ao ditame pedimos recoñecer o tempo traballado desas traballadoras á hora de acceder a listas de contratación. Pero vostedes votaron en contra. Iso é o que lle importa a vostedes Seaga. ¡Cero veces en todo o ditame!

Señor Fernández, respecto das emendas, non aceptamos as emendas. Porque pensamos que a meirande parte dos puntos que vostedes presentan están recollidos xa na nosa proposición non de lei. Hai algunha parte que, para aceptala, teriamos que especificala algo máis, como pode ser o deses colectivos. Porque temos medo que, dándolles cabida a outros colectivos, empresas como Natutecnia ou como Tragsa —que xa se teñen visto cousas peores aquí—, pois entren tamén a puntuar.

E, polo tanto, pola nosa parte nada máis. Señor Balseiros, reconsideren —aínda están a tempo— o seu voto. Se a Xunta está traballando para mellorar as condicións laborais do persoal de Seaga, este é o momento de demostralo.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Balseiros, manteño, aos meus 67 anos de aturar franquismo, posfranquismo, fraguismo e o que hai agora, os mesmos cualificativos que vostede dixo de si mesmos. *(Aplausos.)* E vou recorrer a algo que se cantaba nos anos sesenta e moitos e principios dos setenta en Portugal —e non vou dicir o que se cantaba aquí—. En Portugal cantábase: *«Évos de sempre a mesma melodía, o Salazar e a sua democracia. Com Caetano é a mesma porcaría, mudam as moscas mas a merda não varía»*. *(Aplausos.)*

Con isto, eu pediríalle... *(Murmurios.)* Lamentei moito que vostede non fose ao gran, que vostede non falase do que nos traía aquí. Nós non falamos de aplicar o V Convenio. Vostede debeu de ler unha, digamos, reforma que se fixo das nosas conclusións. Aquí o que se discute é se teñen ou non teñen dereito a seren tratados laboral e salarialmente cun mínimo de equidade e de xustiza os traballadores de Seaga, ¿si ou non? Porque lle vou recordar que o consello de administración de Seaga é paritario entre a Consellería de Facenda e a Consellería do Medio Rural. Ostenta o dereito á presidencia a Consellería do Medio Rural. O director xerente é un executivo. Cortan, por tanto, esas dúas consellerías do Goberno da Xunta o bacallau todo. Son os donos dos cartos e da capacidade política. O que non teñen é capacidade política; cartos, hainos.

Vostedes usan Seaga porque lles é útil, e maltratan Seaga porque foi creada polo Bipartito, aquel goberno que cría no medio rural e no seu futuro, na súa modernidade e na súa utilidade... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(Fortes murmurios.)

O señor RIVAS CRUZ: ¡Non se alporicen, por favor, non se alporicen! ¡Non se alporicen!

O señor PRESIDENTE: É que hai unha contradición aí, ¡oh!

O señor RIVAS CRUZ: Non hai ningunha. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Foi por iso nada máis, unha pequena contradición.

(Murmurios.)

¡Silencio, por favor! ¡Xa está!

O señor RIVAS CRUZ: É que se alporizan. Estamos acabando, non se alporicen ¡caramba!

Miren, nós criamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, claro, eu voulle facer a nosa profesión de fe que seguimos mantendo *et in saecula saeculorum.* Nos cremos na modernidade do medio rural, na súa utilidade para crear emprego e riqueza, fixando poboación, dándolle unha voltiña ao envellecemento demográfico. E para ese fin foi creada, e vostedes encargáronse de deturpala, maltratando, ¡maltratando!, os seus traballadores e traballadoras, manténdoos nunhas condicións laborais e salariais precarias e ofensivas pola comparación na convivencia salarial e laboral.

¡Saian, por favor, fagan o favor! Saían desa rabia xorda que aínda remoen, despois de nove anos, e apliquen ao caso o sentido común. Eu creo que non é moito pedir, ¿ou si?

Non aceptamos tampouco a emenda do Partido Socialista. Sentímolo, pero máis que nada é porque vén sendo o mesmo. É dicir con outras palabras o mesmo. E, polo tanto, apoiamos a PNL de En Marea. E, desde logo, desexámoslle ao Partido Popular que, nas súas negociacións para reestruturar o servizo de extinción sen contar co ditame, sen contar coa comisión de sabios que nos venderon a ver se chegabamos a un consenso —que andan buscando para algo que non podemos consensuar dende o BNG porque é mentira todo o que poñen no ditame, é mentira, e vostedes van a un medio rural produtivista de madeira... *(Un señor deputado:* ¡No!*)*—. ¡Ence! ¡Está aí Ence coa súa bendición apostólica *urbi et orbi*! Sigan nesa bendición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Riva

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá. Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25